



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 606

IX lexislatura

24 de febreiro de 2016

Fascículo 1

## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

###### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

- 47574 (09/PPL-000042)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia [141601](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

###### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

###### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

- 47126 (09/PNP-003418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor do monumento de Santa Eulalia de Bóveda e do seu contorno [141612](#)

- 47133 (09/PNP-003419)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa venda de tecnoloxía e material militar [141616](#)

- 47136 (09/PNP-003420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar os embarazos non desexados, fomentar a igualdade e prever a violencia de xénero, así como garantir unha axeitada educación afectivo-sexual [141619](#)

## SUMARIO

---

- 47158 (09/PNP-003421)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da candidatura para o recoñecemento pola Unesco da Ribeira Sacra como patrimonio cultural da humanidade

[141623](#)

- 47183 (09/PNP-003423)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da rede ferroviaria Ferrol-A Coruña, así como os horarios desa liña e doutras cidades galegas, o desenvolvemento das comunicacións ferroviarias na comarca de Ferrol e a combinación dos diferentes servizos de tren e autobús nela

[141627](#)

- 47190 (09/PNP-003424)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as carencias de persoal facultativo no Centro de Saúde de Caranza, na cidade de Ferrol, a súa dotación dunha consulta de pediatría en horario de tarde e a posta en funcionamento nel dun servizo de atención de urxencias as 24 horas do día, os 365 días do ano

[141630](#)

- 47219 (09/PNP-003425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos produtos sanitarios dispensados polo Sergas

[141632](#)

- 47227 (09/PNP-003426)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da existencia a Audasa do emprego de asfaltado drenante en todo o trazado da AP-9

[141634](#)

- 47241 (09/PNP-003428)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego diante da patronal e os sindicatos para a súa aplicación na negociación colectiva do ano 2016, en relación coa desigualdade salarial de xénero, a violencia de xénero e o acoso laboral, así como a dotación aos polígonos industriais dun servizo de gardaría infantil

[141636](#)

- 47248 (09/PNP-003429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun sistema informático axeitado para os servizos comúns de actos de comunicación e execución das oficinas xudiciais de Galicia, así como a demanda ao Goberno central da implantación dun libro de rexistro xeral en todos os xulgados

[141640](#)

- 47259 (09/PNP-003430)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da implantación do ciclo superior de Vitivinicultura no Instituto de Educación Secundaria O Ribeiro, de Ribadavia

[141643](#)

- 47261 (09/PNP-003431)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria

[141645](#)

- 47276 (09/PNP-003432)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre a modificación pola Xunta de Galicia de toda a normativa necesaria para poder considerar e/ou incluír o uso do aluminio como alternativa ao cobre nas redes de transporte eléctrico

[141664](#)

- 47299 (09/PNP-003433)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas solicitudes de permiso de investigación ou explotación mineira en Galicia, e en particular o proxecto de investigación mineira *Isabela II* nos concellos de Zas, Santa Comba, Coristanco e Vimianzo

[141667](#)

- 47312 (09/PNP-003434)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre a declaración pola Xunta de Galicia da caducidade da concesión mineira outorgada a Erimsa e publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 28 de novembro de 2006

[141669](#)

- 47329 (09/PNP-003435)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar o derrubamento e garantir a conservación, o mantemento e a protección da torre de Taboi, en Outeiro de Rei [141672](#)

- 47331 (09/PNP-003436)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera do Sergas [141674](#)

- 47344 (09/PNP-003437)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego ás escolas infantís, ás escolas unitarias e aos centros rurais agrupados de tabletas que permitan o acceso do alumnado ás novas tecnoloxías [141677](#)

- 47348 (09/PNP-003438)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a liquidación pola Xunta de Galicia do concurso eólico e a implantación dunha nova normativa que permita desenvolver un modelo enerxético de produción baseado nas enerxías renovables con xeración distribuída e autoconsumo [141680](#)

- 47357 (09/PNP-003440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xestación polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas [141682](#)

- 47375 (09/PNP-003441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a cobertura en Ourense das necesidades das persoas con discapacidade física e intelectual cando chegan aos 21 anos de idade [141685](#)

- 47381 (09/PNP-003442)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como «escritor franquista» reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rueiro municipal [141688](#)

- 47386 (09/PNP-003443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e Trenor López, Gonzalo

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote [141692](#)

- 47390 (09/PNP-003444)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias construtivas que presenta o novo edificio xudicial de Ourense [141694](#)

- 47392 (09/PNP-003445)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central para a reposición dos servizos suprimidos, a rebaixa das tarifas e a adaptación ás necesidades dos pasaxeiros da liña ferroviaria entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña [141697](#)

- 47404 (09/PNP-003446)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da valoración das ofertas presentadas no concurso eólico [141701](#)

- 47440 (09/PNP-003447)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito ao aborto en condicións sanitarias dignas no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña a todas as mulleres que deben abortar despois da décimo cuarta semana de xestación [141704](#)

## SUMARIO

---

- 47492 (09/PNP-003448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o derrubamento, salvagardar e conservar o túnel romano de Montefurado, no concello de Quiroga, así como a súa declaración como 'ben de interese cultural' [141706](#)

- 47500 (09/PNP-003449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta pública de emprego presentada polo Sergas para o ano 2016 [141708](#)

- 47506 (09/PNP-003450)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios e 4 máis

Sobre a execución polo Goberno galego na novena lexislatura da programación aprobada no Plan de dinamización turística para o santuario das Ermidas, no concello do Bolo [141711](#)

- 47514 (09/PNP-003451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento, a divulgación e a aplicación da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias [141714](#)

- 47523 (09/PNP-003452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a aplicación ao persoal do Sergas do permiso de tres días por enfermidade, con xustificación médica e sen diminución retributiva [141720](#)

- 47534 (09/PNP-003453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa precariedade laboral da mocidade galega [141722](#)

- 47539 (09/PNP-003454)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección das persoas desempregadas [141725](#)

- 47543 (09/PNP-003455)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a exención aos profesionais da pesca tradicional de Galicia e do resto do Estado do pagamento da taxa de axudas á navegación [141728](#)

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.3. Interpelacións

- 47140 (09/INT-001802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de planeamento familiar [141730](#)

- 47147 (09/INT-001803)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre o proceso para a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade pola Unesco [141733](#)

- 47205 (09/INT-001805)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de proxectos de extracción de ouro a ceo aberto mediante a técnica de utilización de cianuro [141737](#)

- 47218 (09/INT-001806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos produtos sanitarios destinados á súa utilización polas persoas usuarias do Sergas [141740](#)

- 47234 (09/INT-001808)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a eliminación da desigualdade salarial de xénero en todos os convenios colectivos [141743](#)

- 47251 (09/INT-001809)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

- Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis  
Sobre os servizos comúns da Administración de Xustiza [141746](#)
- 47292 (09/INT-001810)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da rede ferroviaria en Galicia [141749](#)
- 47294 (09/INT-001811)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre as explotacións mineiras en Galicia [141752](#)
- 47308 (09/INT-001812)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis  
Sobre os investimentos no tecido produtivo galego [141754](#)
- 47317 (09/INT-001813)  
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Vázquez Díaz, Ramón e 5 máis  
Sobre o sector naval como estratéxico na industria galega [141757](#)
- 47320 (09/INT-001814)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre a xestión das caducidades das concesións mineiras [141759](#)
- 47324 (09/INT-001815)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis  
Sobre o desenvolvemento do Plan eólico de 2010 [141762](#)
- 47333 (09/INT-001816)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis  
Sobre a situación da espera sanitaria en Galicia [141765](#)
- 47361 (09/INT-001817)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e 3 máis  
Sobre o cumprimento da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo na Área Sanitaria da Coruña [141768](#)
- 47388 (09/INT-001818)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Iglesias Sueiro, Carmen  
Sobre a política do Goberno galego en relación coa seguridade e prevención de riscos laborais nos edificios xudiciais [141770](#)
- 47395 (09/INT-001819)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Iglesias Sueiro, Carmen  
Sobre o transporte ferroviario de pasaxeiros [141773](#)
- 47400 (09/INT-001820)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis  
Sobre a atención sanitaria que está a prestar o Sergas nos casos de aborto [141776](#)
- 47444 (09/INT-001821)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre a garantía da atención sanitaria no Sergas ás mulleres que deben abortar [141780](#)
- 47451 (09/INT-001822)  
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Solla Fernández, Eva e 4 máis  
Sobre a atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto [141782](#)
- 47498 (09/INT-001823)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat  
Sobre a política de persoal do Sergas [141785](#)
- 47521 (09/INT-001824)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat  
Sobre a xestión do persoal sanitario [141789](#)
- 47531 (09/INT-001825)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis  
Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de novas tecnoloxías aos centros de ensino [141791](#)
- 47532 (09/INT-001826)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús  
Sobre a precariedade laboral da mocidade galega [141794](#)

### **1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**

#### **1.6.5. Membros do Consello de Contas**

Elección de membros do consello de Contas de Galicia [14160€](#)

#### **1.6.10. Vogais dos consellos sociais das universidades de Galicia**

Acordo do Pleno do Parlamento, do 23 de febreiro de 2016, polo que se designan tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo [14160€](#)

## **4. Informacións e correccións de erros**

### **4.2. Correccións de erros**

Corrección de erros na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016 [14160€](#)

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 22 de febreiro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 47574 (09/PPL-000042)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa, e dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, de igualdade de mulleres e homes, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 22 de febreiro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

###### 1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 47126 (09/PNP-003418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor do monumento de Santa Eulalia de Bóveda e do seu contorno

- 47133 (09/PNP-003419)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa venda de tecnoloxía e material militar

- 47136 (09/PNP-003420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar os embarazos non desexados, fomentar a igualdade e previr a violencia de xénero, así como garantir unha axeitada educación afectivo-sexual

- 47158 (09/PNP-003421)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da candidatura para o recoñecemento pola Unesco da Ribeira Sacra como patrimonio cultural da humanidade

- 47183 (09/PNP-003423)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da rede ferroviaria Ferrol-A Coruña, así como os horarios desa liña e doutras cidades galegas, o desenvolvemento das comunicacións ferroviarias na comarca de Ferrol e a combinación dos diferentes servizos de tren e autobús nela

- 47190 (09/PNP-003424)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as carencias de persoal facultativo no Centro de Saúde de Caranza, na cidade de Ferrol, a súa dotación

dunha consulta de pediatria en horario de tarde e a posta en funcionamento nel dun servizo de atención de urxencias as 24 horas do día, os 365 días do ano

- 47219 (09/PNP-003425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos produtos sanitarios dispensados polo Sergas

- 47227 (09/PNP-003426)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da existencia a Audasa do emprego de asfaltado drenante en todo o trazado da AP-9

- 47241 (09/PNP-003428)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego diante da patronal e os sindicatos para a súa aplicación na negociación colectiva do ano 2016, en relación coa desigualdade salarial de xénero, a violencia de xénero e o acoso laboral, así como a dotación aos polígonos industriais dun servizo de gardaría infantil

- 47248 (09/PNP-003429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun sistema informático axeitado para os servizos comúns de actos de comunicación e execución das oficinas xudiciais de Galicia, así como a demanda ao Goberno central da implantación dun libro de rexistro xeral en todos os xulgados

- 47259 (09/PNP-003430)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da implantación do ciclo superior de Vitivinicultura no Instituto de Educación Secundaria O Ribeiro, de Ribadavia

- 47261 (09/PNP-003431)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria

- 47276 (09/PNP-003432)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito e 7 máis

Sobre a modificación pola Xunta de Galicia de toda a normativa necesaria para poder considerar e/ou incluír o uso do aluminio como alternativa ao cobre nas redes de transporte eléctrico

- 47299 (09/PNP-003433)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas solicitudes de permiso de investigación ou explotación mineira en Galicia, e en particular o proxecto de investigación mineira *Isabela II* nos concellos de Zas, Santa Comba, Coristanco e Vimianzo

- 47312 (09/PNP-003434)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre a declaración pola Xunta de Galicia da caducidade da concesión mineira outorgada a Erimsa e publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 28 de novembro de 2006

- 47329 (09/PNP-003435)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Ron Fernández, José Javier e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar o derrubamento e garantir a conservación, o mantemento e a protección da torre de Taboi, en Outeiro de Rei

- 47331 (09/PNP-003436)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera do Sergas

- 47344 (09/PNP-003437)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis  
Sobre a dotación polo Goberno galego ás escolas infantís, ás escolas unitarias e aos centros rurais agrupados de tabletas que permitan o acceso do alumnado ás novas tecnoloxías

- 47348 (09/PNP-003438)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Sánchez García, Antón e 5 máis  
Sobre a liquidación pola Xunta de Galicia do concurso eólico e a implantación dunha nova normativa que permita desenvolver un modelo enerxético de produción baseado nas enerxías renovables con xeración distribuída e auto-consumo

- 47357 (09/PNP-003440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis  
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no segundo trimestre da xestación polas causas médicas reflectidas na Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo en todo o ámbito do Sergas

- 47375 (09/PNP-003441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a cobertura en Ourense das necesidades das persoas con discapacidade física e intelectual cando chegan aos 21 anos de idade

- 47381 (09/PNP-003442)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Puy Fraga, Pedro  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como «escritor franquista» reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rreiro municipal

- 47386 (09/PNP-003443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e Trenor López, Gonzalo  
Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da apertura do túnel do Parrote

- 47390 (09/PNP-003444)

Grupo Parlamentario Mixto  
Iglesias Sueiro, Carmen  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias construtivas que presenta o novo edificio xudicial de Ourense

- 47392 (09/PNP-003445)

Grupo Parlamentario Mixto  
Iglesias Sueiro, Carmen  
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central para a reposición dos servizos suprimidos, a rebaixa das tarifas e a adaptación ás necesidades dos pasaxeiros da liña ferroviaria entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña

- 47404 (09/PNP-003446)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da valoración das ofertas presentadas no concurso eólico

- 47440 (09/PNP-003447)

Grupo Parlamentario Mixto  
Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito ao aborto en condicións sanitarias dignas no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña a todas as mulleres que deben abortar despois da décimo cuarta semana de xestación

- 47492 (09/PNP-003448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o derrubamento, salvagardar e conservar o túnel romano de Montefurado, no concello de Quiroga, así como a súa declaración como 'ben de interese cultural'

- 47500 (09/PNP-003449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta pública de emprego presentada polo Sergas para o ano 2016

- 47506 (09/PNP-003450)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios e 4 máis

Sobre a execución polo Goberno galego na novena lexislatura da programación aprobada no Plan de dinamización turística para o santuario das Ermidas, no concello do Bolo

- 47514 (09/PNP-003451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento, a divulgación e a aplicación da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias

- 47523 (09/PNP-003452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a aplicación ao persoal do Sergas do permiso de tres días por enfermidade, con xustificación médica e sen dimisión retributiva

- 47534 (09/PNP-003453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa precariedade laboral da mocidade galega

- 47539 (09/PNP-003454)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección das persoas desempregadas

- 47543 (09/PNP-003455)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a exención aos profesionais da pesca tradicional de Galicia e do resto do Estado do pagamento da taxa de axudas á navegación

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.3. Interpelacións

#### Admisión a trámite e publicación

- 47140 (09/INT-001802)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de planeamento familiar

- 47147 (09/INT-001803)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre o proceso para a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade pola Unesco

- 47205 (09/INT-001805)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e 5 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento de proxectos de extracción de ouro a ceo aberto mediante a técnica de utilización de cianuro

- 47218 (09/INT-001806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos produtos sanitarios destinados á súa utilización polas persoas usuarias do Sergas

- 47234 (09/INT-001808)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a eliminación da desigualdade salarial de xénero en todos os convenios colectivos

- 47251 (09/INT-001809)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre os servizos comúns da Administración de Xustiza

- 47292 (09/INT-001810)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da rede ferroviaria en Galicia
- 47294 (09/INT-001811)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre as explotacións mineiras en Galicia
- 47308 (09/INT-001812)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis  
Sobre os investimentos no tecido produtivo galego
- 47317 (09/INT-001813)  
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Vázquez Díaz, Ramón e 5 máis  
Sobre o sector naval como estratéxico na industria galega
- 47320 (09/INT-001814)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre a xestión das caducidades das concesións mineiras
- 47324 (09/INT-001815)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis  
Sobre o desenvolvemento do Plan eólico de 2010
- 47333 (09/INT-001816)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis  
Sobre a situación da espera sanitaria en Galicia
- 47361 (09/INT-001817)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e 3 máis  
Sobre o cumprimento da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo na Área Sanitaria da Coruña
- 47388 (09/INT-001818)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Iglesias Sueiro, Carmen  
Sobre a política do Goberno galego en relación coa seguridade e prevención de riscos laborais nos edificios xudiciais
- 47395 (09/INT-001819)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Iglesias Sueiro, Carmen  
Sobre o transporte ferroviario de pasaxeiros
- 47400 (09/INT-001820)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles e 3 máis  
Sobre a atención sanitaria que está a prestar o Sergas nos casos de aborto
- 47444 (09/INT-001821)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica  
Sobre a garantía da atención sanitaria no Sergas ás mulleres que deben abortar
- 47451 (09/INT-001822)  
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Solla Fernández, Eva e 4 máis  
Sobre a atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto
- 47498 (09/INT-001823)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat  
Sobre a política de persoal do Sergas
- 47521 (09/INT-001824)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat  
Sobre a xestión do persoal sanitario
- 47531 (09/INT-001825)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis  
Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de novas tecnoloxías aos centros de ensino
- 47532 (09/INT-001826)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a precariedade laboral da mocidade galega

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1ª

## 1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

### 1.6.5. Membros do Consello de Contas

#### Elección de membros do Consello de Contas

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 23 de febreiro de 2016, en cumprimento do disposto no artigo 12.1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia elixiu como membros do Consello de Contas de Galicia a:

— D. Constantino Carreiras Souto

— Dª Beatriz Rodríguez Fraga

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### 1.6.10. Vogais dos consellos sociais das universidades de Galicia

#### Acordo do Pleno do Parlamento, do 23 de febreiro de 2016, polo que se designan tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo

O Pleno de Parlamento, na sesión do día 23 de febreiro de 2016, procedeu á elección de tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 79.2 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, e resultaron designadas as seguintes persoas:

— D. Xosé Manuel Atanes Limia

— D. Javier Casares Mourinho

— Dª Mercedes Castro Mouzo

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

#### Corrección de erros na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016

Advertidos erros na publicación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, publicada no BOPG núm. 576, do 23 de decembro de 2015, cómpre facer as oportunas correccións no sentido que se indica a seguir.

#### *Versión en lingua galega (fascículo 2)*

Na páxina 133132, na columna de ‘Explotación’ correspondente a Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A., onde di «19.125» debe dicir «19.410».

Na páxina 133132, na columna de ‘Explotación’ correspondente ao ‘Total’, onde di «264.338» debe dicir «264.623».

Na páxina 133134, na columna de ‘Subvencións de explotación’ correspondente a Xestión do Solo de Galicia- Xestur, S.A., onde di «105» debe dicir «390».

Na páxina 133134, na columna de ‘Subvencións de explotación’ correspondente ao ‘Total’, onde di «18.467» debe dicir «18.752».

#### *Versión en lingua castelá (fascículo 3)*

Na páxina 133708, na columna de ‘Explotación’ correspondente a Gestión del Suelo de Galicia - Gestur, S.A., onde di «19.125» debe dicir «19.410».

Na páxina 133708, na columna de ‘Explotación’ correspondente ao ‘Total’, onde di «264.338» debe dicir «264.623».

Na páxina 133710, na columna de ‘Subvenciones de explotación’ correspondente a Gestión del Suelo de Galicia-Gestur, S.A., onde di «105» debe dicir «390».

Na páxina 133710, na columna de ‘Subvenciones de explotación’ correspondente ao ‘Total’, onde di «18.467» debe dicir «18.752».

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2016

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia**.

### Antecedentes:

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE.

### Exposición de motivos

A Constitución Española, no seu artigo 148.1.20º, establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de asistencia social.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia ten por obxecto estruturar e regular como servizo público, os servizos sociais de Galicia para a construción do sistema galego de benestar.

No artigo 29º do seu Título II sobre a prestación dos servizos sociais, regúlase as formas de prestación dos servizos sociais en Galicia, establecendo que os servizos sociais prestarannos as administracións públicas galegas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público, nomeadamente mediante a modalidade de concerto.

No artigo 33º do mesmo Título II, regúlase o fomento de previsións de índole social na contratación pública establecendo o seguinte:

- Contempla que os pregos de condicións administrativas particulares das licitacións que convoquen as administracións públicas de Galicia en materia de servizos sociais poderán sinalar a preferencia na adxudicación dos contratos ás proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que teñan no seu cadro de persoal un número de traballadoras/es con discapacidade superior ao dous por cento sempre que as ditas proposicións igualem ás máis vantaxosas.
- Nos termos previstos na normativa de contratación pública, os pregos de cláusulas que rexan a contratación dos servizos sociais poden dar preferencia na adxudicación de contratos, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, ás proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.
- Na mesma forma e condicións, poderán establecerse tal preferencia na adxudicación dos contratos relativos a prestación de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro.

Consideramos necesaria unha modificación da Lei de Servizos Sociais de Galicia co obxectivo de potenciar o papel das entidades de iniciativa social na prestación de servizos e dotalas dun novo mecanismo que permita impulsar as relacións entre as

Administracións Públicas e as entidades, á vez que dote dunha maior seguridade xurídica as actividades económicas deste sector.

Para iso, compre establecer o concerto social como modalidade contractual diferenciada da do concerto xeral recollido na norma xeral de contratos do sector público e asemade, establecer os Acordos Marco para a xestión de Servizos Sociais coas entidades que prestan servizos sociais coa finalidade de atender na medida en que sexa posible, á libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate.

Para outra banda, hai que acudir ao Dereito Comunitario e en concreto, á Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE. Dita Directiva recolle na súa consideración 114 que os Estados membros e os poderes públicos seguen tendo liberdade para prestar por si mesmos ou organizar os servizos sociais de maneira que non sexa necesario celebrar contratos públicos, sempre que dito sistema garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación.

Polo tanto, tendo en conta a regulación comunitaria e á vista da lexislación doutras Comunidades Autónomas, na medidas en que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a configuración do sistema propio de servizos sociais, acométese a modificación parcial da Lei de Servizos Sociais introducindo o concerto social como modalidade diferenciada con respecto á modalidade contractual do concerto xeral recollida no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público garantindo á súa vez o cumprimento dos principios informadores da normativa estatal e europea en materia de concertación entre a a iniciativa pública e privada, así como a figura dos Acordos marco para a xestión de servizos sociais coas entidades coa finalidade de atender, na medida en que sexa posible, á libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate.

## **Artigo Único. Modificación da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia**

**Un.** O apartado 1 do artigo 29 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia queda redactado como segue:

### **Artigo 29º.-Formas de prestación dos servizos sociais.**

- Os servizos sociais prestaranos as administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: xestión directa, réxime de concerto previsto nesta Lei, xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, nomeadamente mediante a modalidade de concerto social, así como a través de convenios con entidades sen ánimo de lucro.

**Dous.** O apartado 3 do artigo 33 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia queda redactado como segue:

### **Artigo 33º.-Fomento de previsións de índole social na contratación pública.**

3. Na mesma forma e condicións, poderá establecerse tal preferencia na adxudicación dos contratos relativos a prestacións de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, sempre que a súa finalidade ou actividade teña unha relación directa co obxecto do contrato nos termos previstos na normativa de contratación pública, ou así figure definido no concerto social previsto nesta lei.

**Tres.** Incorporárase un novo artigo 33.bis á Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia que queda redactado como segue:

### **Artigo 33 bis “Réxime de concerto social”**

- As entidades de iniciativa social e privada que ofrecen servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes, poderán acoller ao réxime de concertos nos



termos que establece esta lei. As entidades que accedan ao réxime de concertos sociais terán que formalizar coa administración competente o correspondente concerto.

- A efectos desta lei, enténdese por concerto social o instrumento por medio do cal se produce a prestación de servizos sociais de responsabilidade pública cuxo financiamento, acceso e control sexan públicos a través de entidades de iniciativa social ou privada.
- O réxime de concerto social previsto nesta lei establécese como diferenciado da modalidade contractual de concerto que regula a normativa de contratación do sector público, e non está suxeito á normativa reguladora do réxime de contratación pública, sen prexuízo da aplicación dos seus principios para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.
- No establecemento dos concertos para a provisión de servizos sociais se atenderá aos principios de atención personalizada e integral, arraigamento da persoa na contorna de atención social e elección da persoa. Por iso, se poderán establecer como criterios para a formalización dos concertos, determinadas medidas de preferencia ou medidas de discriminación positiva, criterios sociais, de calidade, de experiencia e traxectoria acreditada, e os que se determinen regulamentariamente, sempre que se garanta a libre concorrència e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.
- Regulamentariamente estableceranse os principios xerais e os aspectos e criterios básicos aos cales se teñen que someter os concertos sociais. Estes aspectos se referirán ao cumprimento dos requisitos previstos nesta lei, á tramitación da

solicitude, a vixencia ou a duración máxima do concerto e as causas de extinción, ás obrigas das entidades que presten o servizo concertado e das administracións públicas que outorgasen o concerto social, á submisión do concerto ao dereito administrativo, número de prazas concertadas e outras condicións.

**Catro.** Incorpórase un novo artigo 33.ter a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia queda redactado como segue:

#### **Artigo 33.ter “Obxecto dos concertos sociais”**

Poderán ser obxecto de concerto social:

- A reserva e a ocupación de prazas para uso exclusivo das persoas usuarias de servizos sociais de responsabilidade pública, o acceso ás cales sexa autorizado polas administracións públicas mediante a aplicación dos criterios previstos na normativa das administracións competentes.
- A xestión integral de prestacións técnicas, tecnolóxicas, servizos ou centros.

**Cinco.** Incorpórase un novo artigo 33.quater a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia queda redactado como segue:

#### **Artigo 33.quater “Efectos dos concertos sociais”**

1. O concerto social obriga ao titular da entidade privada que concerta a prover as prestacións e os servizos nas condicións estipuladas na lexislación aplicable e no prego técnico do concerto social.
2. Non se pode cobrar ás persoas usuarias polas prestacións propias do sistema de servizos sociais de responsabilidade pública ningunha cantidade á marxe do prezo público establecido.

3. As prestacións non gratuítas non poderán ter carácter lucrativo. Aos ditos efectos, regulamentariamente determinarase as condicións que permitan establecer prezos de referencia para as prestacións non gratuítas.
4. O cobro ás persoas usuarias de calquera cantidade por servizos complementarios á marxe dos prezos públicos estipulados terá que ser autorizado pola administración competente.

**Seis.** Incorporárase un novo artigo 33.quinquies a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia queda redactado como segue:

**Artigo 33.quinquies “Requisitos esixibles para acceder ao réxime de concerto social”**

1. Para poder subscribir concertos, as entidades terán que contar coa oportuna autorización administrativa dos seus centros, e coa tramitación da oportuna autorización, declaración responsable ou comunicación previa dos seus servizos, en función de réxime de intervención previsto.
2. Asemade, deberán figurar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, así como cumprir os outros requisitos específicos que se determinen regulamentariamente.
3. As entidades terán que acreditar, en todo caso, a disposición de medios e recursos suficientes para garantir o cumprimento das condicións establecidas para cada servizo, así como o cumprimento da normativa que con carácter xeral ou específico lles sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto de concertación.

4. Aquelas entidades coas cales se subscriban concertos de ocupación ou de reserva de prazas terán que acreditar a titularidade do centro ou a súa dispoñibilidade por calquera título xurídico válido por un período non inferior ao de vixencia do concerto.
5. Para o establecemento de concertos, as administracións públicas darán prioridade, ás entidades sen ánimo de lucro cando existan análogas condicións de eficiencia calidade e rendibilidade social, sempre que en todo caso se garanta a libre concorrència e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

**Sete.** Incorporárase un novo artigo 33.sexies a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia queda redactado como segue:

**Artigo 33.sexies “Duración, modificación, renovación e extinción dos concertos sociais”**

1. Os concertos sociais teranse que establecer sobre unha base plurianual co fin de garantir a estabilidade na súa provisión, sen prexuízo que se poidan determinar aspectos concretos que teñan que ser obxecto de revisión e, se procede, de modificación antes de concluír a súa vixencia.
2. Os concertos poderán ser renovados nas condicións que se establezan regulamentariamente.
3. Unha vez concluída a vixencia do concerto, pola causa que sexa, as administracións públicas terán que garantir que os dereitos das persoas usuarias das prestacións concertadas non se vexan prexudicados pola súa finalización.

**Oito.** Incorpórase un novo artigo 33.septies a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia queda redactado como segue:

**Artigo 33.septies “Formalización dos concertos sociais”**

1. A formalización dos concertos efectuarase mediante un documento administrativo coa forma e o contido que se determinen regulamentariamente.
2. Poderase subscribir un único concerto para a reserva e a ocupación de prazas en varios centros ou para a xestión integral dunha pluralidade de prestacións ou servizos cando todos eles dependan dunha mesma entidade titular. Esta subscrición efectuarase nas condicións que se determinen regulamentariamente.

**Nove.** Incorpórase un novo artigo 33. octies á Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais da Galicia que queda redactado como segue:

**Artigo 33.octies “Acordos Marco para a xestión de Servizos Sociais”**

1. Os órganos de contratación do sector público autonómico poderán concluír acordos marco coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de fixar as condicións ás que haberá de axustarse a prestación de determinados servizos sociais durante un concreto período de tempo.

En particular, o sector público autonómico promoverá a celebración dos acordos marcos aludidos no parágrafo anterior, coa finalidade de atender, de forma prioritaria, e na medida en que sexa posible, á libre elección da persoa destinataria do servizo de que se trate. Para iso procurará a sinatura de acordos marco con entidades prestadoras de servizos sociais.

2. Os contratos baseados nun acordo marco para a xestión de servizos sociais serán contratos de xestión de servizos públicos na modalidade de concerto.

3. Os acordos marco para a xestión dos servizos sociais, así como os contratos baseados nos ditos acordos, réxense polo previsto nesta lei, así como no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e demais normativa de contratación pública aplicable.
4. Para a celebración dos acordos marco regulados na presente lei seguirase o procedemento previsto no artigo 197 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
5. Unha vez concluído o acordo marco para a xestión de servizos sociais, a adxudicación dos contratos nel baseados efectuarase aplicando os termos fixados no propio acordo marco, sen necesidade de convocar as partes a unha nova licitación.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior, no acordo marco preverase, en todo caso, que na adxudicación de cada contrato derivado se terá en conta de forma prioritaria, na medida do posible, a libre elección do usuario ou usuarios destinatarios do servizo de que se trate.

### **Disposición Transitoria**

Dados os principios de atención personalizada e integral, arraigamento da persoa na contorna de atención social, elección da persoa e continuidade na atención e a calidade, os concertos sociais establecerán fórmulas que garantan a continuidade na prestación destes servizos por parte das entidades que os viñan prestando ás persoas

usuarias tanto con anterioridade á publicación desta lei, como cos que se adxudiquen a partir da publicación desta lei.

Mentres non se dite a correspondente normativa de desenvolvemento, prorrogaranse sempre que sexa posible os instrumentos xurídicos vixentes na data de entrada en vigor desta lei.

### **Disposición Derradeira “Entrada en vigor”**

A presente lei entrará en vigor aos vinte días a contar dende o seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 19/02/2016 14:06:14**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Concepción Burgo López, Emilio Vázquez Blanco, Ricardo Vicente Docasar Docasar**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

O monumento de Santa Eulalia de Bóveda está recoñecido como un dos elementos máis senlleiros do patrimonio cultural galego. De orixe tardorromano, a súa configuración arquitectónica e sobre todo as pinturas murais conservadas, lle outorgan un valor artístico fundamental o que se une o enigma que aínda agora supón a súa orixe e funcionalidade que deu lugar a múltiples interpretacións.

A última foi defendida fai pouco tempo nunha documentada tese doutoral, cuxo autor entende que Santa Eulalia é un monumento funerario dun seguidor de Dioniso aínda que afirma que habería de facer máis investigacións do seu contorno para saber se foi un monumento funerario independente, si formaba parte dunha vila ou dunha necrópole, porque en realidade as investigacións nunca tiveron en conta o conxunto, case non se realizaron escavacións e faltan achegas científicas e a súa contextualización co entorno.

A súa propia configuración e localización fai que Santa Eulalia sexa moi delicado e necesite continuos traballos de vixilancia e mantemento para evitar o seu deterioro, traballos que a tenor do que están a dicir os especialistas, a Xunta de Galicia, responsable de Santa Eulalia, non está a facer.

Dende o seu descubrimento en 1926 foron varias as intervencións que se realizaron en Santa Eulalia, algunhas delas moi pouco atinadas todo hai que dicilo, e as últimas foron levadas a cabo a comezos dos anos 90, así como os últimos traballos de conservación, neste caso da cuberta, se realizaron en 2006-2007.



## Grupo Parlamentario

Dende a chegada de Feijoo ao Goberno, a Dirección Xeral de Patrimonio deixou de facer todo tipo de accións de conservación e mantemento a pesares do estado do monumento que empeora co transcurso do tempo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Fai anos que investigadores expertos en Santa Eulalia están a denunciar os graves problemas que sofre, incluso enviando informes á Dirección Xeral de Patrimonio dando conta de seu claro deterioro sen que a Xunta de Galicia, responsable deste ben único, faga absolutamente nada.

Así, en 2011 alertouse por parte de expertos do estado de deficiente conservación de Santa Eulalia. Por unha parte por utilizar métodos de secado ambiental que estaban deteriorando as maravillosas e únicas pinturas, por outra polo agravamento das continuas filtracións de auga que o están deteriorando visiblemente.

Tres anos despois das denuncias e do informe citado a situación de Santa Eulalia non variou, en todo caso empeorou como é visible incluso para un ollo non experto.

Neste momento pode apreciarse que un sillar encima do fénix da entrada está fracturado e desfacéndose, o monumento está invadido pola vexetación e están sen arranxar os problemas das filtracións de auga, das humidades e dos cambios de temperatura que están rompendo as pinturas. Todo isto ante a total pasividade da Xunta de Galicia que ten abandonada esta xoia do noso patrimonio.

Neste magnífico e único monumento non se fixo nada dende que chegou o sr. Feijoo a Xunta de Galicia tal como poñen de manifesto as respostas a preguntas destes deputados, onde a Dirección Xeral de Patrimonio confesa que o único que está a facer é tomar datos e mostras sen realizar ningunha acción de conservación, nin sequera de mantemento.

Santa Eulalia non pode continuar neste estado de abandono e desidia que está poñendo en perigo a mesma supervivencia do monumento e a Xunta de Galicia ten que tomar medidas inmediatas que freen o seu deterioro, ao tempo que è necesario realizar novas investigacións que amplien o noso coñecemento sobre este enclave arqueolóxico, artístico e histórico de tanta singularidade.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar de forma inmediata as accións máis urxentes que permitan solventar os problemas que se manifestan en santa Eulalia de Bóveda
2. Elaborar, como máximo en 6 meses, un plan conxunto e ambicioso de investigación, rehabilitación, conservación e posta en valor de Santa Eulalia de Bóveda e de todo o seu contorno

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López

Emilio Vázquez Blanco

Ricardo Vicente Docasar Docasar

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 12/02/2016 09:53:09**



---

**Grupo Parlamentario**

**Emilio Vázquez Blanco na data 12/02/2016 09:53:26**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 12/02/2016 09:53:32**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 12/02/2016 09:53:38**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno** sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa venda de tecnoloxía e material militar a Arabia Saudita.

Para ONGs defensoras de dereitos Humanos (Human Rights Watch, Amnistía Internacional, Unicef, etc... ) Arabia Saudita é o país que máis atenta contra os dereitos humanos e con menos liberdade relixiosa do mundo.

Non se cansan de denunciar ao réxime saudita por discriminación sistemática contra as mulleres e as minorías relixiosas. Tamén denuncian xuízos inxustos e detencións arbitrarias cuxos delitos, tales como o uso de drogas, a homosexualidade ou o adulterio son castigados dende con pena de morte utilizando métodos tales como a decapitación en público; á flaxelacións ou mutilacións.

Este pasado 2 de febreiro Arabia Saudita executou a 47 reos provocando a condena internacional unánime.

Este tipo de condenas só teñen a repercusión intrascendente do politicamente correcto, e fede a hipocrisía xa que logo, precisamente este pasado verán, ven de ser nomeado un saudita para presidir unha comisión de expertos independentes no Consello de Dereitos Humanos da ONU. E é que existe unha forte relación económica dependente do petróleo desas terras ou de intereses

comerciais de países da Unión Europea ou Estados Unidos que fai que o activismo e a loita polos dereitos humanos pasen a un segundo plano.

Achegándonos a España, tamén en febreiro, transcendía o dato de que Arabia Saudita usa armamento fabricado en España e outros países europeos para bombardear obxectivos civís en Iemen co resultado, segundo Unicef, de unha media de 43 persoas adultas e 10 nenos mortos a causa destes bombardeos cada día.

Asemade, España bateu en 2015 unha nova marca de exportacións militares a Arabia Saudita a pesar de que este país comete crimes de guerra “de forma sistemática e indiscriminada en Iemen”, tal e como denuncia un informe de Nacións Unidas filtrado polo rotativo británico “The Guardian” violando o Tratado sobre Comercio de Armas, así como da Posición Común da Unión Europea, a regulación da OSCE para a venda de armas convencionais e a Lei 53/2007 sobre control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, tal e como denuncian Amnistía Internacional, FundiPau, Oxfam Intermón e Greenpeace nunha carta aberta dirixida ao goberno en funcións da actualidade.

Polo exposto, atendendo a petición de Amnistía Internacional Galiza, formúlase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a garantir que non se produce ningunha exportación de tecnoloxía e material militar a Arabia Saudita que poda ser utilizado en ataques militares directos á poboación civil e en ataques indiscriminados en Iemen ou no mantemento do bloqueo naval dos portos Iemenís que está exacerbando a horrorosa situación humanitaria en Iemen. Isto inclúe o material, a tecnoloxía e os produtos que poidan ser utilizados polas forzas armadas saudíes e dos seus aliados na comisión de violacións graves do dereito internacional dos dereitos humanos e do dereito internacional humanitario”

## GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

---



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/02/2016 10:19  
**Nº Rexistro: 47133**  
Data envío: 12/02/2016 10:19:22.360

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2016

*Asdo.:*

*Carmen Iglesias Sueiro*

*Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Iglesias Sueiro na data 12/02/2016 10:18:09**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, María Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

Hai uns días o Ministerio de Sanidade, fixo públicos os datos das ILE do ano 2014 en España e nas comunidades autónomas. Os datos referentes a Galicia reflicten que o número de mulleres que interromperon o seu embarazo foi de 3.351.

A cifra total en España é de 94.796 e é a menor dos últimos 9 anos, sendo esta a tendencia por diversos motivos: algúns débense á maior utilización da píldora do día seguinte, ao abaratamento do custe dalgunhas pílulas, a atención do planeamento familiar nalgúns centros de saúde, etc.

Destes datos dedúcese tamén que son as mulleres entre 20 e 24 anos, é non as menores de 20, a idade na que se producen máis abortos.

Outro dato importante refírese á utilización de métodos anticonceptivos: hai un 34 % de mulleres que non utilizaron ningún método (nin elas nin a súas parellas) é isto si que é máis frecuente e preocupante.

Esta tendencia no descenso dos abortos en España non se da ao mesmo nivel en Galicia nin é tan regular coma no resto do país. Analicemos algunhas razóns:

- En Galicia non existe a educación sexual nas escolas. Non forma parte do currículo escolar.

Como moito vai algún especialista dar charlas sobre temas relacionados, pero é algo puntual e nun nivel educativo determinado. Isto non é Educación, é simplemente información... A Educación leva consigo a información e o

## Grupo Parlamentario

necesario cambio de actitudes, como isto non se fai, aínda se pensa que na primeira vez non te quedas embarazada, que a marcha atrás é un método seguro, etc.etc.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Elaboráronse materiais didácticos por parte da área sanitaria do Goberno, pero Educación nunca as levou á práctica. A consecuencia é que os nosos mozos e mozas só teñen información por amigos, revistas pornográficas, películas etc.

- Os centros de planeamento familiar estanse a esmorecer porque o Goberno galego non ten o máis mínimo interese en que funcionen: Non se cobren as prazas dos profesionais que quedan vacantes, hai varios COF que non teñen traballador/a social, hai varios COF que só teñen un día á semana consulta xinecolóxica, hai COF que a consulta xinecolóxica faina cada día da semana un profesional distinto, hai profesionais que atenden o COF, o centro de saúde e tamén un centro de saúde mental.

- Non existe un marco normativo. O último no que se detallaban funcións e contidos do servizo e dos profesionais data do ano 1984, o chamado Plan de centros de orientación familiar do Insalud.

Como consecuencia, non se ofertan as mesmas prestacións en todos os centros e non existe igualdade no acceso a estes servizos na mesma comunidade, porque o Goberno do Sr Feijóo non tivo ningunha actuación neste senso.

O Goberno do Sr Feijóo e do PP actúa dunha forma totalmente hipócrita neste campo. É contrario ao aborto, pero non fai absolutamente nada para evitalo.

En resume, os COF, no seu funcionamento actual, non cumpren o principal obxectivo do planeamento familiar que é proporcionar a toda a poboación unha atención integral con unha dimensión educativa, e de promoción da saúde afectivo sexual e non exclusivamente asistencial que é o modelo que defende o Goberno do PP.

Por todo iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as seguintes propostas:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1º) Realizar unha campaña dirixida fundamentalmente ás mozas e mozos durante o ano 2016 co obxectivo de previr os embarazos non desexados e de informar dos recursos sociosanitarios existentes á súa disposición.

2º) Elaborar no prazo de dous meses un proxecto educativo para fomentar a igualdade, previr a violencia de xénero e garantir unha adecuada educación afectivo sexual utilizando as programacións que xa están elaboradas. O proxecto será presentado no Parlamento para o seu debate.

3º) Aplicar ese proxecto, unha vez aprobado, no próximo curso académico para impartir a educación afectivo sexual nas escolas, a educación en igualdade e a prevención da violencia de xénero, facendo as modificacións curriculares que se precisen.

4º) Elaborar de forma inmediata un plan de viabilidade dos centros de planeamento familiar, no que se contemplan as súas prestacións e as funcións dos profesionais, así como a dotación dos recursos necesarios para potenciar os COF.

5º) Incluír nos plans estratéxicos da Administración autonómica todo o referente á saúde afectivo sexual.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2016



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 12/02/2016 10:53:51**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María del Carmen Acuña do Campo na data 12/02/2016 10:54:04**

**Carmen Gallego Calvar na data 12/02/2016 10:54:13**

**María Remedios Quintas Alvarez na data 12/02/2016 10:54:23**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 12/02/2016 10:54:32**


## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada e voceira, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

Xa van dezasete anos dende que en 1999 o Ministerio de Asuntos Exteriores rexistrara a proposta do recoñecemento pola UNESCO, da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, sendo a entrada máis antiga da “listaxe indicativa de bens e sitios excepcionais” propostos correspondente a España.

Esta candidatura leva un longo percorrido ata o día de hoxe:

- En agosto do 1999, o Ministerio de Asuntos Exteriores rexistrou a proposta de recoñecemento de Patrimonio da Humanidade para a Ribeira Sacra.
- En xuño do 2004, o conselleiro Pérez Varela anunciaba un plan director para rehabilitar monumentos e obter así o distintivo da UNESCO para o seguinte ano 2005.
- En xuño do 2011 o presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro tamén anunciaba que quería dar un novo impulso á candidatura.
- Dous anos máis tarde, en setembro do 2013, o presidente da Deputación de Ourense J. Manuel Baltar, mantén unha reunión cos alcaldes para trazar un plan de actuacións para conseguir a Declaración en cuestión de meses.




- Despois de varios meses de competición por atribuírse o mérito, as institucións e administracións interesadas, acordan en decembro do 2013, traballar de xeito coordinado e intenso a favor do proxecto, e acadar o éxito da candidatura.
- Derivado do mesmo, en xullo do 2015 celebrouse un acto no Mosteiro de San Pedro de Rocas no que o Valedor do Pobo entregaba ao Conselleiro de Cultura, Roman Rodríguez, un Informe Técnico elaborado por un equipo de expertos e profesores das universidades galegas. Dito Informe constitúe un estudo profundo da Ribeira Sacra, e servirá de base á Dirección Xeral de Patrimonio para emprender o camiño administrativo da imprescindible declaración de BIC do territorio.

O estudo detalla o grandioso Patrimonio Cultural, a longa tradición de ocupación humana, que unida a súa riqueza medio ambiental e a súa peculiar bioloxía, configuran unha extraordinaria paisaxe que ten o seu máximo esplendor nos Canóns do Sil coa súa característica “viticultura heroica”.

Os recursos desta área xeográfica pertencente ás provincias de Lugo e Ourense, son máis que suficientes para poder optar á Declaración da Unesco, sempre que se dea o paso previo e imprescindible da catalogación da zona como Ben de Interese Cultural, para o que tamén conta con todos os requisitos.

As previsións oficiais apuntaban que a catalogación de BIC tiña que estar feita na primeira metade do ano 2015. Logo apuntouse o segundo semestre do ano, e agora todo indica, que o 2016 tampouco se materializará o remate do proceso, que xa leva dous decenios de trámites nos despachos.

Pola experiencia de proxectos similares, farán falla un mínimo de dous anos máis para ter lista a Declaración de BIC. A elo haberá que sumarlle o tempo que se tome a Unesco para avaliar a candidatura.



Obter esta Declaración é unha cuestión estratéxica e de primeira orde para este territorio composto por 21 Concellos das provincias de Lugo e de Ourense que se atopan entre os máis castigados polo despoboamento demográfico, a principal lacra da Galicia interior.

A distinción do Organismo Internacional poría en valor esta área xeográfica e a rendibilizaría e impulsaría economicamente. A súa posta en valor, sempre baixo criterios de sustentabilidade, produciría unha grande revitalización e un maior desenvolvemento e impulso económico das Provincias de Lugo e Ourense.

É preciso que a Xunta de Galicia exerza a súa responsabilidade e poña todo o seu empeño en axilizar o proceso da declaración do BIC da Ribeira Sacra como condición imprescindible para poder obter a declaración de Patrimonio mundial da UNESCO.

Por todo o anteriormente exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Axilizar o proceso de declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural, como paso previo e necesario para conseguir a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade da UNESCO.
- A comprometerse, implicarse e axilizar a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.
- A crear un equipo profesional propio estábel que dea cobertura a todas as fases da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Cultural da Humanidade da UNESCO.




- A dotar das partidas orzamentarias precisas para axilizar e conseguir que a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade se materialice.”

Pazo do Parlamento a venres, 12 de febreiro de 2016?

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*  
*Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Iglesias Sueiro na data 12/02/2016 12:43:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Nun ano de eleccións véndese que a nosa terra vai acaparar nas infraestruturas ferroviarias o investimento do Estado en 2016. Engaiólanos con futuras inversións no tren da chamada “alta velocidade”, co Eixo Atlántico e os accesos aos portos da Coruña e de Ferrol centrando o groso do investimento público no que tamén se inclúen diversas partidas económicas para melloras na rede viaria e portuaria da comunidade.

Galiza leva sufrindo secularmente os atrasos na construción das comunicacións con respecto a outros puntos do estado, e en Ferrolterra isto xa é gravísimo. Para atraer inversións na aposta industrial e no asentamento da poboación as infraestruturas públicas axudan a vertebrar o territorio. Mais aquí adoecemos do case inexistente transporte ferroviario.

A comarca de Ferrol continúa a sufrir a sangría da crise económica e demográfica e vive de costas con relación a Galiza. E isto tamén se reflexa nas comunicacións.

E nestes días vimos como o deficiente servizo de tren entre A Coruña a Ferrol vai a peor, menos frecuencias e modificación de horarios que fan pouco práctico este servizo. Dende o 1 de febreiro só se pode facer unha viaxe directa entre ámbalas dúas cidades dúas veces en toda a mañá. Sendo un a primeira hora ou ben a última. E detallamos que para facer este traxecto pola mañá hai que facer parada en Betanzos de ata unha hora e media. Son horarios ilóxicos

e xunto coas poucas paradas fan inviable a viaxe por motivos de traballo para atopar as excusas de poder cargarse esta liña.

Cun goberno que dí estar preocupado pola calidade de vida da cidadanía, polo medio ambiente, buscando o sostemento non promova políticas e aposte por este medio.

O trazado que une Ferrol e A Coruña é antigo, foi inaugurado hai máis de 100 anos e con moi poucas modificacións feitas, provocando que a velocidade media do tren sexa moi baixa. Isto supón un problema engadido ao número ínfimo de liñas que unen ambas cidades. Estas prestacións non atraen á cidadanía que opta por outros medios ou polo transporte privado.

Nun momento no que os gobernos acordan falar da redución da contaminación non se entende que non se aposte con rotundidade polo tren como o medio de transporte máis seguro e respectuoso co medio ambiente.

Serían ben acollidas as iniciativas das reformas pertinentes deste trazado favorecendo o aumento da velocidade e o desdoblamento da liña para evitar as limitacións no caso do cruce deles. Outras melloras como a electrificación, a adaptación das estacións, os apeadeiros en puntos da poboación relevantes, estacións intermodais para favorecer o incremento das e dos viaxeiros.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- Convocar a todas as Administracións implicadas á mellora da rede ferroviaria de Ferrol - A Coruña.
- Convocar a Renfe para intentar mellorar os horarios da liña Ferrol - A Coruña e de outras cidades da xeografía galega.



- 
- Promover o desenvolvemento das comunicacións ferroviarias na comarca de Ferrol.
  - Apostar pola combinación dos diferente servizos na comarca de tren e autobus..”

Pazo do Parlamento, a 12 de febreiro de 2016


*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez  
Deputada do GP Mixto do Parlamento de Galicia*

*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**Mónica Fernández Rodríguez na data 12/02/2016 14:30:30**

**María Consuelo Martínez García na data 12/02/2016 14:30:37**



## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

**Mónica Fernández Rodríguez e Consuelo Martínez García**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O barrio de Caranza, que é o máis populoso de Ferrol, cunha poboación duns 11.500 veciños, e conta cun só centro de saúde. As veciñas e veciños veñen denunciando a carencias de persoal facultativo que atende o centro de saúde.

Un dos graves problemas é a falta de pediatra que tras varios cambios, actualmente só consulta de mañá. Isto provoca que se deban acudir ao CHUF en horario de tarde.

Tamén se producen problemas na menciña xeral, con derivación a outras consultas, masificación das consultas e longos tempos de espera.

Para rematar este panorama de precariedade asistencial na comarca de Ferrolterra, lembra que non existe servizo de urxencias as 24 horas do día.

Polo exposto, as deputadas que subscriben, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Solucionar as carencias citadas no Centro de Saúde de Caranza
- A dotar dito centro de saúde dunha consulta de pediatría en horario de tarde.

- 
- A activar un servizo de atención a urxencias as 24 horas do día os 365 días do ano.
  - A aumentar a dotación de facultativos para acabar coa masificación das consultas de medicina xeral.”

Pazo do Parlamento, a 12 de febreiro de 2016


*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez  
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

***Asinado dixitalmente por:***

***Mónica Fernández Rodríguez na data 12/02/2016 15:05:58***

***María Consuelo Martínez García na data 12/02/2016 15:06:05***



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez e María de los Angeles Ferreiro Vidarte**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, no seu artigo 40, apartados 5 e 6, atribúe á Administración xeral do Estado competencias para o regulamento, autorización, rexistro ou homologación, segundo proceda, dos medicamentos de uso humano e veterinario e dos demais produtos e artigos sanitarios. Ao mesmo tempo, o artigo 110 da citada lei encomenda valorar a seguridade, eficacia e eficiencia das tecnoloxías relevantes para a saúde e a asistencia sanitaria.

Por outra banda, a Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional de medicamentos e produtos sanitarios, establece diversas previsións en relación con estes produtos:

- Artigo 2. Punto 4. A prescrición e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios deberá realizarse de acordo cos criterios básicos de uso racional que establece esta lei.
- Artigo 85. Punto 1. A prescrición de medicamentos e produtos sanitarios no Sistema Nacional de Saúde efectuarase na forma máis apropiada para o beneficio dos doentes, ao mesmo tempo que se protexa a sustentabilidade do sistema.

Finalmente o Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios, clasifica no artigo 11 estes produtos en catro categorías I (non invasivo), IIa (invasivo a curto prazo sen efecto significativo sobre o organismo e fluídos), IIb (invasivo a longo prazo sen efecto sobre o organismo) e III (pode comprometer a vida).

## Grupo Parlamentario

Así mesmo segundo o artigo 12, punto 1, só poderán poñerse no mercado e en servizo os produtos que ostenten o marcado CE de garantía de calidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que de forma inmediata:

1. Solucione os problemas detectados nos produtos sanitarios dispensados polo Servizo Galego de Saúde.
2. Modifique os criterios para a adquisición – contratación de produtos sanitarios polo Sergas priorizando a calidade sobre os criterios económicos.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2016

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Carmen Gallego Calvar  
María Quintas Alvarez  
M<sup>a</sup> de los Angeles Ferreiro Vidarte  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

### **Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 15/02/2016 13:12:23**

**Carmen Gallego Calvar na data 15/02/2016 13:12:29**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 15/02/2016 13:12:34**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 15/02/2016 13:12:40**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/02/2016 13:12:48**

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Mónica Fernández Rodríguez** e **Consuelo Martínez García** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é unha das comunidades autónomas nas que máis chove. Unha das principais razóns destas frecuentes precipitacións é a súa situación xeográfica. Debido á rotación da Terra, a circulación xeral da atmosfera vai de oeste a este, polo que a maior parte das borrascas que se xeran no Atlántico entran na Península xusto por Galiza.

O oeste da Comunidade rexistra os valores máis altos de precipitación, debido a maioría das fronteas que afectan a Galicia teñen a súa orixe no Atlántico, con ventos de compoñente suroeste que adoitan deixar cuantiosas precipitacións na franxa atlántica. Así, Compostela e Vigo son as zonas máis chuviosas do país. A suma dos días de chuva en Galiza achégase aos 150 en áreas do noroeste.

A visibilidade se reduce cando chove, o que complica a condución de vehículos rodados. A distancia de freado duplícase no solo mollado respecto ao solo seco e ademais existe o risco de sufrir aquaplaning.

Sen embargo, a pesar de ser a franxa atlántica a zona máis chuviosa da península, nos últimos tempos vense empregando no asfaltado da Autoestrada AP-9 entre Tui e Ferrol asfalto non drenante que está a ter graves

---

consecuencias en relación á seguridade viaria, ante a inacción, tanto da Administración do Estado, como da Xunta.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do estado para que esixa á concesionaria AUDASA a utilización de asfaltado drenante en todo o trazado da AP-9 de xeito que se garanta a seguridade viaria.”

Pazo do Parlamento, a 15 de febreiro de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez  
Deputada do GP Mixto do Parlamento de Galicia*

*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**Mónica Fernández Rodríguez na data 15/02/2016 13:30:37**

**María Consuelo Martínez García na data 15/02/2016 13:30:44**



## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Consuelo Martínez García** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia que non se restrinxe a unha cultura, idade, clase social, rexión ou país: a violencia contra as mulleres ten carácter estrutural e é produto da desigual relación de poder entre sexos.

60 mulleres foron sido asasinadas no estado vítimas da violencia machista, o que supón dúas vítimas mortais que en 2014. Dende que arrincou a actual lexislatura 215 mulleres foron vítimas de feminicidio.

O derradeiro asasinato tivo lugar en Galiza, no concello de Mos, o 29 de decembro, cando unha muller de 69 anos perdía a vida a mans do seu home, a pesar de telo denunciado por malos tratos físicos y psíquicos habituais no mes de outubro. Tras a toma das declaracións testificais, as dilixencias transformáronse nun xuízo de faltas por insultos durante o que a muller retirou a denuncia, sendo o caso arquivado.

Os 60 feminicidios de 2015 superan os 54 rexistrados en 2014 e 2013 e os 52 que se produciron 2012. Tamén, foron vítimas de violencia machista seis nenos e nenas no estado, dous deles, Candela e Amaya, en Galiza.

En termos absolutos, a comunidade autónoma máis castigada pola violencia de xénero este ano foi Andalucía, con 12 vítimas, seguida da Comunitat Valenciana con 10 feminicidios e, en terceiro lugar Galiza cun total de 7

1



mulleres asasinadas. Isabel, Divina, Concepción, M<sup>a</sup> José, Beatriz, Silvina, e Marina, oito vítimas máis do machismo ante a indolencia dos gobernos estatal e galego.

Segundo os Orzamentos Xerais do Estado consolidados de 2015, el goberno do estado empregou en actuacións para a prevención integral da violencia de xénero un total de 24 millóns de euros no 2012, 22 millóns no 2013, outros 22 millóns no 2014 e 24 millóns en 2015. Para 2016 prevé destinar 25,22 millóns, cantidade inferior aos 32 millóns de 2010 ou aos 30 millóns empregados en 2011.

Pola súa parte, a Xunta, despois dun dramático 2015 permítese, neste ano 2016 conxelar o orzamento destinado á loita contra a violencia de xénero e as políticas de igualdade.

Tanto os orzamentos do estado como os da Xunta incumpren as recomendacións do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller de Nacións Unidas (CEDAW), que no seu informe do mes de xullo do pasado ano denunciaba a deterioración dos servizos de protección e atención ás mulleres vítimas de violencia e instaba o Goberno a reforzar e ampliar o investimento e a protección social das mulleres vítimas e a aumentar os recursos para a loita contra a violencia de xénero e a igualdade de xénero.

Non é posible rematar cos feminicidios sen dotacións orzamentarias que desenrolen programas non só de detección da violencia de xénero e protección das vítimas, tamén é necesario desenrolar programas de prevención e educación en igualdade.

E para educar en igualdade é fundamental que todas as actuacións do goberno vaian dirixidas a conseguir a igualdade real entre homes e mulleres. Hai que seguir avanzando, o recoñecemento da discriminación de xénero e da repulsa da violencia machista non pode quedar só en lamentacións públicas, campañas institucionais, minutos de silencio, ... É hora de levar a efecto a legalidade e

adoptar medidas concretas que non deixen dúbida sobre o compromiso do goberno coa igualdade de xénero.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Convocar a patronal e sindicatos instándolles a eliminar na Negociación Colectiva de 2016 a desigualdade salarial de xénero de todos os Convenios que corresponda negociar ou revisar no presente ano.
2. Instar á patronal galega para que aqueles convenios que non corresponda negociar ou revisar no 2016, sexan revisados co obxectivo de eliminar a desigualdade salarial de xénero.
3. Instar á patronal a recoller na Negociación Colectiva ou acordos de empresa as recomendacións recollidas na “Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a Negociación Colectiva” adoptando canto antes as medidas relativas á prevención e loita contra a violencia de xénero e o acoso laboral.
4. Instar á patronal a dotar todos os polígonos industriais de Galiza dun servizo de gardería infantil para os traballadores e traballadoras do mesmo durante a súa xornada laboral.
5. Excluir da publicidade que se emita na RTVG toda aquela que transmita estereotipos de xénero.”

Pazo do Parlamento, a 15 de febreiro de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

***Asinado dixitalmente por:***

Parlamento De Galicia | PNP

**GRUPO MIXTO**


PARLAMENTO DE GALICIA

---



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2016 16:30**  
**Nº Rexistro: 47241**  
Data envío: 15/02/2016 14:14:17.257

***María Consuelo Martínez García na data 15/02/2016 14:13:55***



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, José Luis Méndez Romeu, Emilio Vázquez Blanco, M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés, Ricardo Vicente Docasar Docasar e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Na Coruña hai unha oficina xudicial que, como na maioría dos xulgados das 7 cidades, é a encargada de realizar os actos de comunicación e as execucións; nela traballan 25 funcionarios/as. A denominación desta oficina é SCACE (Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución) e a ninguén se lle escapa que o seu traballo é fundamental para o funcionamento e a axilidade na tramitación dos procedementos.

Mais a principal ferramenta de traballo nesta oficina, din os propios funcionarios e funcionarias, é o bolígrafo: só hai 5 ordenadores para os 25 e que só funcionan como máquinas de escribir, non existe un libro de rexistro xeral de todos os xulgados, non hai programa informático algún, tampouco base de datos das dilixencias que se practican en relación a persoas e lugares. A única base de datos real é a do rexistro manual co bolígrafo e do que, por suposto, non queda nada gravado. E non é necesario lembrar que non existiron cursos de formación algúns.

E iso que a media anual desta oficina é de 40.000 a 45.000 actos de comunicación, é dicir, estes 25 funcionarios e funcionarias fan a entrega persoal de máis de 40.000 documentos ao ano, en máis de 40.000 domicilios, coa única axuda da súa memoria para determinar se nese domicilio vive ou non a persoa citada. Porque, como non hai base de datos específicos, o traballo estase a repetir unha e outra vez.

Un dato a ter en conta é que o partido xudicial de A Coruña ten unha poboación total de 374.967 habitantes, 102 unidades xudiciais, 7 municipios (Cerdeira, Carral, Culleredo, Cambre, Oleiros, Arteixo e A Coruña como cabeceira de partido) e unha superficie de 437 quilómetros cadrados.

## Grupo Parlamentario

Ocorre que, nestes tempos que corren, podería ser moi útil ter unha base de datos sobre as execucións porque así se podería cruzar datos, por exemplo, de embargos e impagos de débeda, a efectos dos desafiuzamentos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar un sistema informático axeitado para os servizos comúns de actos de comunicación e execución da nosa Comunidade Autónoma.
2. Esixir do Goberno do Estado a implantación dun libro de rexistro xeral de todos os asentos dos xulgados.
3. Dotar aos servizos comúns de actos de comunicación e execución da nosa Comunidade Autónoma de bases de datos das dilixencias que se practican en relación a persoas e lugares e, especificamente, de bases de datos sobre execucións, co fin de poder cruzar datos de embargos e impagos de débedas, a efectos dos desafiuzamentos.
4. Impartir cursos de formación para todos e todas os traballadores e traballadoras deste servizo.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Emilio Vázquez Blanco  
M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
Ricardo Vicente Docasar Docasar  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2016 16:27:19**

**Emilio Vázquez Blanco na data 15/02/2016 16:27:25**

**María Soledad Soneira Tajés na data 15/02/2016 16:27:31**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/02/2016 16:27:41**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/02/2016 16:27:47**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/02/2016 16:27:53**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputada, **César Fernández Gil, Agustín Baamonde Díaz, Moisés Blanco Paradelo, Maite Cancelo Márquez, Sandra Devesa Bouzas, Hipólito Fariñas Sobrino, Antonio Mouriño Villar e Ramón Santos Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### **Exposición de motivos**

No curso académico 2012-2013 produciuse a implantación no IES O Ribeiro do Ciclo medio de FP Aceites de oliva e Viños. Dende ese momento o centro foise dotando das instalacións físicas necesarias: aulas, laboratorios, servizos comúns, unha adega e unha viña necesarias no ámbito da formación vitivinícola. Con estas instalacións xa melloradas, a posibilidade de implantar un Ciclo Superior de Vitivinicultura parece cada vez unha realidade máis próxima, xa que non se precisaría maior dotación de persoal auxiliar e de servizos, e en canto ao persoal docente, o xa destinado neste centro para o ciclo medio existente, podería exercer nesta nova oferta educativa polo que apenas se incrementaría o profesorado actual.

Cómpre salientar tamén a importante demanda social existente na comarca do Ribeiro e na provincia de Ourense dun ciclo destas características, xa que estamos a falar dunha provincia que concentra a catro das cinco denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a implantación do ciclo superior de vitivinicultura

no IES O Ribeiro de Ribadavia.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/02/2016 16:46:00**

**César Manuel Fernández Gil na data 15/02/2016 16:46:10**

**Agustín Baamonde Díaz na data 15/02/2016 16:46:16**

**Moisés Blanco Paradelo na data 15/02/2016 16:46:25**

**María Teresa Cancelo Márquez na data 15/02/2016 16:46:32**

**Sandra María Devesa Bouzas na data 15/02/2016 16:46:40**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 15/02/2016 16:46:50**

**Antonio Mouriño Villar na data 15/02/2016 16:46:58**

**Ramón Santos Pérez na data 15/02/2016 16:47:05**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu portavoz **Xosé M. Beiras Torrado** e de **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

#### A/. CRÓNICA DOS FEITOS

I. O proceso conducente á construción dun novo complexo hospitalario público en Vigo foi encetado en 2006 polo goberno de coalición entre o PSdG-PSOE e o BNG na Xunta de Galiza (o chamado goberno 'bipartito'), presidido por don Emilio Pérez Touriño.

O modelo escollido foi o contrato de obra pública (art.6 da Lei 30/2007) coa fórmula de colaboración entre Autoridades Públicas e financiamento tamén público. Así, o 7/III/2006 asínase un Convenio marco de cooperación entre a Xunta de Galiza (Consellerías de Sanidade e Política Territorial), o SERGAS e o Concello de Vigo, para a construción dun novo hospital de Vigo (NHV) e a dotación das suas infraestruturas. Posteriormente, elabórase o correspondente Proxecto Sectorial (2007) e asimesmo o proxecto arquitectónico básico (2008), que aprobará o consello da Xunta o 12/II/2009. O correlativo Plan Económico Financeiro específico, para o financiamento da infraestrutura hospitalaria a cargo da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, dependente da Consellería de Economía e Facenda, fora aprobado polo consello da Xunta días antes, o 5/II/2009.

Celebradas pouco despois eleccións lexislativas ao Parlamento de Galiza, accede á Xunta un goberno do Partido Popular presidido por don Alberto Núñez Feijóo. O novo goberno dálle unha virada ao ulterior desenvolvemento do Proxecto do NHV, que deforma, desnaturaliza e reduce o proxecto orixinario aprobado polo goberno da Xunta precedente. Suplanta o modelo do contrato *de obra* pública e Colaboración entre Autoridades Públicas establecido no convenio marco de 2006, por un modelo de contrato *de concesión* de obra pública (art.7 da Lei 30/2007) . Remuda, adulterándoo, o modelo de financiamento e xestión pública contido no Plan Económico-Financeiro aprobado pola Xunta no 5/II/2009. E modifica o Plan Funcional e a Ordenación Integral da Área Sanitaria operando unha drástica redución do proxecto hospitalario aprobado pola Xunta no 12/II/2009 -reducións que serán unilateral e impunemente ampliadas e agravadas pola concesionaria do proxecto, e por certo denunciadas pola Dirección de Recursos Económicos do propio SERGAS, en informe de maio do 2012

II. O procedemento de 'modificación' do proxecto redonda nunha 'adulteración' porque, que saibamos, nen se anula e substitúe por outro o orixinario Convenio asinado o 7/III/2006, nen tampouco o tamén orixinario Proxecto sectorial aprobado pola Xunta 'bipartita' o 12/II/2009. O que fai o novo 'goberno Núñez' é, primeiro, por Acordo do Director de Recursos Económicos do SERGAS (Resolución do 15/I/2010) substituír o Estudo de Viabilidade preceptuado no art. 112.1 da Lei 30/2007 por un simple Estudo de Viabilidade Económico-Financeira previsto no aptdo. 6 dos mesmo artigo e Lei, e, segundo, facer uns pregos 'ad hoc' de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares para a contratación da *concesión* do NHV aprobados polo Director Xeral da División de Recursos Económicos o 5/V/2010. E velaí que comezan as trapelas.

O art. 112 da Lei 30/2007 regula o 'Estudio de viabilidade'. No seu aptdo. 1 preceptúa que "*con carácter previo á decisión* de construír e explotar en rexime de *concesión* unha obra pública, o órgano que corresponda *da Administración concedente acordará a realización dun estudio de viabilidade* da mesma". Un estudio *completo* (cuxos contidos temáticos enumera o punto 2 do artigo), para o cal o aptdo. 3 do mesmo artigo impón á Administración concedente dúas obrigas importantes: 1º, *sometelo "a*

*información pública polo prazo de un mes, prorrogable por idéntico prazo en razón da complexidade do mesmo"; e 2º, darlle traslado "para informe aos órganos da Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e Entidades Locais afectados cando a obra non figure no correspondente planeamento urbanístico".*

*A Xunta eludiu eses requisitos facendo uso dunha excepción prevista no punto 6 do mesmo art. 112 : "A Administración concedente *poderá acordar motivadamente a substitución do estudio de viabilidade ao que se refiren os apartados anteriores por un estudio de viabilidade económico-financeira cando pola natureza e finalidade da obra ou pola contía do investimento requerido considerara que iste é suficiente*".*

Agora ben:

1º, *a natureza e finalidade da obra* non era algo tan simple e 'neutro' como construír un aparcadoiro ou un treito de estrada, senón algo tan complexo e delicado como un grande complexo hospitalario do *ou para o SERGAS*, e nun eido dos servizos públicos tan sensíbel como *é a saúde* dos cidadáns e os servizos sanitarios.

2º. *a contía do investimento requerido* comprometía unhas cifras descomunais de fondos públicos. Vexamos as máis relevantes. O orzamento licitado polo SERGAS para o hospital ascendía a 374.371.630 € (con IVE). O importe previsto dos canons a pagar anualmente durante 20 anos á concesionaria (por aluguer do edificio e por servizos non clínicos, poisque os clínicos correrían a cargo do SERGAS) ascendía a 1.414.067.091 € (co IVE) -dos que 659.561.032 € serían o 'canon de construción' ou aluguer do edificio construído pola concesionaria.

Á vista do devandito encol da natureza e finalidade da obra e da contía do investimento, resulta evidente que, no proxecto do NHV, de ningún xeito se daban as dúas condicións requiridas polo art. 112.6 para eludir a realización do estudio de viabilidade completo coas condicións esixidas nos aptdos. 2 e 3 dese mesmo artigo. Daquela xurde o interrogante: cómo é posible que a Xunta, para un proxecto público de semellante complexidade e envergadura financeira, primeiro adulterase o modelo orixinario de contrato de obra pública (COP) mediante colaboración de autoridades públicas e financiamento orzamentario, para substituílo polo de contrato de *concesión* de obra pública (CCOP) e logo, non satisfeita con iso, se

acollese á excepción do 112.6 prevista para a concesión de obras sinxelas con investimentos de escasa contía e eludir así a realización do informe económico financeiro completo preceptuado no art. 112.1 e 2 cos requisitos de información pública e control institucional esixidos no 112.3?.

A clave do enigma está no seguinte. A Xunta do PP, a comezos do 2010, sabía que o goberno central do Estado, aínda presidido polo Sr. Zapatero, preparaba o que ía ser o RD-L 8/2010, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público. O art. 16 dese RD-L esixía ás Administracións territoriais que, antes de autorizar un contrato de colaboración público privada (CPP) ou de *concesión* de obra pública, solicitasen do Ministerio de Economía y Hacienda un informe preceptivo e avencellante a respecto das súas repercusións orzamentarias e compromisos financeiros e a súa incidencia no cumprimento do famoso 'obxectivo de estabilidade orzamentaria'.

Ese RD-L 8/2010 aprobaríase o 20 de maio do 2010. Pois ben, o 15 de xaneiro, como xa dixemos, o Director de Recursos Económicos do SERGAS resolve utilizar a 'vía abreviada' do estudio de viabilidade. E a partir de aí comenza unha carreira de 'tramitación exprés' desa 'abreviatura de estudio' na administración autonómica: un exercicio ximnástico de axilidade burocrática sen precedentes seguramente na historia da CAG. Imediatamente, a consultora transnacional PwC entrega á Xunta o estudio de 'viabilidade abreviada' -que probablemente tiña elaborado xa cando o Director de Recursos do SERGAS decide esa exemplar 'simplificación de trámites administrativos', pois que doutro xeito non se entende como esa consultora, por moi transnacional que for, podería elaborar un estudio solvente, por moi abreviado que for tamén, dun proxecto de tal envergadura nos cinco días que median entre o 15 e o 20 de xaneiro. Pois que o 20 de xaneiro, a dirección do SERGAS xa somete o expediente a exposición pública -por un mes. O 8 de abril, o Asesor Xurídico do SERGAS eleva o expediente á Dirección Xeral da Asesoría Xurídica da Xunta. O mesmo día 8 a subdirectora xeral de Investimentos remite a memoria xustificativa, e na mesma data redacta a memoria económica. O 3 de maio o Director de Recursos Económicos eleva o expediente á Intervención Xeral, requisito previo para poder levalo a seguida ao Consello da Xunta. O 5 de maio o Xefe de gabinete de Asesoramento e Apoio á Actualización Normativa resolve aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de

prescricións técnicas tamén particulares, e noutro documento do mesmo día emite informe favorábel aos ditos pregos. 'Item máis', no mesmíño día, 5 de maio, teñen entrada na Intervención Xeral os devanditos pregos con tódolos informes anteriores. A Interventora Xeral de entón, dona Elena Muñoz Fonteriz, nun alarde inimitábel de eficaz celeridade e lectura rápida, estuda toda esa documentación e nese mesmo día 5 de maio emite informe favorábel. (Posíbelmente por eses méritos sería posteriormente Conselleira de Facenda e, inda máis logo, candidata á alcaldía de Vigo e actual concelleira polo PP na oposición municipal desa cidade). Dese xeito, o 6 de maio de 2010 o Consello da Xunta pode autorizar, e autoriza, o expediente para a 'contratación da concesión de obra pública' do NHV: faltaban 14 días para a entrada en vigor, o 20 de maio, do RD-L 8/2010 que non só tería imposibilitado 'saltarse' o estudio de viabilidade completo, senón que tería requerido informe previo do Ministerio de Facenda do goberno central do Reino de España -e o acendrado patriotismo español dos actuais inquilinos da Xunta de Galicia non dá para tanto, e menos se está en xogo o consabido *bussiness*.

III. En decembro dese mesmo ano, a Dirección de Recursos Económicos do SERGAS (resolución do 10/XII/2010) acorda a adxudicación provisoria do contrato de concesión de obra pública a unha agrupación de licitadores formada por varias SA, para a realización do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do NHV. Seguidamente, en escritura do 4/I/2011, as mesmas SA integrantes da devandita agrupación de licitadores constituen a 'Sociedad Concesionaria Novo Hospital de Vigo S.A.' (SCNHVSA), cun capital social de 31.523.000 €, do que farán un desembolso inicial na constitución seguido de sucesivos dividendos pasivos, até completar o capital desembolsado o 16/10/2013. Aos poucos días da súa constitución, acórdase a adxudicación definitiva da concesión á SCNHV (Resolución do 19/I/2011) . Os integrantes desa SCNHV serán: Acciona S.A., Puentes y Calzadas Grupo de Empresas S.A., Concessia Cartera y Gestión de Infraestructuras S.A., Altair Ingeniería y Aplicaciones S.A. e Obras Caminos y Asfaltos S.A.

Mais, a partir de aí, o proceso de execución do proxecto contratado pasaría por unha sucesión de peripecias que poñerían en evidencia eivas e deficiencias tanto técnicas coma financeiras da sociedade concesionaria,

que redundarían ao cabo nun palmario incumplimento de facto das condicións estipuladas no contrato da concesión. De xeito que, por riba das amputacións ou reducións operadas polo propio novo goberno da Xunta no proxecto finalmente licitado e adxudicado, a respecto do proxecto orixinario aprobado polo goberno precedente, e máis das efectuadas pola súa conta, unilateralmente, pola concesionaria, inda así tampouco foron cumpridas as condicións estipuladas na concesión da obra pública do novo hospital á SCNHV.

En primeiro lugar, o prazo estipulado para a construción do complexo hospitalario. Ese prazo era de 31 meses a contar dende a acta de comprobación de replanteo. O levantamento desa acta tivo lugar o 24 de xuño de 2011, mais, simultaneamente, xa se acordou con esa mesma data unha primeira moratoria: suspender o comenzo do cómputo do prazo de execución por un máximo de tres meses. O prazo efectivo pasaría así a ser de 34 meses. Mais nin así foi cumprido. A recepción da obra civil formalizouse en acta do 28/IV/2015, é dicir, aos 46 meses do comenzo do cómputo dos 31 establecidos como máximo: 15 meses de retraso, ou sexa, máis de un ano por riba dos dous anos e medio estipulados ou, dito doutro xeito, case esactamente a metade máis do tempo máximo acordado na concesión -o tempo engadido que tería sido necesario para executar un proxecto de envergadura vez e media meirande. Non é preciso moito esforzo para comprender que, en condicións normais de control por parte da Administración concedente, sería un retraso máis que abondo para rescindir a concesión por incumplimento flagrante do compromiso adquirido pola concesionaria. Pois a Xunta nen sequer rechistou.

Mais se iso aconteceu co prazo de execución comprometido, algo peor aínda ocorreu coas condicións de financiamento. No contexto da crise financeira daquela xa en curso, a Xunta tiña que ser consciente dela, e por tanto, á hora de adxudicar a concesión, asegurarse de que os socios da concesionaria dispuxesen de financiamento interno abondo ou de garantías firmes de obteren o financiamento externo necesario para afrontar a execución do proxecto. Non foi así, senón que varios socios da SCNHV entraron en situación financeiramente crítica. Obras Caminos y Asfaltos presenta concurso de acreedores en 2013, e a súa participación na SCNHV ten que ser asumida polos demais socios. Concessia Cartera y Gestión de Infraestructuras, padece as consecuencias da súa condición de socia

financeira propiedade das Caixas de aforro españolas -esfuracadas por buratos negros derivados da especulación temeraria e quebradas. Como consecuencia, por unha banda, as obras paralizáronse ou reducíronse a un simulacro de actividade, co conseguinte retraso xa sinalado. Mais, por outra banda, ao cabo tivo que facer de bombeiro financeiro o goberno da Xunta, e xestionar a concesión dun empréstimo do Banco Europeo de Investimentos (BEI). Ou sexa, o goberno que remudara a fórmula xurídica e financeira inicial do proxecto para que o financiasse o capital privado, e así non comprometer fondos públicos, acaba por ter que acudir en auxilio da concesionaria e recabar para ela do BEI o préstamo que non recabou para un convenio de colaboración entre autoridades públicas -inda máis grave se resultase que a Xunta prestou asistencia financeira á concesionaria.

## B/ AS TRAPALLEIRAS TRANSGRESIÓNS DA LEGALIDADE VIXENTE.

Constitúen os fundamentos xurídicos da denuncia interposta perante a Comisión da UE pola Asociación pola Defensa da Sanidade Pública en setembro do pasado ano 2015, e que o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE) asume e vai reproducir de xeito abreviado nesta exposición de motivos.

Trátase, en síntese, de cinco eidos ou dimensións nos que o contrato de concesión administrativa para o proxecto do NHV infrinxe ou cando menos non se adecúa á normativa da UE que configura o Dereito da Unión. E permítasenos expresar o abraio que suscita esa vulneración por parte dun goberno autónomo que incesantemente proclama o seu europeísmo e fai gala de ser fidel cumpridor dos consabidos 'compromisos con Europa' -enténdase, coa UE- e obediente executor das normas xurídicas e direitrices políticas dictadas pola súas institucións, mesmo cando resultan gravemente lesivas para os cidadáns que o elixiron para resolverlles os seus problemas e non para agravarllelos. Os cinco eidos normativos do Dereito da Unión cos que colisiona, ou entra en contradición, o referido contrato de concesión do NHV, son os seguintes:

I. O que regula a contratación de obra pública e máis a contratación de obra pública con concesión do dereito á súa explotación (Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento e do Consello europeos, en relación coa 2004/18CE).

II. O que define a Axuda de Estado ilegal por infrinxir o Tratado de Funcionamento da UE (TFUE) no seu art. 107.

III. O que establece a disciplina orzamentaria imposta polo Pacto de Estabilidade para os estados integrados na Unión Monetaria ou 'zona euro' (art.136 TFUE).

IV. A normativa SEC 2010, particularmente na regulación establecida polo Regulamento UE 549/2013.

V. As normas de contratación establecidas para os proxectos financiados polo BEI.

Comezaremos por facer unhas breves referencias esplicativas aos eidos II a V, para detérmonos logo algo máis a modo no I -onde amostraremos como tamén foi bulrado e vulnerado o marco normativo da propia Lei 30/2007 española que regula os contratos das administracións públicas.

1. Ao II. Na información que fai pública o BEI pódese consultar a referente ao xa mentado empréstimo concedido para o proxecto do NHV. Pois ben, mentras noutros investimentos do BEI para o financiamento de concesións de obra pública aparece como prestataria a entidade concesionaria ou a bancaria que no seu caso opere como intermediaria, no caso do proxecto do NHV, que figura descrito nesa información, aparece a Xunta de Galicia -e, por certo, o acrónimo PPP, indicativo, en inglés, dun proxecto CPP, ou sexa, colaboración (partnership) público privada. A única esplicación razoábelmente plausíbel é que a Xunta garantíu ou afianzou ese empréstimo, cousa que constituiría unha axuda de Estado ilegal por infrinxir o referido art. 136 do Tit. VII do TFUE.

2. Ao III. Conforme ao Regto. UE 549/2013 do SEC 2010, só se entende transferido ao contratista o risco sustancial se é el quen soporta os riscos de construción e de demanda, mentras que "significa unha ausencia de transferencia efectiva deses riscos" se o concedente aporta "o financiamento maioritario" e/ou ofrece "grantías que cubran a maioría do financiamento ou cláusulas de resolución que impliquen un reembolso maioritario dos recursos investidos (...)". Nese caso -como máis adiante demostraremos que acontece na concesión do NHV- vulnérase a disciplina orzamentaria imposta polo Pacto de Estabilidade, poisque constitúe unha simples trécola ou artificio para non contabilizar como débeda pública o custe da obra



pública obxecto de concesión, pero asumido de feito maiormente pola Administración no canto do concesionario, e eludir así a fiscalización dos niveis reais de déficit e débeda públicos pola Comisión Europea.

**3.** Ao IV. O que vimos de sinalar, ademais de infrinxir ou bulrar o Pacto de Estabilidade, implica asimesmo a vulneración da referida normativa contábel do SEC. A trécola consiste en que o importe do canon anual que a Xunta se compromete a pagar durante 20 anos, no canto de figurar polo seu valor actualizado como unha débeda pública, apareza como gasto corrente diferido contra orzamentos anuais futuros -artificio que é o que vulnera frontalmente a normativa SEC 2010.

Con todo, o máis grave non é a infracción formal da fórmula contábel correcta, senón as súas consecuencias financeiras. E isto xa foi advertido polo informe do Consello de Contas sobre o financiamento do SERGAS de 2011 -do que a Xunta fixo caso omiso. Nefeito, no cadro 79 dese informe constaba que o importe total dos compromisos de gasto adquiridos para a partir do 2011 ascendía a nada menos que 1.740,3 millóns de € -dos cales, 1.263,1 millóns eran compromisos a partir do ano 2016: eis os 1.329 millóns derivados do contrato de concesión do NHV para os exercizos 2014-2033. Noutras verbas: como consecuencia do contrato do NHV, os compromisos de gasto do SERGAS *con carácter a exercizos futuros*, incrementáronse nun 82% -o cal *compromete a sustentabilidade financeira do SERGAS*. O PP adoita laiarse das 'herdanzas' coas que tivo que apandar, recibidas do consabidamente infame goberno 'bipartito'. Pois velaí a descomunal lousa financeira sobre as costas do SERGAS que deixa o 'goberno Núñez' como herdanza letal da irresponsábel 'operación NHV'.

**4.** Ao V. Só indicar que as normas reguladoras das actuacións do BEI esixen que os proxectos que finance deberán cumprir as normas comunitarias de contratación pública: resulta evidente que, no caso do NHV, esas normas non foron respeitadas, de xeito que foron vulneradas tamén as normas de contratación do propio BEI.

**5.** Ao I. A vulneración dese eido normativo da UE merécenos unha particular atención e unhas consideracións algo máis demoradas, por dúas razóns primordiais. Primeira, porque resulta correlativa do que consideramos unha aplicación deturpadora e, portanto, vulneradora, ou cando menos unha interpretación renartemente interesada e claramente

'contra legem', da propia lexislación española, é dicir, da Lei 30/2007. E segunda, porque neste eido é onde se fai patente a transgresión do principio de asunción dos riscos "de exposición ás incertidumes do mercado" que, na fórmula escollida pola Xunta na concesión do NHV debera ser asumida polo concesionario -e non o é- e que se debe reflectir na calificación alternativa de determinados activos como 'intanxibeis' ou como 'financeiros' nos balances da sociedade concesionaria, e que, como veremos, corroboran a non asunción deses riscos polo concesionario, como *debera ser*, senón pola Xunta, como *non pode ser* -e que constitúen unha razón crucial da nulidade ou, cando menos, anulabilidade do contrato de concesión que adxudicou o proxecto do NHV.

### 5.1. A Lei 30/2007 define ou delimita os tipos contractuais na Sección I.

O art. 5.1 enumera as modalidades contractuais "que [poden celebrar] os entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público". Son as seguintes: "contratos de obras, concesión de obras públicas, xestión de servizos públicos, suministro, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado". É significativo, 1º) que a enumeración faise ordeando as figuras contractuais *de menor a maior participación do sector privado* nelas -a comezar pola primeira delas, que foi a escollida polo goberno 'bipartito' con financiamento escrusivamente público, a traveso da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia SA; e, 2º), que xa contempla a figura da colaboración público privada -e, malia que a lei 30/2007 aínda non estaba promulgada cando o 'bipartito' puxo en marcha o proxecto do NHV, asinando o Convenio marco de cooperación entre autoridades públicas (7/III/2006), si que xa o estaba cando o 'goberno Núñez' modificouno. Isto último parécenos moi relevante porque, se a razón de modificar o deseño inicial 'herdado' do 'bipartito' (reiterémolo: contrato de obra pública mediante cooperación de autoridades públicas *con financiamento público*) era recurrir *primordialmente* ao capital privado para liberar á Xunta dun investimento público de tal magnitude, *o lóxico tería sido que utilizase a modalidade da cooperación público privada*, que a Lei 30/2007, xa vixente, viña de tipificar no seu art. 11.1: "Son contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado aqueles nos que unha Administración Pública ou unha Entidade pública empresarial ou organismo similar das Comunidades Autónomas *encarga a unha entidade de dereito privado, por un período determinado en función da duración da*

*amortización dos investimentos ou das fórmulas de financiamento que se prevean, a realización dunha actuación global e integrada que, ademáis do financiamento dos investimentos inmateriais, de obras ou de suministros necesarios para o cumprimento de determinados obxectivos de servizo público ou relacionados con actuacións de interese xeral, comprenda algunha das seguintes prestacións:"* -que son enumeradas a seguida no mesmo apartado dese mesmo artigo. Da simple lectura dese texto legal despréndese a evidencia de que ésa era a modalidade contractual máis acaída para o proxecto do NHV se, insistimos, a opción de aforrar investimento público, ou mesmo as construcións legais existentes verbo dos niveis de déficit orzamentario e/ou débeda pública, aconsellasen recurrir ao capital privado.

Por qué non escolleu esa opción o 'gobierno Núñez'?. Pois porque o contrato de colaboración público privada, sendo o que permite meirande participación do capital privado na prestación dun servizo público, tamén é a figura contractual que, en contrapartida, esixe maior participación e control na súa concesión -como se pode comprobar examinando os esixentes requisitos legais que se enuncian no treito normativo que desenvolve a regulación deses contratos, *a empezar polo requisito do informe de avaliación previo elaborado por expertos* que esixe esta Lei 30/2007 no seu art. 118 para os contratos CPP.

Pois ben. Non só non escolleu o modelo CPP, senón que utilizou o do contrato de *concesión* de obras públicas, definido no art. 7.1 da mesma Lei, e que di que "ten por obxecto a realización polo concesionario de *algunhas das prestacións* a que se refire o art. 6 [contrato de obras], (...), e no que *a contraprestación a favor de aquel consiste, ou ben únicamente no dereito a explotar a obra, ou ben no dito dereito acompañado do de percibir un prezo*" -por exemplo a peaxe dunha autoestrada, sexa pagada polos usuarios ou sexa unha 'peaxe na sombra' -como a da ponte de Rande, por caso. Está claro que de ningún xeito era a figura acaída para o proxecto do complexo hospitalario NHV, mais foi a escollida polo 'gobierno Núñez'... inclusive cunha 'peaxe na sombra' moi peculiar -o canon anual comprometido e garantido para nada menos que 20 anos. O goberno 'bipartito' quería licitar a construción dun hospital público para ser financiado con cárrego aos orzamentos da Xunta -como corresponde a un complexo hospitalario dun

servizo galego *público* de saúde, o SERGAS. O goberno 'Núñez' trocou por un contrato de autoestrada de 'peaxe na sombra'.

Pero hai máis. Primeiro: o aptdo. 2 dese mesmo artigo 7 di literalmente: "O contrato, *que se executará en todo caso a risco e ventura do contratista (...)*". Xa ficou demostrado, na sección da 'Crónica dos feitos' desta exposición de motivos, que de ningún xeito a concesionaria do NHV asumiu ningún risco -e inda voltaremos encol disto. E segundo: o aptdo. 3 do mesmo art. 7 establece que o contrato de concesión "poderá tamén prever que o concesionario esteña obrigado a proxectar, executar, conservar, repór e reparar *aquelas obras que sexan accesorias ou esteñan vencelladas coa principal e que sexan necesarias para que ésta cumpla a finalidade determinante da súa construción (...)*" -e engade que, no caso de esas obras poderen ser obxecto de aproveitamento económico, iste corresponderá ao concesionario nas condicións que estipule o contrato. Pois ben: abonda repasar o repertorio de 'servizos non clínicos' que se inclúen no contrato de concesión do NHV para comprobar que non encaixan na antedita definición e descripción que fai o art. 7.3 -para empezar, podería alguén afirmar que, cando menos na súa maior parte, "*sexan necesarias para que ésta [a "obra pincipal", ou sexa o novo hospital de Vigo] cumpla a finalidade determinante da súa construción", ou "permitan (...) efectuar as actuacións ambientais relacionadas coas mesmas"?!.* En realidade resulta que o 'goberno Núñez' non só eludiu empregar a fórmula da colaboración público privada, non só utilizou indebidamente a da concesión de obra, e non só suplantou fraudulentamente o preceptivo estudio de viabilidade por un simpes estudio económico financeiro, senón que inclusive incurriu na trapallada de facer un 'coktail' da concesión de obra cun subrepticio 'contrato de servizos' para a adxudicación dos 'non clínicos' -véxase, se teñen curiosidade, o art. 10 da mesma Lei 30/2007.

**5.2.** O contrato de concesión de obra para o proxecto do NHV adxudicado á SCNHVSA, vulnera as pautas normativas establecidas pola Directiva europea 2004/18/CE -a que estaba en vigor cando da adxudicación (19/I/2011), malia que posteriormente fose substituída polas Directivas 2014/23UE e 2014/24/, ás que faremos referencia máis logo, porque os seus contidos incorporaran unha consolidada xurisprudencia precedente do

TXUE. Referiremos somentes algúns dos contidos desa directiva 2004/18 salientábeis para a nosa argumentación.

A Directiva define, diferenciándoos claramente, os 'contratos públicos de obras' e os de 'concesión de obras públicas', e convén sinalar que o fai en termos equivalentes, e mesmo nalgunhas frases literalmente iguais, aos dos artigos 6 e 7 da xa referida e comentada Lei 30/2007 española -posterior, pois, en tres anos á Directiva 2004/18- para eses dous tipos de contrato público. Así, o deseño do contrato de '*concesión de obras públicas*' coincide co da Lei 30/2007 ao sinalar como diferencia primordial co 'contrato público de obras' que a contrapartida consiste, ou ben únicamente no dereito do contratista a explotar a obra, ou ben no dito dereito acompañado do de percibir un prezo. Mais importa suliñar que o art. 44 desa Directiva esixe *verificar a aptitude e selección dos participantes* na licitación, e especifica o xeito de verificala: "levaráse a cabo polos poderes adxudicadores *de conformidade cos criterios de capacidade económica e financeira* ou de coñecementos ou capacidades profesionais (...) e, no seu caso, *coas normas e criterios non discriminatorios* mencionados no apartado 3.". Visto o relato realizado na 'Crónica dos feitos' desta exposición de motivos a respecto do proceso de concesión do proxecto do NHV, parece palmariamente evidente que, ou ben a Xunta tampouco realizou esa verificación da 'aptitude' dos participantes 'cos criterios de capacidade económica e financeira', ou ben fíxoo con tal nivel de ineptitude que axiña os feitos demostraron que a concesionaria non reunía nin 'aptitude' nin 'capacidade económica e financeira', como xa relatamos na referida 'Crónica': paralisación das obras, escandaloso incumprimento do prazo de entrega, crise financeira de varios membros da concesionaria e... a Xunta actuando ao cabo de 'bombeiro' da SCNHV e de 'conseguidor' perante o BEI.

**5.3.** E logo está a decisiva cuestión de quen, na concesión do NHV, asumíu o '*risco de explotación económica*' que, na doutrina do TXEU (sentencia do 10/III/2011) "debe entenderse como o risco de exposición ás incertidumes do mercado". E nisto acudiremos ás mentadas Directivas 2014/23 e 2014/24UE.

A exposición de motivos da Directiva 2014/23 (pfo. 18) afirma rotundamente que "*a característica principal dunha concesión (...) implica sempre a transferencia ao concesionario dun risco operacional de carácter*

*económico que supón a posibilidade de que non recupere os investimentos realizados nin cubra os custes que teña sufragado para explotar as obras ou servizos adxudicados (...)*". E, por se non resultase abondo claro, argúe que "a regulamentación da adxudicación de concesións mediante normas específicas *non estaría xustificada se o poder adxudicador (...) aliviasse ao operador económico de calquer posíbel perda garantindo uns ingresos mínimos que sexan iguais ou superiores aos investimentos e os custes que o operador económico deba asumir en relación coa execución do contrato.*"

En congruencia co argumentado na súa exposición de motivos, o art. 5.1 da Directiva 2014/23/UE asevera: "A adxudicación de obras ou servizos *implicará a transferencia ao concesionario dun risco operacional na explotación das ditas obras ou servizos abrangendo o risco de demanda, ou o de suministro [oferta], ou ámbolos dous*". E precisa: "A parte dos riscos transferidos ao concesionario *deberá supor unha exposición real ás incertidumes do mercado que implique que calquera perda potencial estimada na que incurrirá o concesionario non é meramente nominal ou desdenábel*". Consideren vostedes se foi así ou non na concesión do NHV á SCNHVSA. Mais permítannos achegarlles unha pequena contribución a ese necesario 'esclarecemento'.

**5.3.1.** Primeiro, a respecto da asunción dos 'riscos de demanda'. Poñamos por diante unha referencia a un dictame de 2012 do Consello de Contas de Galicia, que ven moi ao caso malia versar sobre o financiamento coa fórmula CPP, porque daba a voz de alarma sobre a proliferación das fórmulas de financiamento público privado sen transferencia ningunha de riscos, advertindo de que constituía *unha práctica de ocultamento contábel de débeda e déficit públicos, "transladando a carga a orzamentos futuros"*. E aseveraba o CCG: "Para conseguir (...) que a construción da infraestrutura non afecte ao déficit e débeda actuais *é necesario que o empresario privado asuma (...), en todo caso, o risco de construción e o risco de demanda (uso da infraestrutura) ou de dispoñibilidade (calidade do servizo) (...)*". E concluimos esta referencia coa esclarecedora consideración seguinte: "(...) convén recordar que o uso das CPP *debe apoiarse nunha axeitada análise ex-ante que avalíe acaídamente os beneficios e custes que se derivan do seu uso e que compare, axeitadamene, a alternativa pública coa público-privada e mostre a esta última como a máis beneficiosa*". E sentencia: "*En ningún caso debe ser o*

*tratamento contábel o argumento definitivo* sobre o que descansa a decisión (...)". Na concesión do NHV resulta evidente que a Xunta fixo caso omiso das recomendacións do CCG, e substituíu os principios orzamentarios de economía, eficiencia, unidade de caixa e análise coste-beneficio por unha finalidade inconfesábel: ocultar a súa débeda.

Mais, asumíu a concesionaria do NHV os 'riscos de demanda'?. Vaiamos ao informe da auditoría E&Y sobre as Contas Anuais da SCNHV correspondentes ao exercizo anual rematado o 31/XII/2014. Na páxina 25 dese informe pódese ler: "A Sociedade Concesionaria recibe os ingresos polos servizos prestados ben directamente dos usuarios ou a traveso do propio Organismo Concedente". E atención ao que segue: "Recoñécese un *activo intanxíbel* cando o *risco de demanda é asumido polo concesionario* e un *activo financeiro* cando o *risco de demanda é asumido polo concedente, ao ter o concesionario un dereito contractual incondicional a percibir os cobros polos servizos de construción ou millora*". E a seguida aplica ese criterio ao caso NHV (e transcribimos agora sen traducir do español): "En el caso de la Sociedad Concesionaria Novo Hospital de Vigo S.A., la Sociedad *no tiene riesgo de demanda* [,] *por lo que se ha registrado un activo financiero para el acuerdo de concesión*". Meridianamente diáfano, xa que logo !. E nefeito, no 'Balance de Situación Abreviado' que figura anexo ao o informe, no BA1 que reproduce o Activo do balance, con dúas columnas de cifras correspondentes aos exercizos 2013 e 2014, vemos, dentro da sección "A) Activo no corriente", no ep. "VII. Deudores comerciales no corrientes" contabilizado o *activo financiero* ao que se refería o citado párrafo do informe (para entendernos, valor d'o Hospital') por unha cifra de 232.000.132,58 € na columna do exercizo 2014.

Por conseguinte, en conclusión: na concesión á SCNHVSA *non existíu transmisión ningunha de risco de demanda á sociedade concesionaria*, de xeito que se operou unha vulneración flagrante das normas comunitarias que regulan ao contrato de *concesión* de obra pública, o que constitúe evidente causa de nulidade dese contrato.

**5.3.2.** E a respecto dos 'riscos de oferta' -ou 'de suministros'?. Só unhas palabras para lembrar o que expuxemos verbo do empréstimo do BEI: que mentras na información do BEI encol das súas operacións de financiamento de concesións de obra pública adoita aparecer como prestatario o banco

intermediario ou a propia entidade concesionaria, na do empréstimo á concesión do NHV aparece a Xunta de Galicia á par da descrición do investimento NHV. De corroborarse que a Xunta operou de 'entidade intermediaria' e/ou afianzou a operación, iso impediría considerar transmitidos á concesionaria os riscos de oferta -pois que o risco de oferta refírese á consecución dos inputs necesarios para a construción da obra pública, ou sexa, neste caso e primordialmente, o financiamento bancario á concesionaria ou aos socios integrantes dela -finanzamento que xa vimos como estiñou coa estiaxe da crise e a 'in-capacidade económica e financeira' dos adxudicatarios asociados na concesionaria e non 'verificada' previamente pola Xunta, como as normas legais a obrigaban a ter feito.

6. Daquela, qué financiamento aportou e qué riscos asumíu o 'capital privado' da flamante concesionaria do NHV, é dicir, a SCNHVSA?. Porque lembremos que a (suposta) razón pola que o 'gobierno Núñez' prescindiu da fórmula orixinaria do proxecto e 'botou ao lixo' o Convenio de cooperación entre o Sergas, a Consellería de Política Territorial e o Concello de Vigo, con financiamento público a traveso da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia asinado pola Xunta 'bipartita' en 2006, fora a de descarregar ás finanzas públicas galegas desa 'lousa-herdanza' e carregala nas costas do capital privado. Ora, dado que resulta demostrado que a SCNHV non asumíu os riscos de demanda -nin seguramente os de oferta, senón que os asumíu a Xunta. Dado que a Xunta asumíu o compromiso, dun canon anual a pagar á SCNHV durante 20 anos (deica 2033!) que ascendía a 1.414.067.091 € (co IVE), e que o valor actual para 2014 da renda futura (659.561.032 €) a satisfacer á concesionaria supuxa 543.199.979,86 €. E dado, en fin, que esa operación -como demostrou o dictame de 2012 do Consello de Contas de Galicia- supuxo unha carga diferida de compromisos de pago do Sergas de 1.740 millóns de € dende 2011, dos cales os compromisos de pago dende 2014 a 2033 ascenden a 1.329 millóns €, o que supuxo un aumento dos compromisos de pagos 'ad futurum' do Sergas de nada menos que o 80%, que segundo o CCG compromete a sustentabilidade financeira do Servizo (público) Galego de Saúde. Dados ese feitos todos, 'ónde está, que non se vé' a translación da carga financeira da Xunta ao capital privado, ónde está o grande 'negocio' de aforro de fondos públicos e evitación de débeda da Comunidade Autónoma de Galiza?. Así que reiterémolo: cál é a canto importa o financiamento realmente aportado pola concesionaria SCNHVSA?.



Pois moi sinxelo. Consultando, no xa referido informe realizado pola auditoría E&Y encol das contas anuais abreviadas da SCNHVSA, o seu Balance de situación abreviado BA2.1 que describe o seu pasivo, ao remate do exercizo 2014, aparece: a) en 'A) Patrimonio neto', '1. Capital escriturado (e íntegramente desembolsado): 31.523.000 €; e b) en 'B) Pasivo no corrente', 'III. Deudas con empresas del grupo y asociadas a largo plazo': 38.004.303,87 € -que ven ser o importe das achegas complementarias ao capital escriturado, feitas polos socios para respectar o coeficiente de solvencia esixido no contrato concesional. Ou sexa, por xunto, 69.527.303,87 €. Compárese coas cifras dos compromisos de pago da Xunta-Sergas, e resultará ben 'esclarecido' quen 'paga o parrulo' deste esperpéntico banquete financeiro. Así que, dadas as vulneracións da legalidade tanto española como europea cometidas na concesión, que determinan a nulidade do contrato, procede o rescate do complexo NHV (agora xa bautizado ofensivamente co nome do escritor Álvaro Cunqueiro) mediante unha fórmula moi sinxela e, ésta sí, absolutamente aforradora de fondos públicos para os vindeiros 20 anos: adquirir para o SERGAS a SCNHVSA polo precio de 69.527.303,87 € , inclusive con aplicación no seu caso e polo tempo decorrido até agora, do interés do 2,5% previsto no contrato, e aforrar así as inxentes cifras xa sinaladas da comprometida 'peaxe na sombra'.

En razón a todo o descrito, espricado e argumentado nesta exposición de motivos, apresetase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento INSTA á Xunta de Galicia a:

**1. Rescatar** o Novo Hospital de Vigo 'Álvaro Cunqueiro' pola seguinte vía:

**1.1. Adquirir** por medio de calquera dos seus organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc.) a totalidade do capital social da SCNHVSA **no importe de 31.523.000 €.**

**1.2. Adquirir** por medio de calquera dos seus organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc) a totalidade das achegas complementarias por vía de crédito que realizaron os socios á SCNHVSA **no importe de 38.004.303,87 €.**

**1.3. Liberar** de calquer aval, fianza ou responsabilidade prestada á SCNHVSA polos socios saíntes, subrogándose naquelas calquera dos organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc).

**1.4 Incrementar** os importes indicados nos 1.1 e 1.2 anteriores satisfacendo un interese de mercado polo tempo que mediou desde o seu investimento polos socios até o seu reembolso pola Xunta de Galicia. Para ese efecto podería constituír 'interese de mercado' o **tipo de interese fixado no contrato concesional no 2,5%.**

**2. Informar a este Parlamento** sobre a asistencia financeira prestada á concesionaria SCNHVSA fronte ás diversas entidades bancarias, en especial o BEI e asimesmo en especial as garantías propias outorgadas sobre o financiamento contratado.

Santiago de Compostela, a 15 de febreiro de 2016.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE

Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/02/2016 16:45:50**



**Eva Solla Fernández na data 15/02/2016 16:45:56**

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Moisés Blanco Paradelo, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

O cobre é un elemento químico con múltiples aplicacións na industria polas súas características de maleabilidade, resistencia á corrosión ou altas temperaturas ás que se derrete, aínda que algo pesado. Emprégase de forma xeral para a xeración eléctrica e as súa rede de transporte, entre outros moitos usos.

Nos tendidos eléctricos públicos ou privados e as instalacións domésticas e industriais ou nas redes ferroviarias de última xeración emprégase universalmente o cobre.

É unha regra básica da economía que un recurso é máis caro canto máis rara ou escasa é a súa presenza. O cobre é un material relativamente escaso e de grande nivel de extracción dende que, hai uns 10.000 anos, empezou a ser coñecido. Esta relativa escaseza é o que fai que resulte certamente caro e que o seu prezo vexa poucas diminucións pero moitos incrementos de prezo.

Este incremento de prezo fai que os “interesados e apropiarse do alleo a custe cero” teñan o cobre como obxectivo das súas actividades tanto en instalacións de alumeados públicos como na rede ferroviaria da Alta Velocidade Española.

Nos últimos anos, son diversos estudos e investigacións que tratan de atopar unha alternativa ao uso do cobre máis barata e que poida dar prestacións semellantes.

Parece ser que as propiedades do aluminio teñen unha boa condutividade eléctrica, aínda que non tan boa coma o cobre.

Os expertos coinciden en sinalar que para transmitir o mesmo fluxo de corrente sería necesaria unha sección dun 50% máis grosa. Tamén sinalan que, aínda así, o seu peso sería bastante inferior ao de cobre, pois o aluminio ten un peso de  $2.700\text{kg/m}^3$  e o cobre de  $8.910\text{kg/m}^3$ , cuestión que o podería facer especialmente útil para aumentar a distancia entre torres ou “postes” de transporte.

Tamén é evidente a grande diferenza de prezo a favor do aluminio, que está

habitualmente, dependendo das flutuacións do mercado, nunha relación 1 a 4. Este dato tamén redundaría nun abaratamento de custes de inversión en infraestruturas para as administracións e aforros para as empresas o que, sen dúbida, redundaría nun beneficio para as persoas e fogares.

Vistas as dúas variantes anteriores, habería que sumar tamén a da viabilidade técnica para proceder ao emprego do aluminio como material alternativo ao cobre, dado que non hai condicionantes para o seu uso.

Con todo, as dificultades poden xurdir coa regulamentación a respecto do seu uso nas redes de alumeadado público, posto que só aparece mencionado o cobre.

Así pois, se resultaran certos os estudos e investigacións a través das súas conclusións definitivas, o aluminio constituiría unha alternativa ao cobre moito máis barata e coa mesma eficiencia. Pero para poder facelo, e vista a normativa vixente, habería que proceder a unha modificación regulamentaria que dera amparo ao uso do aluminio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a modificar toda a normativa necesaria para poder contemplar e/ou incluír o uso do aluminio como alternativa ao cobre nas redes de transporte eléctrico”.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/02/2016 18:53:42**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 15/02/2016 18:53:52**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 15/02/2016 18:54:00**

**Moisés Blanco Paradelo na data 15/02/2016 18:54:08**

**Berta Pérez Hernández na data 15/02/2016 18:54:15**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/02/2016 18:54:24**



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2016 09:30  
Nº Rexistro: 47276  
Data envío: 15/02/2016 18:55:53.624**

**Jose Francisco Santos Regueiro na data 15/02/2016 18:54:41**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2016 18:54:48**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 15/02/2016 18:54:57**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Consuelo Martínez García** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Outro proxecto de investigación mineira á procura de ouro, prata e metais afíns (recursos da sección C), ameaza unha vez máis a bisbarra de Soneira.

O pasado venres 15 de xaneiro, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicaba no DOG a aprobación da solicitude presentada o 20 de xuño de 2011 pola sociedade Grupo M-FM, S.L., de permiso de investigación mineira *Isabela II nº7121 de 156* cuadrículas mineiras situadas nos municipios de Zas, Santa Comba, Coristanco e Vimianzo.

A superficie afectada é de 43.6 quilómetros cadrados que se encadran dentro da zona coñecida como cinto de ouro de Malpica-Tui.

Nos Concellos o público non dispón da información necesaria para facer alegacións, e para ver o expediente é necesario trasladarse ata A Coruña.

Dende o Sindicato Labrego Galego advirten que este non é o único proxecto mineiro que está a desenvolver a Administración. Nos concellos de Santa Comba e Zas, empresas filiais da canadense Edgewater solicitaron os permisos de investigación para ouro denominados Grixoa, Vilar e Monte Castelo que afectan a 1.680 hectáreas; e na comarca de Bergantiños as Julias.

Moitos son os permisos de investigación, e proxectos de explotación en tramitación en Galiza: A mina de tantalio de Forcarei (a maior de Europa), a da Terra Cha, os de Seixo de Erinsa na comarca de Ordes Compostela, ou todos

os permisos de ouro da montaña de Lugo (A Fonsagrada, Baleira, Baralla, Becerreá, ...).

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Desautorizar a explotación mineira Isabela II nº7121
2. Denegar outros permisos de investigación ou explotación mineira en Galiza que non cumpra con garantías en relación á seguridade para a saúde e para a vida das persoas, viabilidade económica empresarial, participación social e respecto ambiental, de xeito que se promove un aproveitamento racional compatible coa protección do medio ambiente e as actividades agrarias das zonas afectadas.”

Pazo do Parlamento, a 16 de febreiro de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García*  
*Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 16/02/2016 13:11:16**

2





## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 28 de novembro de 2006 (e tamén no BOP de Lugo de 7 de novembro de 2006) publicouse o anuncio que literalmente se transcribe:

“ANUNCIO do 25 de setembro de 2006, da Delegación Provincial de Lugo, polo que se fai público que se outorgaron tres concesións de explotación.

A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en Lugo fai saber que por Resolucións do 14 de setembro de 2006 se outorgaron as tres concesións de explotación que se transcriben a continuación con expresión de nome, número, recurso, concello e cuadrículas mineiras:

Pastoriza; 5562; cuarzo; A Pastoriza e Riotorto; vinte e nove.

Alicia; 5917; cuarzo; Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza e Vilalba; noventa e tres.

Karles; 5919; cuarzo; Castro de Rei e Cospeito; setenta.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 101 do Regulamento xeral para o réxime da minaría do 25 de agosto de 1978”.

É dicir, outorgáronse as concesións referenciadas en data 14 de setembro de 2006. A finais do ano 2012 e principios do 2013 denegáronse todas as licencias urbanísticas para poder explotar a concesión.


En varias ocasión varios colectivos e particulares teñen solicitada a declaración de caducidade das concesións mineiras, en base a inactividade regulada na lexislación sectorial.

O artigo 109 do Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, aprobado por Real Decreto 2857/1978, de 25 de agosto, sinala que as concesións de explotación de recursos da Sección c declararanse caducadas, entre outros motivos por:

- d. Por incumprimento da obriga de iniciar os traballos no prazo de un ano a partir do outorgamento da concesión.
- e. Por incumprimento grave ou, no seu caso, reiterado dos prazos, forma e intensidade dos traballos aprobados nos proxectos e plans de labores.
- f. Por incumprimento reiterado da obriga de presentar, dentro dos prazos regulamentarios, o plan de labores anuais.
- j. Por incumprimento das condicións impostas no título da concesión ou nos plans de labores anuais cuxa inobservancia estivese expresamente sancionada coa caducidade.

No caso presente concorren cando menos dúas destas causas para declarar caducada as concesións, sen embargo, a primeira solicitude de caducidade presentouse o 28/02/2013 e a última o 06/07/2015. As caducidades non foron declaradas, nin foi contestada ningunha das solicitudes.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia insta á Xunta a



---

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a declarar a caducidade da concesión mineira a ERIMSA, publicada no DOG do 28 de novembro de 2006”

Pazo do Parlamento, a 16 de febreiro de 2016


*Asdo.: Consuelo Martínez García*  
*Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez*  
*Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 16/02/2016 13:48:35**

**Mónica Fernández Rodríguez na data 16/02/2016 13:48:43**



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ás medidas de urxente consolidación e posterior recuperación da torre de Taboi.

### Exposición de motivos

A que fora torre da homenaxe da fortaleza que nun primeiro tempo pertencera á familia dos Saavedra, a torre de Taboi, atópase nun proceso de ruína con risco de se derrubar, presentando graves fendas na fachada sur. Tamén a falta de sillares na porta agrava o perigo de derrubamento. Conformaba a torre parte do castelo que en data de 1585 fora reparado e do que consta descrición de fosos, ponte levadiza, torres e recinto.

Hogaño só resta unha torre incompleta, de base cuadrada, de grosos muros e construída en mampostería de pizarra, dispoñendo dunha porta na fachada suroeste que correspondía ao desaparecida ponte levadiza. No máis alto dos paramentos ábrese un pequeno vano con dintel triangular de granito. Esta construción, chea de cascallos, atópase nun descampado e zona de cultivos.

Consérvanse dous escudos: no museo provincial de Lugo – o principal – e o outro na Casa da Torre. O seu grao de protección o define a súa inclusión no catálogo de bens culturais.

Aínda que de propiedade privada, chegados a este punto cabe preguntarse pola actuación da Xunta de Galicia, a cal vén obrigada a actuar en atención ao disposto na lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que no seu artigo 52, sinala que os bens inmobles catalogados gozarán da protección prevista no artigo 17 desa norma e do deber de conservar o noso patrimonio cultural recollido no artigo

25.2 da devandita lei.

Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar as actuacións oportunas e de urxencia para consolidar o ben catalogado da torre de Taboí e evitar desta maneira a súa total ruína.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a elaborar un subseguinte plan de actuación que permita garantir a súa conservación, coidado e protección.

En Compostela, a 16 de febreiro de 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 16/02/2016 14:14:43**

**Ramón Vázquez Díaz na data 16/02/2016 14:14:48**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/02/2016 14:14:54**

**Eva Solla Fernández na data 16/02/2016 14:14:55**

**Anton Sánchez García na data 16/02/2016 14:14:59**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/02/2016 14:15:01**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez, M<sup>a</sup> de los Angeles Ferreiro Vidarte** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Cada día nos chegan ao noso grupo parlamentario denuncias en relación á espera sanitaria, algo difícil de explicar cando foi, precisamente, o Goberno do Sr. Feijoo o que aprobou a *Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, por certo en solitario con 41 votos a favor e 31 en contra*.

*Lei que foi publicada no DOG do 3 de xaneiro do 2014, ou sexa que está en vigor e que no Capítulo II de **Tempos máximos de acceso e sistema de garantías**, no artigo 5 di o seguinte: *fixación de tempos máximos de acceso**

1. Os pacientes que requiran atención sanitaria hospitalaria, de carácter programado e non urxente, no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia, e para os procedementos e situacións clínicas que así se determinen no desenvolvemento regulamentario desta lei, terán garantida esa atención nos tempos máximos que se indican:

- a) 60 días nas intervencións cirúrxicas.
- b) 45 días nas consultas externas.
- c) 45 días nas probas diagnósticas e/ou terapéuticas.

Sen embargo, na práctica isto non é así e aínda que reclamen e reclamen, na Administración sanitaria, ninguén lles fai caso colocando os e as doentes nunha absoluta situación de desamparo ante as inexplicables esperas para ser intervidos.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Temos coñecemento de doentes que levan non días nin meses, senón ata anos nas lista de espera para ser intervidos, enfermos e enfermas que acumulan xa un feixe de reclamacións ante a atención ao paciente, e ante o Servizo Galego de Saúde que a través do Departamento de “Queres” resposta sempre o mesmo, só cambian a data ou o nome da persoa doente que fai a reclamación.

Poderíamos poñer moitos exemplos, pero nos imos centrar en todos aqueles que vostedes tipifican como doentes de prioridade dous ou tres. Doentes que necesitan, por exemplo, dunha prótese de cadeira ou de xeonllo, pero que xa non están en activo.

Doentes aos que lles están aplicando criterios sociais e non médicos para determinar a urxencia na súa intervención. Doente ademais que por esa política privatizadora do Sr. Feijoo, ao fronte do Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia, son sistematicamente derivados para “acurtar” a espera a unha concertada, e que ven que tras un ano ou máis de espera, non son intervidos nin na pública nin na concertada.

Aínda que ese tempo de espera os teña absolutamente incapacitados, tirados nunha cama e tomando ata derivados opiáceos para as dores. E incluso e, xa no colmo do absurdo, en ocasións ata estragando a prótese do outro lado que xa lle puxeran no seu día e despois dunha espera ou mellor desespera similar.

Pero e que ademais na páxina web da consellería se fan públicos uns datos sobre a espera que nada teñen que ver coa realidade polo que as persoas doentes se senten absolutamente enganadas. E, por seguir co exemplo escollido, nesta iniciativa dicir que segundo os datos da propia consellería no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo a espera media para unha intervención de traumatoloxía é de 129,5 días, catro meses; aínda que tamén recoñecen que hai nese complexo 60 persoas esperando máis dun ano para ser operadas. E na mesma área pera Hospital privado de Povisa a media de espera en cirurxía traumatolóxica é de 160 días, cinco meses, e nese centro son 29 as persoas que levan esperando máis dun ano.

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Publicar, de forma inmediata, a espera real para atención sanitaria hospitalaria, de carácter programado e non urxente, no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia, e para os procedementos e situacións clínicas que se determinou no desenvolvemento regulamentario desta lei.
2. Que antes de un mes, a Administración sanitaria poña en marcha un plan especial que garanta, de forma inmediata e na rede pública, a atención demandada para todas esas persoas que levan máis de un ano esperando nas listas do Sergas.

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2016

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Carmen Gallego Calvar  
María Quintas Alvarez  
M<sup>a</sup> de los Angeles Ferreiro Vidarte  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 16/02/2016 17:00:05**

**Carmen Gallego Calvar na data 16/02/2016 17:00:10**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 16/02/2016 17:00:15**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 16/02/2016 17:00:21**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 16/02/2016 17:00:27**



## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, a través do portavoz ao abeiro do disposto no artigo ao 160 do Regulamento da cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As novas tecnoloxías deben servir para transformar a didáctica e para personalizar a educación, porque non todos os alumnos e alumnas teñen as mesmas posibilidades nin van ao mesmo ritmo na súa aprendizaxe, polo que están chamadas a permitir mudar a educación homoxénea e estándar que tiñamos ata o de agora.

A introdución das novas tecnoloxías nas escolas galegas ten como vantaxes máis acreditadas a educación personalizada, a motivación e a potenciación dos traballos en grupo.

O Grupo Socialista entende que a pesares da implantación paulatina das novas tecnoloxías que se ten producido nos centros educativos galegos, estas tan só chegan a alcanzar a unha parte do alumnado do ensino primario e do ensino secundario, e os recortes levados a cabo en educación nos últimos anos fixeron por desgraza que a velocidade desta introdución se vise freada de maneira importante.

Entendemos no Grupo Socialista que falta moito camiño por percorrer, e non debemos esquecer que estes novos mecanismos de aprendizaxe teñen que chegar a todas as idades, incluída a etapa da educación infantil, pois a introdución de elementos informáticos, como as denominadas “tabletas”, na educación infantil deben servir para reforzar os coñecementos e para potenciar a capacidade creativa do alumnado.

Experiencias como as que se están a vivir noutras comunidades autónomas fálannos da importancia que ten que a educación infantil sexa tamén partícipe dos novos retos da nosa sociedade, e Galicia non pode nin debe quedar atrás nestas novas experiencias de ensino.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Entendemos no Grupo Socialista que o Goberno galego debe facer unha aposta clara para que as escolas infantís de nosa comunidade autónoma, incluídas as escolas unitarias e os centros rurais agrupados dispoñan nas súas aulas de “tabletas” para que os rapaces e as rapazas poidan acceder en igualdade de condicións ás novas tecnoloxías vivan onde vivan, ou procedan do entorno social do que procedan.

Entende tamén o Grupo Socialista que formar ao profesorado no seu manexo e impartir asesoramento para que o seu uso se converta nun novo elemento de formación e xogo e tamén fundamental para que este proxecto se poida converter nunha experiencia que aporte maior compromiso coa realidade tecnolóxica actual.

Por todo iso o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Dote ás escolas infantís, escolas unitarias e centros rurais agrupados de “tabletas” que permitan o acceso ás novas tecnoloxías dos nenos e nenas da nosa comunidade autónoma.

2º) Promova a formación necesaria do profesorado que imparte a educación infantil, para a súa inmersión nos novos métodos de ensinanza ligados ás novas tecnoloxías.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**



---

**Grupo Parlamentario**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 16/02/2016 17:47:55**

**María Concepción Burgo López na data 16/02/2016 17:48:13**

**Emilio Vázquez Blanco na data 16/02/2016 17:48:18**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Jose Luis Méndez Romeu na data 16/02/2016 17:48:25**

---

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) vén de dar un novo varapau á Xunta de Galicia ao respaldar a demanda presentada por Capital Energy en contra das valoracións das ofertas presentadas ao concurso eólico. A sentenza di que as valoracións das propostas feitas “non se axustan a dereito”, poñendo así en entredito os criterios da Consellería para o reparto e obrigando practicamente a recomenzar de novo o proceso xa que o TSXG comparte a súa "disconformidade" polo xeito en que en se levaron a cabo as puntuacións para conseguir os parques e considera que a Xunta está obrigada á "retroacción das actuacións á fase de valoración da oferta".

Este feito constata o fracaso absoluto da política do goberno da Xunta de Galicia no sector eólico, que se traduce na non instalación nin dun megawatio do concurso promovido por este goberno, despois de anular ilegalmente, segundo sentenza do Tribunal Supremo, o anterior.

A pesar de que é evidente que a vía do concurso está morta como instrumento para desenvolver a enerxía eólica, e de que en cambio está a actuar como tapón no desenvolvemento doutro modelo viable, democrático e sostible.

Ésta actuación política xunto coa complicidade na elaboración de normativa co goberno do Estado contra as enerxías renovables, e nomeadamente contra o autoconsumo eléctrico, impiden que actualmente no noso país se estivese a crear emprego e riqueza no sector das enerxías renovables.

Compre darlle carpetazo ao modelo do pasado, que só beneficia a determinadas empresas, e implementar un modelo para o futuro.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a finiquitar o concurso eólico e a implantar unha nova normativa que permita desenvolver un modelo enerxético de produción en base a renovables con xeración distribuída e autoconsumo.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 16/02/2016 17:51:25**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/02/2016 17:51:36**

**Ramón Vázquez Díaz na data 16/02/2016 17:51:38**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/02/2016 17:51:41**

**Eva Solla Fernández na data 16/02/2016 17:51:44**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 16/02/2016 17:51:47**

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei en Pleno.

Desde o 4 marzo de 2010, temos vixente a Lei de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria da xestación.

Segundo establece, pódese interromper a xestación nas primeiras 14 semanas, por petición da muller sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que a muller estea informada dos dereitos, prestacións e axudas públicas de apoio á maternidade (artigo 17).
- Que pasen polo menos tres días dende esa información ata a data da intervención.

Excepcionalmente, pódese interromper tamén a xestación por causas médicas:

- Sempre que non se superen as 22 semanas de xestación, e sempre que exista grave risco para a vida ou a saúde da embarazada e que isto conste nun informe médico feito con anterioridade á intervención por un especialista distinto do que vaia realizar a intervención.
- Que non se superen as 22 semanas e sempre que exista risco de graves anomalías no feto, e así conste nun ditame médico feito por dous especialistas distintos do que vaia realizar a intervención.



## Grupo Parlamentario

Pois ben, estes abortos do segundo trimestre, en xeral lévanse a cabo nos hospitais da Seguridade Social e son embarazos desexados, polo que cando se teñen que interromper, as mulleres están nunha situación psicolóxica moi delicada, pois non era o seu desexo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na Coruña no Hospital Teresa Herrera (Materno Infantil) estes abortos non se fan segundo os protocolos internacionais, e así se fixo chegar a responsables sanitarios do hospital hai máis de sete meses.

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto rexistrou un escrito dirixido o xerente, ás directoras médicas e de Enfermería, o 20 de xullo do 2015, onde se expoñían as condicións que se deben cumprir para ter una atención axeitada, segundo os protocolos internacionais.

A realidade é que non se tivo ningunha resposta e as mulleres que teñen que facer un aborto no segundo trimestre, non teñen a mesma atención ca nun parto.

Ao trauma de ter que interromper un embarazo desexado, cómpre engadirlle que van parir o feto morto sen posibilidade de anestesia epidural.

Ademais non se lles pode garantir que vaian ser atendidas durante todo o proceso por xinecóloga/a ou matrona, nin que vaian ter o expulsivo (parto) asistido nun paritorio e non na habitación de ingreso.

Este tipo de atención vulnera os acordos internacionais sobre os “Dereitos Sexuais e Reprodutivos” recoñecidos como Dereitos Humanos.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que de forma inmediata adopte todas as medidas necesarias para garantir unha atención integral e de calidade a todas as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo no



---

**Grupo Parlamentario**

segundo trimestre, tal e como contempla a Lei de saúde sexual e reprodutiva e IVE, en todo o territorio Sergas.

---

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2016

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 16/02/2016 19:10:12**

**Carmen Gallego Calvar na data 16/02/2016 19:10:23**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 16/02/2016 19:10:37**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 16/02/2016 19:10:48**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 16/02/2016 19:10:59**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Tereixa Paz Franco** e **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Recentemente o Goberno Galego aprobou a súa Estratexia Galega sobre discapacidade 2015-2020. En teoría este programa de obxectivos e actuacións debería dar resposta ás necesidades de atención, formación, inclusión, dereitos de igualdade das persoas con discapacidade e das súas familias.

Porén, se se analiza dito documento non aparece nin unha soa medida ou actuación dirixida a resolver unha problemática que afecta a moitas familias e que a día de hoxe, no caso de Ourense, desde o ámbito público non se lles ofrece ningunha solución.

Estamos a referirnos ás persoas novas con discapacidade física e/ou intelectual. Actualmente en Ourense estas persoas contan cun dispositivo, o centro de educación especial Miño, dependente da Consellaría de Educación. Neste centro permanecen escolarizados até a idade de 21 anos e pódese afirmar que dispón dos medios humanos, formados en diferentes disciplinas e especialidades para facer fronte ás necesidades educativas e asistenciais dos e das menores.

O gran problema para as familias xorde cando chegan á idade de 21 anos, en que teñen que abandonar este centro e se atopan coa situación de que en Ourense non existe ningún centro de continuidade no que os seus fillos e fillas reciban a atención, formación e demais prestacións asistenciais e sociais para garantir os seus dereitos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A esta situación hai que engadir que no resto de Galiza, nos poucos centros específicos que existen as prazas son moi limitadas, polo que aínda no caso de que o desprazamento fose unha solución aceptábel para as familias, non contan nin con esa posibilidade.

Nos casos máis graves a única solución que se lles ofrece por parte da administración é a de acudir a dispositivos de atención a persoas maiores o cal é un auténtico desatino que ademais vulnera gravemente os seus dereitos asistenciais e mesmo humanos. Non nos parece asumíbel como solución vital nin asistencial para estas persoas e desde logo contravén o principio do seu dereito á integración social.

As necesidades que se precisan atender son variadas. Hai familias que en función da patoloxía ou situacións dos seus fillos ou fillas precisan de atención permanente con internamento, mais tamén asisten situacións nas que o que se precisa é só atención diúrna, ou incluso algún dispositivo que permita o respiro familiar. En calquera caso o que é imprescindíbel é que no centro se lles dispense a atención e formación adecuadas para garantir a mellor calidade de vida posíbel.

Estes centros non contan nin coas características nin coa persoal especializada necesario para cubrir as súas necesidades formativas, ocupacionais nin asistenciais. Os centros de maiores carecen de especialistas en formación, técnicos ocupacionais, logopedas ou outro persoal que se require para a atención adecuada a estes mozos e mozas. Polo tanto acaban sendo só un lugar no que confinalos pero vulnerando gravemente os seus dereitos humanos e legais.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a que a través da Consellaría de Política Social realice as xestións para que dotar a Ourense dun centro de continuidade que dea cobertura ás necesidades das persoas con discapacidade física e intelectual a partir da idade de 21 anos e das súas familias.

Igualmente a que con carácter de urxencia, e para atender as necesidades inmediatas, en colaboración coa Consellaría de Educación se establezan mecanismos de colaboración para garantir a permanencia no centro de educación especial Miño dos e das menores que cumbran os 21 anos mentres non se resolva a situación con carácter definitivo.”

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2016

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

**María do Carme Adán Villamarín**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 17/02/2016 13:11:40**

**María do Carme Adán Villamarín na data 17/02/2016 13:11:44**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### **Exposición de motivos**

O escritor e xornalista Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911 - Vigo, 1981) foi unha figura fundamental para o desenvolvemento cultural de Galicia durante o século XX, período no que contribuíu notablemente ao avance das letras galegas nas súas diferentes modalidades, así como ao impulso do xornalismo, principalmente desde as páxinas do diario Faro de Vigo, decano da prensa española.

O autor mindoniense constitúe, sen dúbida, un referente de primeira magnitude para as letras galegas, na narrativa, poesía e dramaturxia, cuxa memoria e traballo o pobo galego honra dedicándolle o nome de rúas, de prazas, de centros educativos, dun hospital, de premios literarios etc.; e tamén é un referente para as letras españolas (gañador en 1968 do Premio Nadal pola novela *Un hombre que se parecía a Orestes*). En 1964 ingresa na Real Academia Galega, institución que lle dedicou o Día das Letras Galegas en 1991. En 1980 foi investido doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela e ese mesmo ano foi distinguido co Premio da Crítica Galega e co Pedrón de Ouro.

O ámbito da cultura, en Galicia e no resto de España, está a expoñer publicamente unha razoada inqueda ante a iniciativa do concello de Madrid que pode ter como consecuencia a retirada do nome de Álvaro Cunqueiro do rueiro municipal madrileño, xunto ao doutros creadores/as e intelectuais que nada tiveron que ver co réxime franquista.

No informe solicitado polo concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidad Complutense de Madrid considérase que Álvaro Cunqueiro é un escritor franquista e que o seu nome nunha rúa supón continuar conmemorando a sublevación militar da Guerra Civil e da represión da ditadura.

Có fin de salvagardar a memoria dun dos creadores máis salientables da cultura galega do século pasado, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que se manteña o nome da Rúa Alvaro Cunqueiro, no rueiro municipal de Madrid.
2. Que poña no coñecemento do concello de Madrid que a acusación de “escritor franquista” para Álvaro Cunqueiro carece de rigor e que tal acusación falsifica e deosta a súa biografía persoal e a súa traxectoria intelectual.
3. A que informe ás institucións e entidades culturais de Galicia, así como ás entidades vinculadas coa figura do escritor mindoniense, da necesidade de honrar publicamente o traballo desenvolvido por intelectuais e creadores, como Álvaro Cunqueiro, que foron quen de levar a cabo un traballo de construción colectiva de Galicia en tempos políticos adversos”.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Núñez Feijóo na data 17/02/2016 13:40:46**

**Pedro Puy Fraga na data 17/02/2016 13:41:01**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 17/02/2016 13:41:08**

**Marta Rodríguez Arias na data 17/02/2016 13:41:25**

**José Manuel Balseiro Orol na data 17/02/2016 13:41:40**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 17/02/2016 13:41:48**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/02/2016 13:41:55**

**Alfonso Rueda Valenzuela na data 17/02/2016 13:42:05**

**Agustín Baamonde Díaz na data 17/02/2016 13:42:22**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/02/2016 13:42:30**

**María Teresa Cancelo Márquez na data 17/02/2016 13:42:41**

[Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63](#)  
[15701 Santiago de Compostela](#)  
[T. 981 551 510 F. 981 551 422](#)  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Sandra María Devesa Bouzas na data 17/02/2016 13:42:49**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 17/02/2016 13:42:59**

**César Manuel Fernández Gil na data 17/02/2016 13:43:22**

**Antonio Mouriño Villar na data 17/02/2016 13:43:29**

**Ramón Santos Pérez na data 17/02/2016 13:43:37**

**Angel Camino Copa na data 17/02/2016 13:43:49**

**Jaime Castiñeira Broz na data 17/02/2016 13:43:59**

**María Isabel García Pacín na data 17/02/2016 13:44:11**

**Jaime Iñíguez Martínez na data 17/02/2016 13:44:19**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 17/02/2016 13:44:25**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/02/2016 13:44:32**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/02/2016 13:44:46**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/02/2016 13:44:56**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/02/2016 13:45:02**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 17/02/2016 13:45:04**

**Jose Francisco Santos Regueiro na data 17/02/2016 13:45:07**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 17/02/2016 13:45:09**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/02/2016 13:45:12**

**Enrique Novoa López na data 17/02/2016 13:45:20**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/02/2016 13:45:26**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 17/02/2016 13:45:33**

**Javier Jorge Guerra Fernández na data 17/02/2016 13:45:44**

**Jesus Goldar Guimil na data 17/02/2016 13:45:51**

**Javier Dorado Soto na data 17/02/2016 13:45:58**

**Alejandro Gómez Alonso na data 17/02/2016 13:46:06**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 17/02/2016 13:46:14**

**Berta Pérez Hernández na data 17/02/2016 13:46:21**

**María Herminia Pouso Maneiro na data 17/02/2016 13:46:30**

**Elena Cruz González Sánchez na data 17/02/2016 13:46:37**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa de Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

### Exposición de motivos.

O novo túnel de O Parrote foi informado favorablemente polos técnicos do Ministerio de Fomento e recepcionado pola Autoridade Portuaria de A Coruña, promotor da obra por encargo do Concello, asegurando que o tráfico xa podía circular polo mesmo e dando por bos os traballos realizados.

Non existe ningunha explicación máis alá do sectarismo que serve de guía o goberno local para non poñer a disposición dos cidadáns o novo túnel de O Parrote. Salvo que o goberno local, como todo parece indicar, non fixera a planificación das medidas de tráfico e mobilidade que afecta a toda a zona. Non hai ata a data ningunha planificación das solución e xestión da mobilidade para a restrición da circulación na superficie da Mariña e a retirada das vallas; non hai tampouco ningún avance para concluír a peatonalización da Cidade Vella.

O goberno local de A Coruña debe deixar de poñer escusas que non cree ningún e poñerse a traballar para abrir o túnel de O Parrote, mellorar o tráfico e non seguir prexudicando ós cidadáns, o comercio e a hostalería. Máis de 60 días desde o 4 de decembro de 2015, data da recepción, e o túnel segue pechado á circulación e o Concello de Coruña non ten posto data de apertura.

A falta de previsión e o descoñecemento de a Marea provoca problemas de tráfico e prexudica especialmente ós 40.000 residentes de Monte Alto, Adormideras e Cidade Vella. Nunha cidade de 37 km<sup>2</sup> e con un itsmo de 400 metros o ramal do Parrote é de importancia capital para unha mellor conexión de 40.000 veciños e para poder destinar 55.000 m<sup>2</sup> de superficie peatonal ás persoas, que é o gran obxectivo do soterramento do tráfico.



Por todo o exposto,

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Concello da Coruña a apertura do túnel do Parrote para mellorar o tráfico e a mobilidade da zona e evitar posibles prexuízos aos cidadáns, así como ao sector do comercio e da hostalería".

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/02/2016 13:58:59**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 17/02/2016 13:59:10**

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada e voceira, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno** sobre o novo edificio xudicial de Ourense.

No tempo que vai dende a inauguración do novo edificio xudicial de Ourense, véñense producindo diversos e numerosos incidentes que atentan contra a seguridade e saúde das persoas traballadoras e usuarias das instalacións xudiciais.

Entre as consecuencias das moitas deficiencias construtivas poderíanse citar as inundacións habituais nos baños, as filtracións de auga nos patios interiores, que as portas xiratorias do exterior se avaríen cada pouco tempo, que moitas pechaduras das portas non abran con normalidade ou que a porta do garaxe se avaríe con frecuencia.

Representantes sindicais de CC.OO. e UGT. do Sector de Xustiza en Ourense advirten das malas condicións de saúde e seguridade laboral. Os traballadores reséntense da falla de luz natural e da climatización deficiente, da imposibilidade de abrir as fiestras para ventilar áreas de acceso ao público nas que é previsible que o ambiente chegue a ser abafante. Tamén hai queixas de sufrir descargas eléctricas, cansazo e electricidade estática.

O 15 de outubro do 2015 desencaixouse parcialmente un dos grandes cristais da fachada principal do edificio xudicial. O incidente foi cualificado de “acontecemento puntual” polo Conselleiro de Xustiza, Alfonso Rueda quen no seu día dixera sobre o edificio que "a Administración ten unha responsabilidade de deseñar un edificio nas mellores condicións, que haberá que ver o que se

solicita e ao que se pode acceder, que sexa razoable e que entre dentro das disposicións orzamentarias”

Todos estes “acontecementos puntuais” anteriormente citados, suceden con demasiada frecuencia poñendo en cuestión, cando menos, a calidade dos materiais empregados nun edificio cuxa construción custou máis de 18.000.000 euros a todos os galegos.

Por todo o anteriormente exposto, , formúlase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

- Garantir a seguridade e prevención de riscos laborais dos traballadores e traballadoras así como das persoas usuarias no novo edificio xudicial de Ourense dado que o mesmo acaba de ser estreado cun custe de 18.000.000 € e xa se denuncian numerosas deficiencias no mesmo.
- Resolver, á maior brevidade, as deficiencias do edificio e atender as reclamacións e denuncias formuladas polos traballadores e traballadoras e as persoas usuarias.
- Esixir responsabilidades polas múltiples deficiencias do novo edificio xudicial de Ourense, a mala calidade do deseño e dos materiais empregados e os continuos incidentes que se producen no mesmo, con perigo para a integridade e saúde de traballadores e usuarios.
- Habilitar unha sala axeitada para os menores que participen nalgunha causa xudicial tal e como se aprobou neste Parlamento, por unanimidade, na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 6 de febreiro de 2015, publicado no BOPG Nº 413 do 10 de febreiro de 2015 páxina 98540.


- Habilitar unha sala e accesos específicos para os casos de violencia de xénero que separe ás vítimas dos seus agresores de tal xeito que nunca cheguen a coincidir no edificio.”

Pazo do Parlamento a mércores, 17 de febreiro de 2016

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro  
Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

***Asinado dixitalmente por:***

***Carmen Iglesias Sueiro na data 17/02/2016 15:19:34***



## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno** relativa á supresión de diversas frecuencias, horarios e a rebaixa das tarifas da liña ferroviaria entre Ourense -Santiago de Compostela -A Coruña.

Un medio de transporte como o ferroviario debería ser potenciado como prioritario polos distintos xestores públicos e gobernantes pola súa vertente de medio menos contaminante e público.

Porén, a política de prezos de ADIF fai que sexa o medio de transporte máis gravoso para as persoas que precisan viaxar . Isto, unido a restricións horarias, fai que as persoas viaxeiras descarten a opción do tren como medio de transporte, desbotando outras vantaxes coma comodidade, seguridade etc.

Ademais, nos últimos dous anos Renfe ven cambiando os horarios, e suprimindo frecuencias da liña Ourense-Santiago de Compostela- A Coruña e viceversa, en repetidas ocasións. O recorte nos servizos, xunto ás altas tarifas dos billetes, e unha política de descontos pouco funcional, non se axeitan ás necesidades que os usuarios precisan do servizo público.

Recentemente vense de suprimir o tren Avant, Ourense-Santiago de Compostela, que tiña a súa saída ás 10:30 da mañá, así como e das 18:35 de Santiago de Compostela cara a Ourense.



O recorte nas frecuencias supón, que dende as 7:55 da mañá, ata as 12:10 non hai comunicación ferroviaria entre Ourense - Santiago de Compostela- A Coruña, e dende as 17:35 e as 20:30 tampouco existe entre Santiago de Compostela e Ourense, ocasionando grandes problemas a moitos traballadores e estudantes que fan o percorrido a diario.

Por outra banda, as tarifas son das mais altas do Estado e de Galicia, en relación con outras lineais semellantes, o que fai que o servizo de ferrocarril non responda as necesidades dos usuarios e sexa pouco accesíbel para moitas economías e salarios. Por estas razón descende a ocupación dos trens, argumento que RENFE utiliza para xustificar a supresión de trens.

Tampouco é acertada a política de descontos con bonos moi restritivos polo escasísimo límite temporal de uso. Por exemplo, un bono de 10 viaxes é válido, unicamente, para 7 días naturais e que fai que, se unha persoas traballadora usa este bono e lle coincide cunha semana cun día non laborable, perda 2 viaxes pagadas e non viaxadas.

Na actual situación socioeconómica, precísase dun transporte ferroviario que facilite a mobilidade laboral e que teña tarifas axeitadas aos salarios dos traballadores e ás economías das familias e dos estudantes e unha política de descontos realista.

Ourense require unha boa comunicación ferroviaria con Santiago de Compostela e A Coruña, xa que son moitos as persoas traballadoras, os estudantes e as persoas que se desprazan frecuentemente entre as dúas cidades, por cuestións administrativas, de saúde e incluso de turismo.

Outro punto que merece ser revisado son os trens que son utilizados de forma masiva para o desprazamento das persoas universitarias o que provoca que



non haxa prazas suficientes e ditos trens non se vexan ampliados coa capacidade requirida para cubrir a demanda deses horarios e días.

Unha maior frecuencia de horarios e unha redución das tarifas da liña, aumentaría o número de pasaxeiros e faría máis rendible o servizo.

Polo exposto preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar ás xestións precisas ante o Goberno do Estado para que este se dirixa a Renfe coas seguintes demandas:


1. Reposición dos servizos suprimidos na liña Ourense-Santiago-A Coruña, A Coruña-Santiago-Ourense.
2. Realización dun estudo exhaustivo das necesidades dos pasaxeiros habituais da liña, axeitando ás mesmas, os horarios, frecuencias e tarifas.
3. Equiparar as tarifas da liña ás outras do Estado e de Galicia con características semellantes.
4. Rebaixar as tarifas dos bonos dos viaxeiros frecuentes e mellorar ás súas condicións de uso ampliando o tempo de uso dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2016

*Asdo.:*

*Carmen Iglesias Sueiro*

*Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*



**GRUPO MIXTO**

PARLAMENTO DE GALICIA


---



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2016 16:30**  
**Nº Rexistro: 47392**  
Data envío: 17/02/2016 16:15:34.215

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Iglesias Sueiro na data 17/02/2016 16:15:04**







BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á sentenza que tomba o concurso eólico e obriga á Xunta de Galiza a valorar outra vez as ofertas.

Na actualidade resulta totalmente evidente o o fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijoo, tal e como o BNG ten denunciado en numerosas ocasións. Trátase dun concurso que xa naceu eivado, froito dunha concepción sectaria da Xunta de Galiza, que botou abaixo o concurso anterior, e que tivo o seu toque de graza coas modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado. Existiron numerosos feitos que constataron este resultado, aínda que o máis gráfico sexa que non hai ningún megavatio dos adxudicados en funcionamento.

O fracaso da política eólica dos gobernos presididos polo Sr. Núñez Feijoo comezou a fraguarse coa anulación do concurso eólico levado a cabo polo goberno bipartito anterior, por supostas “tachas de legalidade”, un argumento que xa ten desmontado o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e o Tribunal Supremo . Ben ao contrario, é o actual concurso eólico o que cada vez presenta máis “tachas de legalidade”

O martes 16 de febreiro os medios de comunicación daban a coñecer unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) na que apoia a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

demanda que presentou Capital Energy en contra das valoracións das ofertas, e tomba a resolución dos 2.325 megavatios do concurso. A sentenza impón ademais volver practicamente ao principio do proceso, concretamente ata a revisión dos plans industriais que as compañías entregaron para facerse cunha parte dos megavatios ofertados pola Consellería de Economía e Industria. A sentenza, da que so se coñece nestes momentos unha parte mediante fontes xornalísticas, sinala que esas valoracións das propostas "non se axustan a dereito".

Cabe recordar que a fórmula elixida pola Xunta de Galiza para ordenar as ofertas foi cuestionada desde o primeiro momento. Dun total de 100 puntos posíbeis, os investimentos do plan industrial e o emprego comprometido podían sumar ata 55 puntos. Os informes da comisión de valoración encargada de avaliar as propostas revelaron meses despois que a inmensa maioría das propostas tiñan erros, que houbo moitas dúbidas sobre a aplicación dos criterios e que se deron por boas promesas de investimento que non implicaban ningún emprego. Así, segundo fontes xornalísticas, o TSXG amosa a súa disconformidade pola forma que en se efectuaron as puntuacións para conseguir os parques e falla coa obriga da Xunta de "retroacción das actuacións á fase de valoración da oferta."

Por todo isto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Asumir as responsabilidades políticas que se derivan da sentenza do TSXG que obriga á Xunta de Galiza a valorar outra vez as ofertas.

-Explicar ante o Parlamento as consecuencias de botar abaixo coa escusa dunha suposta ilegalidade un concurso que o TSXG declarou legal, para substituílo por outro que se anunciou como “legal e transparente” e ven de ser tombado polo TSXG.”

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2016

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 17/02/2016 17:00:09**

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma en defensa do dereito ao aborto de A Coruña denunciou a situación que atinxe ás mulleres que teñen que interromper o seu embarazo pasadas 14 semanas de xestación no CHUAC.

No concreto, aquelas mulleres que contan cunha gravidez superior ás 14 semanas teñen dúas opcións para interromper o embarazo: facelo no Materno ou ir a unha clínica privada-concertada en Madrid.

Trátase de situacións nas que concorren algún dos dous supostos contemplados pola actual lei en vigor: malformación fetal ou problemas de saúde para nai.

Para interromper o embarazo no Materno, na área de xinecoloxía, non hai matróns/nas, só persoal de enfermería.

A alternativa a esta realidade é que as mulleres sexan atendidas nunha clínica privado-concertada de Madrid na que o aborto prodúcese nun paritorio e coa supervisión dun/ha matró/a.

No Materno non se practicaban abortos, todos os/as profesionais declaráronse obxectores de conciencia e na Galiza non existían clínicas con licenza para practicar abortos a partir das 14 semanas.

Após sete meses desde a queixa presentada pola Plataforma en defensa do dereito ao aborto e perante o silencio da administración ante a vulneración do dereito ao aborto das mulleres que teñen como centro de referencia o CHUAC,

preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Garantir o dereito ao aborto en condicións sanitarias dignas no CHUAC a todas as mulleres que deben abortar despois da 14ª semana de xestación
2. Cubrir as prazas de matró/a e xinecoloxía necesarias no CHUAC para procurar a atención en todas as quendas ás mulleres que deben abortar despois da 14ª semana de embarazo
3. Habilitar un espazo no CHUAC para a atención a estas mulleres que inclúa a disposición dun paritorio.”

Pazo do Parlamento, a 18 de febreiro de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García*  
*Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*


*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez*  
*Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 18/02/2016 09:38:46**

**Mónica Fernández Rodríguez na data 18/02/2016 09:38:57**

2





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galiza ante un posíbel risco de derrube do túnel romano de Montefurado.

Segundo recollen diversos medios de comunicación o director do Instituto Universitario de Xeoloxía Parga Pondal, da Universidade da Coruña, advertiu que o túnel romano de Montefurado pode fundirse en calquera momento porque mediante unha simple orbservación visual pode verse que a pizarra está moi oxidada e desfeita. Segundo declaracións deste xeólogo o túnel non “está feito para soportar o volume de auga do Sil multiplicado por catro ou cinco” e considera que debería facerse unha xestión máis coidadosa dos encoros situados augas arriba deste espazo que constitúe o principal vestixio histórico da minería romana en Galiza.

Este túnel xa sufriu un derrube moi grave en 1934, ficando reducido de maneira notábel. Así o túnel medía sobre 1,20 metro e quedou reducido aos 52 actuais. Neste momento o túnel está ameazado polos efectos das riadas fundamentalmente, mais é preciso facer algún estudo que determine a súa situación, así como as actuacións que é preciso levar adiante para garantir a conservación do túnel de Montefurado.

Diante disto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Realizar, no prazo máximo de dous meses, un estudo técnico que analice o estado de conservación do túnel de Montefurado, mida o risco de derrube do mesmo, así como, a urxencia das medidas que sexan necesarias adoptar para salvagardar a conservación deste relevante espazo histórico.
2. Levar adiante as actuacións recollidas na lexislación vixente para que o túnel de Montefurado sexa declarado definitivamente Ben de Interese Cultural.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Cosme Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 18/02/2016 12:39:10**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 18/02/2016 12:39:16**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á cobertura do 100% das prazas de persoal vacantes no Sergas.

O Sergas segue a utilizar a oferta pública de emprego coma a mellor ferramenta para desmantelar a sanidade pública e conseguir a privatización.

A oferta pública de emprego presentada polo SERGAS na mesa sectorial do día 12 de febreiro de tan só 818 prazas, e ningunha para moitas categorías, ven por de manifesto, máis unha vez, a amortización de postos de traballo na sanidade pública e que seguen a aplicar a a taxa de reposición, e nalgunha categoría a oferta de emprego e nula desde o ano 2009.

Nos anos 201/11/12/13 só se cubriron o 10% das prazas vacantes, máis non se cubriron o 10% de todas as categorías, senón aquelas que a consellaría de sanidade autorizou a súa cobertura. Utilizaron este sistema para eliminar @s traballador@s dos servizos que quería privatizar e converter a sanidade en negocio. Condenando ao persoal ao desemprego e a emigración.

Á escasa convocatoria de prazas na OPE, hai que engadir que tampouco autorizan contratos estábeis de interinidade. Isto conleva que o persoal, para cubrir o mesmo posto, asine contratos cada 15 días, por días soltos, ou outras





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

modalidades perversas. Con esta modalidade de contratación, obríganlle ao persoal a facer unha xornada maior que a xornada SERGAS. Non se lle computa a diminución de xornada en función das noites realizadas.

É preciso devolverlle á sanidade pública o número de traballador@s necesari@s para prestar unha sanidade de calidade, agora diminuída, xa que por moito que maquillen os datos, as listaxes de espera seguen a medrar, ao igual que as derivacións á privada.

Esta política de persoal, e a falta de estabilidade laboral, incrementa a precariedade laboral e retributiva.

O Bloque Nacionalista Galego considera imprescindible a convocatoria do 100% das prazas vacantes desde o 2009 e a realización de contratos estábeis pola causa que motiva a contratación., por esta razón presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a.

Que o SERGAS realice unha convocatoria de OPE co 100% das prazas vacantes reais e non cubertas e en todas as categorías profesionais.

Que convoque todas as prazas estruturais ocupadas por persoal eventual con duración superior a un ano.

Que cambie a súa política de contratación e a que negocie de inmediato, tal como reclaman as organizacións sindicais con representación na sanidade



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

pública, unha orde de vínculos polo principio de causalidade, de xeito que se contrate pola mesma causa que xera a contratación e polo tempo completo desta.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores  
Deputada do G.P. do BNG  
Francisco Xesús Jorquera Caselas  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 18/02/2016 12:50:43**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/02/2016 12:50:49**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Quintas Alvarez, Raúl Fernández Fernández, Carmen Acuña do Campo, Abel Losada Alvarez e José Manuel Gallego Lomba**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O Plan Director para o Santuario das Ermidas inclúe, unha hospedaxe e un museo. Trátase dunha actuación integral, destinada a revalorizar tanto As Ermidas como a súa contorna, co obxecto de incrementar a súa característica como foco de atracción turística e posta en valor dos elementos endóxeos do xeodestino, concretamente, o contorno do Concello de O Bolo.

Dende a alcaldía de O Bolo e a propia Xunta de Galicia, anunciouse a negociación cos veciños e veciñas da contorna do Santuario das Ermidas para que dean o seu permiso para que se poidan rehabilitar as fachadas e garaxes situados no percorrido do Vía Crucis, adecuándoos ao conxunto monumental. Este permiso dos veciños e veciñas é unha das condicións que no seu día puxo a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Turismo, para levar a cabo a súa actuación de recuperación tanto do Santuario como da imaxinería do Vía Crucis, o motivo polo que se fai necesaria esta actuación é que As Ermidas nunca tivo plan urbanístico.

O proxecto integral que, segundo o alcalde de O Bolo se elaborou dende a Xunta de Galicia, pretende cambiar os materiais orixinalmente utilizados polos veciños e veciñas para construír os seus garaxes e fachadas por outros de tipo rústico, máis conformes coa contorna do Santuario das Ermidas.

O relevante do proxecto, incluíndo as obras a realizar no propio santuario e na imaxinería do Vía Crucis, supera o millón de euros e, aínda que as obras non teñen data de inicio, é unha das iniciativas contempladas pola Xunta de Galicia.

O turismo, do mesmo xeito que a lousa, ou que o comercio, ou o viño, é unha industria cuns intereses e uns competidores moi determinados, aos que

## Grupo Parlamentario

debemos estudar e ter en conta, para poder ofrecer algo que nos diferencie e contra os que podamos competir nos mercados.

É preciso crear produto turístico con paquetes desde a comarca tomando como eixe referencial o patrimonio cultural. O Santuario das Ermidas ten unha fachada que pode considerarse como unha das mellores obras do barroco galego. Portada profusamente decorada; obsérvanse varias imaxes e destacan as súas columnas salomónicas, decoradas con vide e outros motivos vexetais.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O santuario foi mandado construír polo Bispo de Astorga no ano 1624, no lugar onde a tradición conta que apareceu a Virxe. Ao templo orixinal dunha soa nave, fóronselle agregando a Capela Maior e as dúas torres, así como dúas naves no lado norte e o sur. O recinto do Santuario presenta un pavimento decorativo de cantos rodados e un cruceiro barroco no centro.

Dada a relevancia cultural da contorna de O Bolo dende o Grupo Socialista consideramos de especial importancia a posta en marcha das actuacións previstas pola Xunta de Galicia para fixar poboación e xerar emprego na zona.

E por todo isto que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, na presente lexislatura, se execute a programación aprobada no Plan de dinamización turístico para o Santuario das Ermidas, no Concello do Bolo.

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2016

Asdo.: María Quintas Alvarez  
Raúl Fernández Fernández  
Carmen Acuña do Campo  
Abel Losada Alvarez  
José Manuel Gallego Lomba  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 18/02/2016 13:52:22**

**Raúl Fernández Fernández na data 18/02/2016 13:52:28**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María del Carmen Acuña do Campo na data 18/02/2016 13:52:35**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/02/2016 13:52:39**

**José Manuel Gallego Lomba na data 18/02/2016 13:52:46**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 18/02/2016 13:52:53**

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez, María de los Angeles Ferreiro Vidarte, Noela Blanco Rodríguez e Pablo García García**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O día 22 de febreiro conmemoramos o Día Europeo pola Igualdade Salarial. Unha data na que lembramos que na actualidade os homes e as mulleres continuamos gañando salarios diferentes por unha simple cuestión de discriminación de xénero e que, lonxe de reducir a brecha, as desigualdades están a ser cada vez maiores.

A última Enquisa Anual de Estrutura Salarial do Instituto Nacional de Estatística (INE) amosa que a remuneración anual bruta das traballadoras españolas foi un 24 % inferior á dos homes. É dicir, en España as mulleres asalariadas para percibir de media as mesmas retribucións que os homes terían que traballar 79 días máis ao ano –ou, o que é o mesmo, traballan de balde máis de dous meses e medio-. Esta desigualdade dispárase ata o 39 % se falamos das pensións, porque o impacto das diferenzas salariais sobre as mulleres, ademais de supoñer menos ingresos ao longo das súas vidas, ten consecuencia directa en pensións máis baixas e nun maior risco de pobreza para as mulleres maiores.

En Galicia, a situación é incluso peor, xa que os salarios na nosa comunidade xa son máis baixos en xeral que a media do Estado español. Polo tanto, a capacidade económica das mulleres galegas é das máis baixas de España, co que iso leva.

## Grupo Parlamentario

Pero se existe un colectivo que sofre especialmente a discriminación laboral é, sen lugar a dúbidas, o das mulleres rurais. E por iso, este ano o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia quere dedicarlle a elas o Día contra Desigualdade Salarial. Unha desigualdade que, máis que iso, no seu caso é o da total invisibilidade, a da non existencia.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os datos constatan esta realidade. Malia que o 56 % das mulleres son titulares das explotacións agrarias galegas, isto non significa que o sexan tamén dos medios de produción –xeralmente a nome do seu cónxuxe-.

Ademais, no caso das explotacións familiares existe un 67 % de cónxuxes mulleres que traballan na mesma e non son cotitulares. Por non falar das que non figuran en ningún rexistro de actividade, xa que algún estudo di que 6 de cada 10 mulleres que dedican máis de 30 horas á semana á explotación agraria non están dadas de alta na Seguridade Social.

E o é máis preocupante é que estamos nesta situación de grave desigualdade malia contar coa ferramenta para paliar esta situación. O 5 de xaneiro de 2012 entraba en vigor a Lei 35/2011 sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, unha norma elaborada polo Goberno socialista. As mulleres rurais de todo o país felicitábanse pola aprobación dunha lei que viña recoñecer xuridicamente o seu traballo, ata entón invisible.

As primeiras previsións falaban de 300.000 potenciais mulleres que se acollerían ao modelo de titularidade compartida en todo o territorio español, pero o certo é que, pasados xa catro anos, a Lei de titularidade compartida non deu o resultado esperado. O Partido Popular, ao fronte dos Gobernos estatal e da Xunta de Galicia, non foron quen –ou non quixeron- desenvolver a norma. De feito, tampouco impulsaron as necesarias campañas de divulgación e concienciación e, no caso específico de Galicia, non se desenvolveron os regulamentos de aplicación nin se levou a cabo unha formación específica ao seu funcionariado para tramitar, asesorar e informar axeitadamente ás interesadas.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os datos falan por si mesmos. A 25 de xuño de 2015, en toda España figuraban inscritas no rexistro de titularidade compartida 136 explotacións e, no caso de Galicia, a comunidade cun maior número de explotacións agrarias (arredor de 15.000), unicamente estaban inscritas 13 (o 9,6 % das de España).

Malia o escaso número de inscricións, non existe ningún tipo de axuda ou incentivo específico para fomentar o acceso á titularidade compartida, nin a través da Política Agraria, nin dos fondos para desenvolvemento rural -que, por certo, teñen dentro dos seus obxectivos o de fomentar a igualdade entre homes e mulleres-, nin das axuda/bonificacións da Seguridade Social.

Nomeadamente, nas principais convocatorias de axudas para explotacións agrarias convocadas neste ano a titularidade compartida non é considerada como criterio para a valoración das solicitudes.

E a nova PAC do ano 2015 inclúe no apartado de datos xerais a pregunta de se explotación é de titularidade compartida ou non, pero non inflúe para nada na axuda a percibir, tanto en axudas directas (1º piar) coma nas medidas de Desenvolvemento Rural. Así, veñen a ter o mesmo tratamento que as sociedades.

En canto ás axudas á afiliación á Seguridade Social, que ían dirixidas a incorporar titulares ou cotitulares aínda que sen implicar directamente a titularidade compartida, segundo a información proporcionada pola Xunta de Galicia, as partidas foron de 140.000 euros de 2012 –gastados 66.000 en 22 axudas para 19 mulleres e tres homes-, de 194.000 en 2013 –investidos 126.000 en 42 concesións a mulleres- e de 62.500 euros en 2014 –gastáronse 60.000 en 20 axudas-. No ano 2015 xa non se fixo esta convocatoria, que podería constituír un medio, contando co orzamento axeitado e estando aberta todo o ano sen limitacións de idade, para



## Grupo Parlamentario

potenciar a titularidade compartida, incorporando unha contía específica maior para aquelas que se incorporaran mediante este fórmula xurídica.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo isto, podemos afirmar que estamos a asistir a un retroceso de dereitos que custara anos conseguir, sobre todo no medio rural. E, por todo iso, queremos dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia reivindicar os dereitos dunhas mulleres que, ademais en Galicia teñen sido fundamentais para o mantemento poboacional de moitas vilas e aldeas e para o desenvolvemento económico das mesmas.

Debemos rachar coas desigualdades salariais e tamén con esa invisibilidade laboral á que están sometidas miles de mulleres en Galicia, desenvolvendo a Lei de titularidade compartida e os regulamentos autonómicos necesarios, e promovendo todo tipo de campañas informativas e formativas, así como as axudas directas e indirectas que sexan precisas, para acadar que as mulleres estean nunha situación de igualdade real nos seus traballos, nas súas explotacións agrarias. Con este obxectivo naceu esta lei socialista e este é o obxectivo que mantén o Grupo Parlamentario Socialista a día de hoxe cunhas mulleres que foron e son un pilar fundamental da nosa sociedade.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, antes de finalizar o actual período de sesións, poña en marcha as seguintes medidas:

1. Elabore os regulamentos autonómicos necesarios para o desenvolvemento da Lei de titularidade compartida.
2. Promova as campañas informativas e formativas necesarias para que as vantaxes da titularidade compartida sexan perfectamente coñecida no medio rural galego e por todos os axentes e asociacións que nel e con el traballan ou colaboran.

**Grupo Parlamentario**

3. Se incorpore, de forma inmediata, a titularidade compartida como criterio para a valoración das solicitudes en todas as convocatorias de axudas para explotacións agrarias convocadas para este ano. E, nomeadamente, nas axudas á PAC e para afiliación a Seguridade Social.
4. Se creen, de forma inmediata, na Consellería de Medio Rural, e se incorporen nos estudos de impacto de xénero dos orzamentos deste departamento para valorar a súa repercusión ás axudas directas e indirectas que sexan precisas, para acadar que as mulleres estean nunha situación de igualdade real nos seus traballos, nas súas explotacións agrarias.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2016

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Carmen Gallego Calvar  
María Quintas Alvarez  
María de los Angeles Ferreiro Vidarte  
Noela Blanco Rodríguez  
Pablo García García  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 18/02/2016 16:09:16**

**Carmen Gallego Calvar na data 18/02/2016 16:09:21**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 18/02/2016 16:09:26**



---

**Grupo Parlamentario**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 18/02/2016 16:09:32**

**Noela Blanco Rodriguez na data 18/02/2016 16:09:38**

**Pablo García García na data 18/02/2016 16:09:43**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 18/02/2016 16:09:49**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao permiso dos 3 primeiros días de I.T do persoal sanitario

Coa aprobación da lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais, impúxose unha penalización retributiva consistente unha redución do 50% do salario d@s empregad@s públic@s nos 3 primeiros días de I.T, o persoal ten que presentar o parte de IT desde o primeiro día de ausencia por enfermidade, e procédese ao desconto na nómina do 50% do salario por eses días, medida que foi ratificada coa Lei de Emprego de Galiza.

Ao persoal que traballa para Función Pública non se lle aplica este criterio desde o ano 2012 e vimos de coñecer que a Consellaría de Educación tampouco vai aplicar esta penalización ao seu persoal.

Todo indica que esta penalización retributiva por enfermar non se aplica a todo o persoal que presta servizos para a Xunta de Galiza, senón que depende da consellaría na que desenvolvan a súa actividade.

O traballo do persoal do SERGAS desenvólvese en contacto con persoas enfermas, polo que, por responsabilidade na prestación do servizo, as veces é imposible acudir ao traballo para non causar un mal maior. por iso resulta difícil entender a especial dureza coa que impón o SERGAS estes recortes negándose a negociar unha aplicación máis flexible da norma como fan outras consellarías.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que o SERGAS aplique o permiso de 3 días por enfermidade, con xustificación médica e sen diminución retributiva, para o persoal que traballa na sanidade pública.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores  
Deputada do G.P. do BNG  
Francisco Xesús Jorquera Caselas  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 18/02/2016 16:47:53**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/02/2016 16:47:56**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á precariedade laboral da mocidade galega.

Ter máis de 30 anos, un contrato de formación e cobrar 426 euros é unha realidade xeneralizada entre a mocidade galega grazas ás reformas laborais dos gobernos españois.

Este tipo de contratos non se dan só na mocidade de entre 20 a 24 anos, senón tamén en maiores de 29 anos, dándose o case de moz@s contratad@s aos 30 anos e que poden permanecer até os 33 con este tipo de relación laboral, dous anos ordinarios máis outro de prórroga.

As reformas laborais precarizaron a contratación en prácticas, eliminando o límite de tempo transcorrido entre a finalización de estudos e o contrato, desta maneira, os contratos en prácticas pódense aplicar a toda persoa menor de trinta anos, sen importar que os estudos que se van pór en práctica nese contrato finalizasen, por exemplo, 10 anos antes. Por tanto, as empresas contratan mocidade altamente cualificada a prezo de saldo, e reciben subvencións públicas por contratar en modalidade de aprendizaxe e temporal.

Precarizaron as condicións dos contratos de formación até a extenuación e isto funciona tamén para maquillar as cifras de desemprego, a única cifra de contratacións que sube é a de contratos de formación!



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ademais coas reformas laborais permitiuse que as Empresas de Traballo Temporal tramiten os contratos de prácticas e aprendizaxe, rapiñando parte do salario de cada traballador/a.

Diante desta situación presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á:

Posta en marcha dun plan para evitar que con cartos públicos se financie a precariedade laboral da mocidade galega, de xeito que non se destinen recursos públicos a medidas de emprego xuvenil baseadas en fórmulas como o contrato de prácticas, de formación, fórmulas de non contratación como son as bolsas que substitúen postos de traballo etc. nin ás ETTS.

Realizar todas as actuacións precisas para destinar eses fondos á inversión produtiva para a xeración de emprego, fomento de novos espazos de actividade e mellora das prestacións.

Realizar todas as actuacións precisas para que os contratos en formación para estudantado e as prácticas laborais sexan remuneradas ao 100%.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores  
Deputada do G.P. do BNG  
Francisco Xesús Jorquera Caselas  
Portavoz do G.P. do BNG



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 18/02/2016 17:01:27**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/02/2016 17:01:35**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Xosé M. Beiras Torrado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

A pesar de que os datos do paro rexistrado tanto en Galicia como no resto do Estado continúan a ser devastadores, o goberno central continúa na senda da desprotección dos desempregados. Nos últimos anos esta tendencia ten acadado que menos da metade dos desempregados do país reciban algún tipo de prestación, chegando a prestación de nivel contributivo a niveis de aplicación certamente cativos; neste sentido so no ano 2015 en Galicia gastáronse 250 millóns de euros menos en prestacións por desemprego, reducindo tanto o número de prestacións como a cuantía das mesmas, o que demostra a falta de sensibilidade do goberno por axudar as persoas que foron arrincadas dos seus postos de traballo, pola estafa da crise e as criminais reformas laborais do goberno de turno, sen esquecer a indecente reforma das prestacións por desemprego que reduxo a cuantía das mesmas para o conxunto de parados do Estado.

Inaceptable tamén resulta que o goberno deixase sen executar 5.000 millóns da partida orzamentaria adicada a protección o desemprego, cartos que sen dúbida foron a petos de entidades e persoas menos necesitadas, por iso compre articular unha política de protección adecuada e suficiente para os desempregados e desempregadas, que permita garantir niveis de vida digna, para aqueles desposeidos dos seus postos de traballo polas políticas

económicas de carácter criminal promovidas pola Troika e executadas polos gobernos central e autonómico.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a demandar do Goberno Central:

- 1.- Recuperar o total dos cartos orzamentados e non gastados das partidas de protección o desemprego, creando mecanismos de protección para as persoas desempregadas que non reciben ningún tipo de prestación.
- 2.- Reformar a prestación por desemprego devolvendo as cuantías a situación anterior, de xeito que se recupere o pago do 60% da base reguladora a partir do sétimo mes.
- 3.- Crear novas figuras de protección pensadas para os parados de longa duración con idades superiores os 45 anos.
- 4.- O retorno ás arcas galegas dos 250 millóns de euros non utilizados das prestacións de desemprego dos galegos e galegas, de forma que a Comunidade poida establecer axudas propias para esta poboación.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/02/2016 17:57:15**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/02/2016 17:57:23**



**Anton Sánchez García na data 18/02/2016 17:57:26**

**Ramón Vázquez Díaz na data 18/02/2016 17:57:29**

**Eva Solla Fernández na data 18/02/2016 17:57:32**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 18/02/2016 17:57:35**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Xosé M. Beiras Torrado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

A pesca de Baixura está a sufrir unha crise moi importante, que compromete a viabilidade de moitas das “empresas” e postos de traballo do sector, a competencia desleal externa, a política de prezos, e as decisións contrarias aos seus intereses por parte dos gobernos central, autonómico e da UE, fan necesario establecer accións que permitan desafogar o desenrolo da actividade dos profesionais das artes menores do conxunto do país.

A presión impositiva tamén supón unha rémora para a súa actividade polo que entendemos que debe establecerse unha nova política de taxas e impostos a pesca, que vaia na liña de acadar recursos daqueles sectores que máis ingresos xeran, evitando taxas absurdas por actividades e axudas que debe prestar a administración pública, sen pedir contraprestación a cambio.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central a inmediata modificación da Taxa de Axudas á Navegación de xeito que se inclúa entre as exencións existentes ao pago da taxa unha que exima do pago aos profesionais do mar da pesca tradicional de Galicia e o resto do Estado.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/02/2016 18:06:47**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/02/2016 18:06:54**

**Anton Sánchez García na data 18/02/2016 18:06:57**

**Ramón Vázquez Díaz na data 18/02/2016 18:06:59**

**Eva Solla Fernández na data 18/02/2016 18:07:02**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 18/02/2016 18:07:05**

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, María Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Hai uns días o Ministerio de Sanidade, fixo públicos os datos das ILE do ano 2014 en España e nas comunidades autónomas. Os datos referentes a Galicia reflicten que o número de mulleres que interromperon o seu embarazo foi de 3.351.

A cifra total en España é de 94.796 e é a menor dos últimos 9 anos, sendo esta a tendencia por diversos motivos: algúns débense á maior utilización da píldora do día seguinte, ao abaratamento do custe dalgunhas pímulas, a atención do planeamento familiar nalgúns centros de saúde, etc.

Destes datos dedúcese tamén que son as mulleres entre 20 e 24 anos, é non as menores de 20, a idade na que se producen máis abortos.

Outro dato importante refírese á utilización de métodos anticonceptivos: hai un 34 % de mulleres que non utilizaron ningún método (nin elas nin a súas parellas) é isto si que é máis frecuente e preocupante.

Esta tendencia no descenso dos abortos en España non se da ao mesmo nivel en Galicia nin é tan regular coma no resto do país. Analicemos algunhas razóns:

- En Galicia non existe a educación sexual nas escolas. Non forma parte do currículo escolar.

Como moito vai algún especialista dar charlas sobre temas relacionados, pero é algo puntual e nun nivel educativo determinado. Isto non é Educación, é simplemente información... A Educación leva consigo a información e o necesario cambio de actitudes, como isto non se fai, aínda se pensa que na

## Grupo Parlamentario

primeira vez non te quedas embarazada, que a marcha atrás é un método seguro, etc.etc.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Elaboráronse materiais didácticos por parte da área sanitaria do Goberno, pero Educación nunca as levou á práctica. A consecuencia é que os nosos mozos e mozas só teñen información por amigos, revistas pornográficas, películas etc.

- Os centros de planeamento familiar estanse a esmorecer porque o Goberno galego non ten o máis mínimo interese en que funcionen: Non se cobren as prazas dos profesionais que quedan vacantes, hai varios COF que non teñen traballador/a social, hai varios COF que só teñen un día á semana consulta xinecolóxica, hai COF que a consulta xinecolóxica faina cada día da semana un profesional distinto, hai profesionais que atenden o COF, o centro de saúde e tamén un centro de saúde mental.

- Non existe un marco normativo. O último onde se detallaban funcións e contidos do servizo e dos profesionais data do ano 1984, o chamado Plan de centros de orientación familiar do Insalud.

Como consecuencia, non se ofertan as mesmas prestacións en todos os centros e non existe igualdade no acceso a estes servizos na mesma comunidade, porque o Goberno do Sr Feijóo non tivo ningunha actuación neste senso.

O Goberno do Sr Feijóo e do PP actúa dunha forma totalmente hipócrita neste campo. É contrario ao aborto, pero non fai absolutamente nada para evitalo.

En resume, os COF, no seu funcionamento actual, non cumpren o principal obxectivo do planeamento familiar que é proporcionar a toda a poboación unha atención integral con unha dimensión educativa, e de promoción da saúde afectivo sexual e non exclusivamente asistencial que é o modelo que defende o Goberno do PP.



**Grupo Parlamentario**

Por todo isto, as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego acerca dos datos expostos e da política do planeamento familiar?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Que datos ten o Goberno galego da utilización dos métodos anticonceptivos utilizados pola xente moza?

3ª) Para cando a educación sexual no currículo escolar e na formación dos profesionais (sanitarios e non sanitarios) que traballan neste campo?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 12/02/2016 11:03:21**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 12/02/2016 11:03:45**

**Carmen Gallego Calvar na data 12/02/2016 11:03:52**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 12/02/2016 11:04:01**




## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada e voceira, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Interpelación** relativa á declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

Xa van dezasete anos dende que en 1999 o Ministerio de Asuntos Exteriores rexistrara a proposta do recoñecemento pola UNESCO, da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, sendo a entrada máis antiga da “listaxe indicativa de bens e sitios excepcionais” propostos correspondente a España.

Esta candidatura leva un longo percorrido ata o día de hoxe:

- En agosto do 1999, o Ministerio de Asuntos Exteriores rexistrou a proposta de recoñecemento de Patrimonio da Humanidade para a Ribeira Sacra.
- En xuño do 2004, o conselleiro Pérez Varela anunciaba un plan director para rehabilitar monumentos e obter así o distintivo da UNESCO para o seguinte ano 2005.
- En xuño do 2011 o presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro tamén anunciaba que quería dar un novo impulso á candidatura.
- Dous anos máis tarde, en setembro do 2013, o presidente da Deputación de Ourense J. Manuel Baltar, mantén unha reunión cos alcaldes para trazar un plan de actuacións para conseguir a Declaración en cuestión de meses.



- Despois de varios meses de competición por atribuírse o mérito, as institucións e administracións interesadas, acordan en decembro do 2013, traballar de xeito coordinado e intenso a favor do proxecto, e acadar o éxito da candidatura.
- Derivado do mesmo, en xullo do 2015 celebrouse un acto no Mosteiro de San Pedro de Rocas no que o Valedor do Pobo entregaba ao Conselleiro de Cultura, Roman Rodríguez, un Informe Técnico elaborado por un equipo de expertos e profesores das universidades galegas. Dito Informe constitúe un estudo profundo da Ribeira Sacra, e servirá de base á Dirección Xeral de Patrimonio para emprender o camiño administrativo da imprescindible declaración de BIC do territorio.

O estudo detalla o grandioso Patrimonio Cultural, a longa tradición de ocupación humana, que unida a súa riqueza medio ambiental e a súa peculiar bioloxía, configuran unha extraordinaria paisaxe que ten o seu máximo esplendor nos Canóns do Sil coa súa característica “viticultura heroica”.

Os recursos desta área xeográfica pertencente ás provincias de Lugo e Ourense, son máis que suficientes para poder optar á Declaración da Unesco, sempre que se dea o paso previo e imprescindible da catalogación da zona como Ben de Interese Cultural, para o que tamén conta con todos os requisitos.

As previsións oficiais apuntaban que a catalogación de BIC tiña que estar feita na primeira metade do ano 2015. Logo apuntouse o segundo semestre do ano, e agora todo indica, que o 2016 tampouco se materializará o remate do proceso, que xa leva dous decenios de trámites nos despachos.

Pola experiencia de proxectos similares, farán falla un mínimo de dous anos máis para ter lista a Declaración de BIC. A elo haberá que sumarlle o tempo que se tome a Unesco para avaliar a candidatura.


Obter esta Declaración é unha cuestión estratéxica e de primeira orde para este territorio composto por 21 Concellos das provincias de Lugo e de Ourense que se atopan entre os máis castigados polo despoboamento demográfico, a principal lacra da Galicia interior.

A distinción do Organismo Internacional poría en valor esta área xeográfica e a rendibilizaría e impulsaría economicamente. A súa posta en valor, sempre baixo criterios de sustentabilidade, produciría unha grande revitalización e un maior desenvolvemento e impulso económico das Provincias de Lugo e Ourense.

É preciso que a Xunta de Galicia exerza a súa responsabilidade e poña todo o seu empeño en axilizar o proceso da declaración do BIC da Ribeira Sacra como condición imprescindible para poder obter a declaración de Patrimonio mundial da UNESCO.

Por todo o anteriormente exposto, e dado que a Ribeira Sacra posúe especial relevancia no territorio, patrimonio, economía e sociedade galega, formúlase a seguinte **Interpelación**:

- Que propósitos de actuación ten o Executivo galego para lograr a distinción de Patrimonio da Humanidade, por parte da UNESCO, da Ribeira Sacra e que previsións cronolóxicas ten o Goberno para que a mesma sexa unha realidade?
- En que fase do proceso se atopa a Declaración de BIC da Ribeira Sacra, condición necesaria para a candidatura, e que prazos e datas contempla a Xunta de Galicia para a Declaración de BIC?
- Están definidos e cales serían os límites do BIC da Ribeira Sacra?



- Con que partida actual dos orzamentos ten previsto realizarse o proceso?
- Ten esta Consellería a intención de crear un equipo profesional propio estábel que dea cobertura a todas as fases da candidatura? Ten prazos? Que tipo de modelo cre a Xunta que sería o adecuado para artellar este equipo? Algún modelo mixto, xunto cos interlocutores, como as Deputacións, o Consorcio Turístico, a Denominación de Orixe, ou as mancomunidades dos Concellos afectados?

Pazo do Parlamento a venres, 12 de febreiro de 2016

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*  
*Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Iglesias Sueiro na data 12/02/2016 11:50:39**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A sombra da megamineiría do ouro planea outra vez por Galiza, e ameaza á comarca de Bergantiños e a súa área de influencia, a mesma onde a Xunta acabou por desbotar a prevista mina de Corcoesto logo de meses de mobilización cidadá.

A Xunta admitiu a solicitude de exploración para buscar ouro sobre máis de 4.300 hectáreas en Santa Comba, Zas, Vimianzo e Coristanco á empresa Grupo M-FM 2001, S.L., con oficinas en Madrid e Marbella.

Tal e como se pode comprobar no anuncio do DOG de hai pouco máis dun mes, a Consellería de Economía admitiu definitivamente a solicitude desta firma para a investigación de 156 cuadrículas mineiras que abranguen os municipios de Santa Comba, Zas, Vimianzo e Coristanco e que foi rexistrada hai xa máis de catro anos.

Ademáis do permiso de investigación xa concedido, Isabela II, a empresa ten solicitado e tramitado outro a maiores denominado Livia, que suporían outras 162 cuadrículas mineiras (4.536 hectáreas) nos municipios de Zas, Santa Comba e Mazaricos, acadando a área un total de máis de 8.900 hectáreas.

A pesares de que é un permiso de exploración, o paso previo ao proxecto de explotación, compre que o Goberno galego teña unha liña definida acerca da megamineiría no noso país.

Debería deixar claro a Xunta si é proclive unha vez máis a apoiar a minería de ouro e outros metais sen valorar outro tipo de condicionantes como as afectacións ao territorio e o medio ambiente, a primar a actividade extractiva fronte a outros sectores produtivos básicos en Galicia como a agricultura e a gandería, e si apoia a mineiría coa técnica extractiva coa utilización de cianuro.

A sociedade galega combateu o proxecto extractivo de Corcoesto para apostar por un modelo económico sustentable e non depredador cos nosos recursos naturais.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Interpelación:

- 1) Apoia a Xunta de Galicia o desenvolvemento de proxectos de extracción de ouro a ceo aberto e mediante a técnica extractiva da cianurización?
- 2) Considera compatible o desenvolvemento deste tipo de proxectos coa agricultura e gandería sustentables, a actividade forestal e turística?
- 3) Cómo valora a solicitude de permiso de exploración da empresa Grupo M-FM?
- 4) Cál é a situación do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 15/02/2016 11:37:20**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/02/2016 11:37:28**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/02/2016 11:37:30**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/02/2016 11:37:33**



**Eva Solla Fernández na data 15/02/2016 11:37:36**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/02/2016 11:37:39**

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez e M<sup>a</sup> de los Angeles Ferreiro Vidarte**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, no seu artigo 40, apartados 5 e 6, atribúe á Administración xeral do Estado competencias para o regulamento, autorización, rexistro ou homologación, segundo proceda, dos medicamentos de uso humano e veterinario e dos demais produtos e artigos sanitarios. Ao mesmo tempo, o artigo 110 da citada lei encomenda valorar a seguridade, eficacia e eficiencia das tecnoloxías relevantes para a saúde e a asistencia sanitaria.

Por outra banda, a Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional de medicamentos e produtos sanitarios, establece diversas previsións en relación con estes produtos:

- Artigo 2. Punto 4. A prescrición e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios deberá realizarse de acordo cos criterios básicos de uso racional que establece esta lei.
- Artigo 85. Punto 1. A prescrición de medicamentos e produtos sanitarios no Sistema Nacional de Saúde efectuarase na forma máis apropiada para o beneficio dos doentes, ao mesmo tempo que se protexa a sustentabilidade do sistema.

Finalmente o Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios, clasifica no artigo 11 estes produtos en catro categorías I (non invasivo), IIa (invasivo a curto prazo sen efecto significativo sobre o organismo e fluídos), IIb (invasivo a longo prazo sen efecto sobre o organismo) e III (pode comprometer a vida).

Así mesmo segundo o artigo 12, punto 1, só poderán poñerse no mercado e en servizo os produtos que ostenten o mercado CE de garantía de calidade.



 Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Cales son os criterios de eficacia, seguridade e eficiencia que deben cumprir os produtos sanitarios destinados a ser utilizados polas persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde?
2. Existe un comité de expertos que se encarga de avaliar o cumprimento destes criterios de eficacia, seguridade e eficiencia que deben cumprir os produtos sanitarios destinados a ser utilizados polas persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde, quen o compón? E quen o nomea?
3. Como se garante e quen asume a responsabilidade técnica sobre a adquisición, conservación e distribución dos citados produtos sanitarios? De que forma se fai esta adquisición e distribución e en base a que procedementos?
4. Que tipo de medidas de inspección e control son aplicadas pola Consellería de Sanidade a efectos de garantir a calidade, seguridade e eficacia destes produtos sanitarios así como a protección dos doentes? Cales son os resultados desas inspeccións?
5. Todos os produtos sanitarios utilizados polas persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde, cumpren co disposto no Real decreto 1591/2009, e que marca este decreto?
6. Que protocolos e guías terapéuticas sobre produtos sanitarios desenrolou o Servizo Galego de Saúde para garantir a correcta asistencia aos doentes?
7. Están cubertas as necesidades das persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde en cantos aos produtos sanitarios?

**Grupo Parlamentario**

8. As agullas para a administración de insulina se modificaron de forma que antes eran BD, e agora son Insupen 310 PIC, pois ben, estas se distribúen en cantidade suficiente e por igual en todo o territorio Sergas ou hai diferenzas segundo o centro? Coñece o Goberno si existen problemas coas agullas actuais? De que tipo? Que pensan facer ao respecto?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2016

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Carmen Gallego Calvar  
María Quintas Alvarez  
M<sup>a</sup> de los Angeles Ferreiro Vidarte  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 15/02/2016 13:09:38**

**Carmen Gallego Calvar na data 15/02/2016 13:09:44**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 15/02/2016 13:09:49**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 15/02/2016 13:09:53**

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

**Consuelo Martínez García**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

A violencia que non se restrinxe a unha cultura, idade, clase social, rexión ou país: a violencia contra as mulleres ten carácter estrutural e é produto da desigual relación de poder entre sexos.

60 mulleres foron sido asasinadas no estado vítimas da violencia machista, o que supón dúas vítimas mortais que en 2014. Dende que arrincou a actual lexislatura 215 mulleres foron vítimas de feminicidio.

O derradeiro asasinato tivo lugar en Galiza, no concello de Mos, o 29 de decembro, cando unha muller de 69 anos perdía a vida a mans do seu home, a pesar de telo denunciado por malos tratos físicos y psíquicos habituais no mes de outubro. Tras a toma das declaracións testificais, as dilixencias transformáronse nun xuízo de faltas por insultos durante o que a muller retirou a denuncia, sendo o caso arquivado.

Os 60 feminicidios de 2015 superan os 54 rexistrados en 2014 e 2013 e os 52 que se produciron 2012. Tamén, foron vítimas de violencia machista seis nenos e nenas no estado, dous deles, Candela e Amaya, en Galiza.

En términos absolutos, a comunidade autónoma máis castigada pola violencia de xénero este ano foi Andalucía, con 12 vítimas, seguida da Comunitat Valenciana con 10 feminicidios e, en terceiro lugar Galiza cun total de 7 mulleres asasinadas. Isabel, Divina, Concepción, M<sup>a</sup> José, Beatriz, Silvina, e Marina, oito vítimas máis do machismo ante a indolencia dos gobernos estatal

e galego.

Segundo os Orzamentos Xerais do Estado consolidados de 2015, el goberno do estado empregou en actuacións para a prevención integral da violencia de xénero un total de 24 millóns de euros no 2012, 22 millóns no 2013, outros 22 millóns no 2014 e 24 millóns en 2015. Para 2016 prevé destinar 25,22 millóns, cantidade inferior aos 32 millóns de 2010 ou aos 30 millóns empregados en 2011.

Pola súa parte, a Xunta, despois dun dramático 2015 permítese, neste ano 2016 conxelar o orzamento destinado á loita contra a violencia de xénero e as políticas de igualdade.

Tanto os orzamentos do estado como os da Xunta incumpren as recomendacións do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller de Nacións Unidas (CEDAW), que no seu informe do mes de xullo do pasado ano denunciaba a deterioración dos servizos de protección e atención ás mulleres vítimas de violencia e instaba o Goberno a reforzar e ampliar o investimento e a protección social das mulleres vítimas e a aumentar os recursos para a loita contra a violencia de xénero e a igualdade de xénero.

Non é posible rematar cos feminicidios sen dotacións orzamentarias que desenrolen programas non só de detección da violencia de xénero e protección das vítimas, tamén é necesario desenrolar programas de prevención e educación en igualdade.

E para educar en igualdade é fundamental que todas as actuacións do goberno vaian dirixidas a conseguir a igualdade real entre homes e mulleres. Hai que seguir avanzando, o recoñecemento da discriminación de xénero e da repulsa da violencia machista non pode quedar só en lamentacións públicas, campañas institucionais, minutos de silencio, ... É hora de levar a efecto a legalidade e adoptar medidas concretas que non deixen dúbida sobre o compromiso do goberno coa igualdade de xénero.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte **Interpelación**:


1. Promoverá a Xunta de Galicia, dentro da súa política de igualdade, entre patronal e sindicatos a eliminación na Negociación Colectiva de 2016 da desigualdade salarial de xénero de todos os Convenios que corresponda negociar ou revisar no presente ano?.
2. Instará á patronal galega para que aqueles convenios que non corresponda negociar ou revisar no 2016, sexan revisados co obxectivo de eliminar a desigualdade salarial de xénero?.
3. Instará á patronal a recoller na Negociación Colectiva ou acordos de empresa as recomendacións recollidas na “Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a Negociación Colectiva” adoptando canto antes as medidas relativas á prevención e loita contra a violencia de xénero e o acoso laboral?.
4. Instará á patronal a dotar todos os polígonos industriais de Galiza dun servizo de gardería infantil para os traballadores e traballadoras do mesmo durante a súa xornada laboral?.
5. Excluirá da publicidade que se emita na RTVG toda aquela que transmita estereotipos de xénero?.

Pazo do Parlamento, a 15 de febreiro de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 15/02/2016 13:46:35**



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, José Luis Méndez Romeu, Emilio Vázquez Blanco, M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés, Ricardo Vicente Docasar Docasar e Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na Coruña hai unha oficina xudicial que, como na maioría dos xulgados das 7 cidades, é a encargada de realizar os actos de comunicación e as execucións; nela traballan 25 funcionarios/as. A denominación desta oficina é SCACE (Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución) e a ninguén se lle escapa que o seu traballo é fundamental para o funcionamento e a axilidade na tramitación dos procedementos.

Mais a principal ferramenta de traballo nesta oficina, din os propios funcionarios e funcionarias, é o bolígrafo: só hai 5 ordenadores para os 25 e que só funcionan como máquinas de escribir, non existe un libro de rexistro xeral de todos os xulgados, non hai programa informático algún, tampouco base de datos das dilixencias que se practican en relación a persoas e lugares. A única base de datos real é a do rexistro manual co bolígrafo e do que, por suposto, non queda nada gravado. E non é necesario lembrar que non existiron cursos de formación algúns.

E iso que a media anual desta oficina é de 40.000 a 45.000 actos de comunicación, é dicir, estes 25 funcionarios e funcionarias fan a entrega persoal de máis de 40.000 documentos ao ano, en máis de 40.000 domicilios, coa única axuda da súa memoria para determinar se nese domicilio vive ou non a persoa citada. Porque, como non hai base de datos específicos, o traballo estase a repetir unha e outra vez.

Un dato a ter en conta é que o partido xudicial de A Coruña ten unha poboación total de 374.967 habitantes, 102 unidades xudiciais, 7 municipios (Cerdeira, Carral, Culleredo, Cambre, Oleiros, Arteixo e A Coruña como cabeceira de partido) e unha superficie de 437 quilómetros cadrados.

Ocorre que, nestes tempos que corren, podería ser moi útil ter unha base de datos sobre as execucións porque así se podería cruzar datos, por exemplo, de embargos e impagos de débeda, a efectos dos desafiuzamentos.

## Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Entende o Goberno da Xunta de Galicia que os servizos comúns de actos de comunicación e execución da nosa Comunidade Autónoma son fundamentais para o funcionamento e a axilidade na tramitación dos procedementos?
2. Coñece o Goberno os problemas do Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución de A Coruña?
3. Considera o Goberno que son suficientes 25 funcionarios/as para este servizo?
4. Considera o Goberno que son suficientes 5 ordenadores para os 25 traballadores e traballadoras?
5. Ten coñecemento o Goberno de que estes 5 ordenadores só funcionan como máquinas de escribir porque non hai sistema informático? Que lle parece?
6. Ten coñecemento o Goberno de que non existe un libro de rexistro xeral de todos os asentos dos xulgados? Que lle parece?
7. Ten coñecemento o Goberno de que non existe base de datos das dilixencias que se practican en relación a persoas e lugares? Que lle parece?
8. Cantos cursos de formación recibiron os 25 traballadores/as do servizo?
9. Entende o Goberno que, nestes tempos que corren, podería ser moi útil ter unha base de datos sobre as execucións porque así se podería cruzar datos de embargos e impagos de débeda, a efectos dos desafiuzamentos?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
José Luis Méndez Romeu  
Emilio Vázquez Blanco  
M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
Ricardo Vicente Docasar Docasar  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



---

**Grupo Parlamentario**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2016 16:25:34**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/02/2016 16:25:41**

**Emilio Vázquez Blanco na data 15/02/2016 16:25:49**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Soledad Soneira Tajés na data 15/02/2016 16:25:55**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/02/2016 16:26:04**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/02/2016 16:26:10**



## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

**Mónica Fernández Rodríguez**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**

Nun ano de eleccións véndese que a nosa terra vai acaparar nas infraestruturas ferroviarias o investimento do Estado en 2016. Engaiólannos con futuras inversións no tren da chamada “alta velocidade”, co Eixo Atlántico e os accesos aos portos da Coruña e de Ferrol centrando o groso do investimento público no que tamén se inclúen diversas partidas económicas para melloras na rede viaria e portuaria da comunidade.

Galiza leva sufrindo secularmente os atrasos na construción das comunicacións con respecto a outros puntos do estado, e dentro do noso territorio isto se manifesta dun xeito desigual. Para atraer inversións na aposta industrial e no asentamento da poboación as infraestruturas públicas axudan a vertebrar o territorio. Mais aquí adoecemos do pouca oferta do transporte ferroviario.

Nestes días vimos de coñecer a apertura de outros 100 km ata Zamora como a revolución dos trens a Galicia, a mellora do tempo é limitada porque inda non contan co sistema de seguridade ERTMS, o que houbera evitado o accidente do “ caso Alvia”. Parece que non lles importa a comunicación dentro do territorio galego.

Os enlaces entre as diferentes cidades galegas faise case inviábel usar o tren como medio de transporte para ir a traballar ou a estudar, salvo en casos puntuais do eixe atlántico. Non se ten en conta a sangría da crise económica e demográfica, sobre todo no interior e o alarmante envellecemento da

poboación, que tiñan neste medio accesíbel a oportunidade de trasladarse dun punto a outro, sendo as estacións e apeadeiros moito máis prácticos no acceso ás poboacións.

Nun momento no que os gobernos acordan falar da redución da contaminación non se entende que non se aposte con rotundidade polo tren como o medio de transporte máis seguro e respectuoso co medio ambiente. Tampouco se entende estas medidas nun contexto económico e social moi delicado como o actual.

Serían ben acollidas as iniciativas das reformas pertinentes nalgúns dos trazados da nosa rede ferroviaria favorecendo o aumento da velocidade e o desdoblamento das liñas para evitar as limitacións no caso do cruce deles. Outras melloras como a electrificación, a adaptación das estacións, os apeadeiros en puntos da poboación relevantes, estacións intermodais para favorecer o incremento das e dos viaxeiros.

Ante estes datos moi pouco satisfactorios, a deputada que subscribe, formula a seguinte **Interpelación**:

1. Vai dirixirse a Xunta de Galicia ao goberno do estado para que acometa as melloras necesarias na rede ferroviaria galega?
2. Vai esixir a Renfe a mellora dos horarios e frecuencias dos servizos ferroviarios galegos?
3. Vai promover o desenvolvemento das vías de comunicacións ferroviarias naquelas comarcas que carecen de transporte ferroviario ou reciben un peor servizo, como é o caso de Ferrol?.
4. Aposta o goberno galego polo transporte intermodal combinando o transporte ferroviario, o colectivo por estrada e o marítimo de ría?

## GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

---




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2016 11:27  
**Nº Rexistro: 47292**  
Data envío: 16/02/2016 11:27:19.267

Pazo do Parlamento, a 16 de febreiro de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez  
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

***Asinado dixitalmente por:***

***Mónica Fernández Rodríguez na data 16/02/2016 11:26:56***



## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

**Consuelo Martínez García e Mónica Fernández Rodríguez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Outro proxecto de investigación mineira á procura de ouro, prata e metais afíns (recursos da sección C), ameaza unha vez máis a bisbarra de Soneira.

O pasado venres 15 de xaneiro, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicaba no DOG a aprobación da solicitude presentada o 20 de xuño de 2011 pola sociedade Grupo M-FM, S.L., de permiso de investigación mineira *Isabela II nº7121 de 156* cuadrículas mineiras situadas nos municipios de Zas, Santa Comba, Coristanco e Vimianzo.

A superficie afectada é de 43.6 quilómetros cadrados que se encadran dentro da zona coñecida como cinto de ouro de Malpica-Tui.

Nos Concellos o público non dispón da información necesaria para facer alegacións, e para ver o expediente é necesario trasladarse ata A Coruña.

Dende o Sindicato Labrego Galego advirten que este non é o único proxecto mineiro que está a desenvolver a Administración. Nos concellos de Santa Comba e Zas, empresas filiais da canadense Edgewater solicitaron os permisos de investigación para ouro denominados Grixoa, Vilar e Monte Castelo que afectan a 1.680 hectáreas; e na comarca de Bergantiños as Julias.

Moitos son os permisos de investigación, e proxectos de explotación en tramitación en Galiza: A mina de tantalio de Forcarei (a maior de Europa), a da Terra Cha, os de Seixo de Erinsa na comarca de Ordes Compostela, ou todos os permisos de ouro da montaña de Lugo (A Fonsagrada, Baleira, Baralla, Becerreá, ...).

Polo exposto, as deputadas que subscriben, formulan a seguinte **Interpelación:**

- Avaliou a Xunta de Galicia as consecuencias medioambientais que o proxecto Isabela II vai ter para os concellos afectados?
- Avaliou a Xunta de Galicia a repercusión que terá no tecido produtivo dos concellos afectados o permiso para a explotación mineira Isabela II?
- Vai autorizar a Xunta de Galicia a explotación mineira Isabela II?
- Ten a Xunta previsto outorgar outros permisos de investigación ou explotación mineira en Galiza?

Pazo do Parlamento, a 16 de febreiro de 2016


*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez  
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 16/02/2016 11:44:16**

**Mónica Fernández Rodríguez na data 16/02/2016 11:44:25**



## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O escenario económico mundial estase complicando de maneira acelerada, sobre todo dende a segunda metade do derradeiro 2015, afectando con especial intensidade a determinados sectores económicos e as economías emerxentes. Un dos máis afectados é o petrolífero; a continua baixada do prezo do petróleo dende fai ano e medio está levando a que algunhas das grandes empresas produtoras se vexan obrigadas a unha política radical de redución de custos.

Unha destas empresas é a mexicana PEMEX que ten levado a cabo un fortísimo recorte de gastos, que recae sobre todo na inversión en refino, gastos correntes e contratas. Este escenario non parece que vaia a mellorar a curto prazo, xa que o prezo do petróleo non vai medrar de maneira importante nos próximos meses, con prezos baixos e demanda moderados en China ou Europa.

Esta empresa mexicana acumulou ao peche do 2015 perdas de 20.000 millóns de dólares (18.700 millóns de euros), o dobre do ano 2014, falamos do peor resultado da súa historia. Atópase moi afectada pola crise do cru e cunha produción en declive, neste contexto a compañía busca saída nos axustes orzamentarias, o despido masivo e o rescate estatal. Esta axuda do estado mexicano trouxo consigo o cambio completo do staff directivo da empresa, o que introduce importantes incertezas ante a nova xestión.

En Galicia, a pesares de ter anunciada a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015, nada se sabe a día de hoxe. E fontes da industria naval viguesa son moi escépticas ante as posibilidades da súa construción. Mentres, o Goberno galego, tan exuberante non seus discursos de propaganda nos primeiros tempos da aparición no horizonte económico galego de PEMEX, agora mantén un silencio que aos socialistas, e aos traballadores e traballadoras do sector nos preocupa fondamente.

## Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten coñecemento, oficial ou oficioso, dos posibles efectos que os recortes orzamentarios levados a cabo pola empresa PEMEX podan ter no tecido produtivo galego?
2. Ten coñecemento, oficial ou oficioso, dos posibles efectos que o cambio na cúpula directiva da empresa PEMEX poda ter no tecido produtivo galego?
3. Ten mantido o Goberno galego conversacións coa empresa PEMEX, ou con empresas da súa propiedade en Galicia, sobre estas dúas cuestións?
4. Considera o Goberno galego que os recortes e os cambios no organigrama da empresa poden afectar ao futuro dos barcos construídos?
5. Considera o Goberno galego que os recortes e o cambio no organigrama poden afectar a futura construción de flota menor de PEMEX en estaleiros galegos?
6. Considera o Goberno galego que os recortes e o cambio no organigrama poden afectar a futura construción dunha base loxística de PEMEX no porto exterior de A Coruña?
7. Ten o Goberno galego algunha estratexia para afrontar os posibles efectos que os recortes e o cambio no organigrama anunciados pola empresa PEMEX podan ter no tecido produtivo galego?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Gallego Lomba

Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



---

**Grupo Parlamentario**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/02/2016 12:45:21**

**José Manuel Gallego Lomba na data 16/02/2016 12:45:28**

**Noela Blanco Rodriguez na data 16/02/2016 12:45:33**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **interpelación**, relativa á posible cancelación da construción do terceiro flotel.

A petroleira mexicana Pemex está a cancelar licitacións cuxo proceso de adxudicación estaba moi avanzado a causa dos recortes no gasto que está a cometer para cadrar o seu orzamento, afectado pola caída do prezo do crudo de este período. Licitacións e venda de activos, entre os cales se atoparían os dous floteis construídos en Galicia.

As perdas que acumula a empresa da orde de 20.000 millóns de euros, a previsión de despedimentos de ata dez mil traballadores, unha produción en retroceso, e o cesamento do director xeral de Pemex que anunciara en precampaña electoral a construción do terceiro flotel para Barreras. O proceso que deu comezo a privatización do sector enerxético mexicano sáldase cun amplo balanço de danos.

As repercusións no noso país, nun sector naval que a Xunta obstínase en non considerar estratéxico e sobre o que acumula incumprimentos e improvisacións están aí: fontes do sector naval desbotan que se vaia facer efectiva a licitación dese terceiro flotel na ría de Vigo.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte interpelación:

- Realizou algunha xestión a Xunta de Galicia para coñecer que impacto poida ter a crise de Pemex na licitación anunciada do terceiro flotel ou sobre o estaleiro de Barreras?
- Cóntalle á Xunta que se vaia licitar o terceiro flotel?
- Contempla a Xunta desenvolver unha política industrial que favoreza ao sector naval como elemento estratéxico da nosa industria?

En Compostela, a 16 de febreiro do 2016.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 16/02/2016 13:53:52**

**Anton Sánchez García na data 16/02/2016 13:54:00**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/02/2016 13:54:06**

**Eva Solla Fernández na data 16/02/2016 13:54:08**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/02/2016 13:54:12**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 16/02/2016 13:54:14**

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

**Consuelo Martínez García e Mónica Fernández Rodríguez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

No DOG do 28 de novembro de 2006 (e tamén no BOP de Lugo de 7 de novembro de 2006) publicouse o anuncio que literalmente se transcribe:

“ANUNCIO do 25 de setembro de 2006, da Delegación Provincial de Lugo, polo que se fai público que se outorgaron tres concesións de explotación.

A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria en Lugo fai saber que por Resolucións do 14 de setembro de 2006 se outorgaron as tres concesións de explotación que se transcriben a continuación con expresión de nome, número, recurso, concello e cuadrículas mineiras:

Pastoriza; 5562; cuarzo; A Pastoriza e Riotorto; vinte e nove.

Alicia; 5917; cuarzo; Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza e Vilalba; noventa e tres.

Karles; 5919; cuarzo; Castro de Rei e Cospeito; setenta.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 101 do Regulamento xeral para o réxime da minaría do 25 de agosto de 1978”.

É dicir, outorgáronse as concesións referenciadas en data 14 de setembro de 2006. A finais do ano 2012 e principios do 2013 denegáronse todas as licencias urbanísticas para poder explotar a concesión.

En varias ocasión varios colectivos e particulares teñen solicitada a declaración de caducidade das concesións mineiras, en base a inactividade regulada na lexislación sectorial.

O artigo 109 do Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, aprobado por Real Decreto 2857/1978, de 25 de agosto, sinala que as concesións de explotación de recursos da Sección c declararanse caducadas, entre outros motivos por:

- d. Por incumprimento da obriga de iniciar os traballos no prazo de un ano a partir do outorgamento da concesión.
- e. Por incumprimento grave ou, no seu caso, reiterado dos prazos, forma e intensidade dos traballos aprobados nos proxectos e plans de labores.
- f. Por incumprimento reiterado da obriga de presentar, dentro dos prazos regulamentarios, o plan de labores anuais.
- j. Por incumprimento das condicións impostas no título da concesión ou nos plans de labores anuais cuxa inobservancia estivese expresamente sancionada coa caducidade.


No caso presente concorren cando menos dúas destas causas para declarar caducada as concesións, sen embargo, a primeira solicitude de caducidade presentouse o 28/02/2013 e a última o 06/07/2015. As caducidades non foron declaradas, nin foi contestada ningunha das solicitudes.

Polo exposto, as deputadas que subscriben, formulan a seguinte **Interpelación:**

- Por que non contesta a consellería de industria as solicitudes de caducidade da concesión mineira?
- Por que non declara a consellería de industria as solicitudes de caducidade da concesión mineira?

Pazo do Parlamento, a 16 de febreiro de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*



## GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

---




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2016 13:58  
**Nº Rexistro: 47320**  
Data envío: 16/02/2016 13:58:34.687

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez  
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

***Asinado dixitalmente por:***

***María Consuelo Martínez García na data 16/02/2016 13:57:51***

***Mónica Fernández Rodríguez na data 16/02/2016 13:57:58***



## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O sector eólico galego vén sufrindo continuos ataques por parte dos gobernos do Partido Popular, tanto no goberno de Galicia, como no de España. Unha mestura de ideoloxía e negocio levaron ao Goberno do Sr. Feijóo a anular o concurso eólico desenvolvido polo anterior goberno, polas supostas “tachas de legalidade” detectadas en teoría pola asesoría xurídica.

As diferentes visións que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tivo ante as demandas presentadas polas empresas perdedoras desencadearon que o proceso acabase no Tribunal Supremo, que en xuño do ano 2015 xa sentenciou que a supresión foi ilegal porque a Xunta de Galicia incorreu nunha “desviación de poder”, insistimos, ideoloxía e negocio.

É un feito obxectivo que este novo concurso, e posteriormente a nova regulamentación estatal paralizaron literalmente o sector. A incerteza regulamentaria é o principal inimigo da inversión. Os socialistas denunciámos en múltiples ocasións a arbitrariedade e as nefastas consecuencias económicas de estas decisións políticas da dereita; que non tiñan máis obxectivos que a reafirmación ideolóxica, e o negocio para aqueles que mantiñan relacións privilexiadas co poder político.

E o tempo vai dándonos lamentablemente a razón, pero mentres un sector económico estratéxico para Galicia está literalmente paralizado. Nos últimos días o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de anular os resultados do concurso eólico de 2010 e obriga á Xunta de Galicia a valorar outra vez as ofertas, coa imposición, ademais, de volver practicamente ao principio de todo.

A Xunta de Galicia e o seu presidente, falaban dun Plan industrial que entón aspiraba a mobilizar 6.000 millóns de euros en investimentos, e crear 12.000 postos de traballo, o que todos os axentes económicos e políticos

## Grupo Parlamentario

sabemos que non se ten producido en absoluto, mais alá da abrumadora publicidade e a propaganda.

Pero non só foi un sonoro fracaso económico “a posteriori”, senón que o propio proceso foi unha verdadeira chapuza técnica. Os informes da Comisión de valoración encargada de analizar as propostas revelaron meses despois que a inmensa maioría destas tiñan erros, que houbo moitas dúbidas sobre a aplicación dos criterios, e que se deron por boas promesas de investimento que non traían consigo a creación de emprego. Neste contexto de incompetencia política e propaganda non era posible un resultado positivo para o país.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal ten sido a potencia eólica instalada en Galicia ao amparo das concesións do Plan eólico de 2010?
2. Que valoración fai o Goberno galego dos resultados económicos do Plan eólico de 2010 en termos de potencia eólica instalada?
3. Cal ten sido a inversión industrial realizada ao amparo das concesións do Plan eólico de 2010?
4. Que valoración fai o Goberno galego dos resultados económicos do Plan eólico de 2010 en termos de inversión industrial realizada?
5. Cantos teñen sido os postos de traballo creados ao amparo das concesións do Plan eólico de 2010?
6. Que valoración fai o Goberno galego dos resultados económicos do Plan eólico de 2010 en termos de postos de traballo creados?
7. Cal é valoración do goberno galego ante a sentenza do TSXG que considera nulo o concurso eólico de 2010, e obriga a puntuar de novo as ofertas presentadas?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Gallego Lomba

Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/02/2016 14:10:30**

**José Manuel Gallego Lomba na data 16/02/2016 14:10:36**

**Noela Blanco Rodriguez na data 16/02/2016 14:10:46**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, María Quintas Alvarez e María de los Angeles Ferreiro Vidarte**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Cada día nos chegan ao noso grupo parlamentario denuncias en relación á espera sanitaria, algo difícil de explicar cando foi, precisamente, o Goberno do Sr. Feijoo o que aprobou a *Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, por certo en solitario con 41 votos a favor e 31 en contra*.

*Lei que foi publicada no DOG do 3 de xaneiro do 2014, ou sexa que está en vigor e que no Capítulo II de **Tempos máximos de acceso e sistema de garantías**, no artigo 5 di o seguinte: *fixación de tempos máximos de acceso**

1. Os pacientes que requiran atención sanitaria hospitalaria, de carácter programado e non urxente, no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia, e para os procedementos e situacións clínicas que así se determinen no desenvolvemento regulamentario desta lei, terán garantida esa atención nos tempos máximos que se indican:

- a) 60 días nas intervencións cirúrxicas.
- b) 45 días nas consultas externas.
- c) 45 días nas probas diagnósticas e/ou terapéuticas.

Sen embargo, na práctica isto non é así e aínda que reclamen e reclamen, na Administración sanitaria, ninguén lles fai caso colocando os e as doentes nunha absoluta situación de desamparo ante as inexplicables esperas para ser intervidos.

Temos coñecemento de doentes que levan non días nin meses, senón ata anos nas lista de espera para ser intervidos, enfermos e enfermas que acumulan xa un feixe de reclamacións ante a atención ao paciente, e ante o Servizo Galego de Saúde que a través do Departamento de “Queres”

## Grupo Parlamentario

resposta sempre o mesmo, só cambian a data ou o nome da persoa doente que fai a reclamación.

Poderíamos poñer moitos exemplos, pero nos imos centrar en todos aqueles que vostedes tipifican como doentes de prioridade dous ou tres. Doentes que necesitan, por exemplo, dunha prótese de cadeira ou de xeonllo, pero que xa non están en activo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Doentes aos que lles están aplicando criterios sociais e non médicos para determinar a urxencia na súa intervención. Doente ademais que por esa política privatizadora do Sr. Feijoo, ao fronte do Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia, son sistematicamente derivados para “acurtar” a espera a unha concertada, e que ven que tras un ano ou máis de espera, non son intervidos nin na pública nin na concertada.

Aínda que ese tempo de espera os teña absolutamente incapacitados, tirados nunha cama e tomando ata derivados opiáceos para as dores.

E incluso e, xa no colmo do absurdo, en ocasións ata estragando a prótese do outro lado que xa lle puxeran no seu día e despois dunha espera ou mellor desespera similar.

Pero e que ademais na páxina web da consellería se fan públicos uns datos sobre a espera que nada teñen que ver coa realidade polo que as persoas doentes se senten absolutamente enganadas. E, por seguir co exemplo escollido, nesta iniciativa dicir que segundo os datos da propia consellería no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo a espera media para unha intervención de traumatoloxía é de 129,5 días, catro meses; aínda que tamén recoñecen que hai nese complexo 60 persoas esperando máis dun ano para ser operadas. E na mesma área pera Hospital privado de Povisa a media de espera en cirurxía traumatolóxica é de 160 días, cinco meses, e nese centro son 29 as persoas que levan esperando máis dun ano.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é a situación real da espera sanitaria en Galicia?
2. Axústase a espera sanitaria o que recolle a Lei de garantías aprobada por este Goberno?

**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3. Como se está a regular a espera nas persoas etiquetadas de prioridade dous e tres? Que criterios nos médicos se consideran para determinar as prioridades sanitarias e que tipo de profesional os define?
4. Cantas próteses de cadeira e de xeonllos se teñen posto no Servizo Galego de Saúde a persoas doentes de prioridade dous e tres nos últimos dous anos en cada unha das áreas sanitarias de Galicia?
5. Cal foi a media real da espera para cirurxías traumatolóxicas en persoas etiquetadas como prioridade dous e tres en cada unha das áreas sanitarias galegas?
6. E para o resto de especialidades cirúrxicas?
7. Está o Goberno facéndolle seguimento a aplicación da Lei de garantías sanitarias?
8. Considera o Goberno galego posible a aplicación da lei neste contexto de recortes en camas e plantas pechadas? Que medidas vai adoptar para axustarse o recollido na lei vixente?
9. Que pode facer unha persoa doente que leva máis dun ano en espera e non recibe resposta nin solución da Administración sanitaria?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2016

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Carmen Gallego Calvar  
María Quintas Alvarez  
M<sup>a</sup> de los Angeles Ferreiro Vidarte  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 16/02/2016 16:58:29**

**Carmen Gallego Calvar na data 16/02/2016 16:58:36**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 16/02/2016 16:58:41**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 16/02/2016 16:58:49**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín, Montserrat Prado Cores, Ana Belen Pontón Mondelo e Tereixa Paz Franco**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A Plataforma en defensa do dereito ao aborto da Coruña ven de denunciar publicamente a vulneración dos dereitos das mulleres no referido a súa saúde sexual e reprodutiva. As autoridades da área sanitaria da Coruña vulneran os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres que teñen necesidade de que se lles practique un aborto de máis de 14 semanas por causas médicas ao non ter a mesma atención que nun parto.

Despois de coñecer testemuñas aterradoras sobre a atención que reciben as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo pasadas 14 semanas de xestación, no que se fala en termos de : "É un horror, a violencia é total, é intolerábel". Despois de coñecer que para interromper a gravidez emprégase unha técnica que consiste na indución ao parto a través da colocación duns óvulos que provocan a expulsión do feto morto sen empregar anestesia consideramos que o Goberno galego debe dar resposta á seguinte Interpelación:

1. Que coñecemento ten a Consellaría de Sanidade e a Secretaria xeral de Igualdade da situación que viven as mulleres que se someten a unha IVE na área sanitaria da Coruña?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Que medidas inmediatas vai adoptar o Goberno galego para o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Belen Pontón Mondelo**

**Tereixa Paz Franco**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 17/02/2016 11:42:43**

**María Monserrat Prado Cores na data 17/02/2016 11:42:51**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/02/2016 11:42:55**

**María Tereixa Paz Franco na data 17/02/2016 11:43:05**

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada e voceira, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

No tempo que vai dende a inauguración do novo edificio xudicial de Ourense, véñense producindo diversos e numerosos incidentes que atentan contra a seguridade e saúde das persoas traballadoras e usuarias das instalacións xudiciais.

Entre as consecuencias das moitas deficiencias construtivas poderíanse citar as inundacións habituais nos baños, as filtracións de auga nos patios interiores, que as portas xiratorias do exterior se avaríen cada pouco tempo, que moitas pechaduras das portas non abran con normalidade ou que a porta do garaxe se avaríe con frecuencia.

Representantes sindicais de CC.OO. e UGT. do Sector de Xustiza en Ourense advirten das malas condicións de saúde e seguridade laboral. Os traballadores reséntense da falla de luz natural e da climatización deficiente, da imposibilidade de abrir as fiestras para ventilar áreas de acceso ao público nas que é previsible que o ambiente chegue a ser abafante. Tamén hai queixas de sufrir descargas eléctricas, cansazo e electricidade estática.

O 15 de outubro do 2015 desencaixouse parcialmente un dos grandes cristais da fachada principal do edificio xudicial. O incidente foi cualificado de “acontecemento puntual” polo Conselleiro de Xustiza, Alfonso Rueda quen no seu día dixera sobre o edificio que "a Administración ten unha responsabilidade de deseñar un edificio nas mellores condicións, que haberá que ver o que se



solicita e ao que se pode acceder, que sexa razoable e que entre dentro das disposicións orzamentarias”

Todos estes “acontecementos puntuais” anteriormente citados, suceden con demasiada frecuencia poñendo en cuestión, cando menos, a calidade dos materiais empregados nun edificio cuxa construción custou máis de 18.000.000 euros a todos os galegos.

Por todo o anteriormente exposto, , formúlase a seguinte **Interpelación**:

- Que actuacións está levando a cabo o Goberno Galego para garantir a seguridade e prevención de riscos laborais dos traballadores e traballadoras así como das persoas usuarias nos edificios xudiciais e, nomeadamente no novo edificio xudicial de Ourense dado que o mesmo acaba de ser estreado cun custe de 18.000.000 € e xa se denuncian numerosas deficiencias no mesmo?
- Considera a Xunta de Galicia que as numerosas deficiencias construtivas dun edificio que custou 18.000.000 de euros de tódolos galegos, responden a feitos puntuais?
- Esixirá a Xunta de Galicia responsabilidades polas múltiples deficiencias do novo edificio xudicial de Ourense, e os continuos incidentes que se producen no mesmo, con perigo para a integridade e saúde de traballadores e usuarios?
- Como xustifica a Xunta de Galicia a mala calidade do deseño e dos materiais empregados nun edificio cuxa construción custou máis de 18.000.000 euros a todos os galegos?

Pazo do Parlamento a mércores, 17 de febreiro de 2016?



## GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

---




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/02/2016 16:30  
**Nº Rexistro: 47388**  
Data envío: 17/02/2016 14:45:57.327

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro  
Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

***Asinado dixitalmente por:***

***Carmen Iglesias Sueiro na data 17/02/2016 14:45:36***





## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Interpelación** relativa á supresión de diversas frecuencias, horarios e a rebaixa das tarifas das liñas ferroviarias en Galicia.

Un medio de transporte como o ferroviario debería ser potenciado como prioritario polos distintos xestores públicos e gobernantes pola súa vertente de medio menos contaminante e público.

Porén, a política de prezos de ADIF fai que sexa o medio de transporte máis gravoso para as persoas que precisan viaxar . Isto, unido a restricións horarias, fai que as persoas viaxeiras descarten a opción do tren como medio de transporte, desbotando outras vantaxes coma comodidade, seguridade etc.

Ademais, nos últimos dous anos RENFE ven cambiando os horarios, e suprimindo frecuencias das liñas mais usadas como as de Ourense-Santiago de Compostela- A Coruña e viceversa e Vigo-Santiago-A Coruña, en repetidas ocasións. O recorte nos servizos, xunto ás altas tarifas dos billetes, e unha política de descontos pouco funcional, non se axeitán ás necesidades que os usuarios precisan do servizo público.

O recorte nas frecuencias en distintas liñas como Ourense-Santiago- A Coruña ou Vigo-Santiago-A Coruña ocasiona grandes problemas a moitos traballadores e estudantes que fan o percorrido a diario.



Por outra banda, as tarifas son das mais altas do Estado e de Galicia, en relación con outras lineais semellantes, o que fai que o servizo de ferrocarril non responda as necesidades dos usuarios e sexa pouco accesíbel para moitas economías e salarios. Por estas razón descende a ocupación dos trens, argumento que RENFE utiliza para xustificar a supresión de trens.

Tampouco é acertada a política de descontos con bonos moi restritivos polo escasísimo límite temporal de uso. Por exemplo, un bono de 10 viaxes é válido, unicamente, para 7 días naturais e que fai que, se unha persoas traballadora usa este bono e lle coincide cunha semana cun día non laborable, perda 2 viaxes pagadas e non viaxadas.

Na actual situación socioeconómica, precísase dun transporte ferroviario que facilite a mobilidade laboral e que teña tarifas axeitadas aos salarios dos traballadores e ás economías das familias e dos estudantes e unha política de descontos realista.

Galiza require unha boa comunicación xa que son moitos as persoas traballadoras, os estudantes e as persoas que se desprazan frecuentemente entre as dúas cidades, por cuestións administrativas, de saúde e incluso de turismo.

Outro punto que merece ser revisado son os trens que son utilizados de forma masiva para o desprazamento das persoas universitarias o que provoca que non haxa prazas suficientes e ditos trens non se vexan ampliados coa capacidade requirida para cubrir a demanda deses horarios e días.

Unha maior frecuencia de horarios e unha redución das tarifas das liñas, aumentaría o número de pasaxeiros e faría máis rendible o servizo.

Polo exposto formúlase a seguinte **Interpelación**:

1. Está o Goberno da Xunta tomando algún medida para reclamar a RENFE a reposición dos servizos suprimidos nas liñas principais que conectan as capitais galegas ou poboacións neurálxicas entre si?
2. Contempla a Xunta de Galiza reclamar ou realizar, polo seus propios medios, un estudo exhaustivo das necesidades dos pasaxeiros habituais das liñas principais de Galicia que sirva de base para axear a capacidade, necesidades, horarios, frecuencias e tarifas?
3. Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para reclamar a equiparación das tarifas das liñas de Galicia coas outras do Estado con características semellantes?
4. Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para reclamar a rebaixa e melloras da política de descontos de RENFE, nomeadamente os bonos das persoas viaxeiras frecuentes e mellorar ás súas condicións de uso ampliando o tempo de uso dos mesmos para que poidan ser útiles a un maior número de usuarios/as?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2016


*Asdo.:*

*Carmen Iglesias Sueiro*

*Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Iglesias Sueiro na data 17/02/2016 16:38:36**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Álvarez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Desde o 4 marzo de 2010, temos vixente a Lei de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria da xestación.

Segundo establece, pódese interromper a xestación nas primeiras 14 semanas, por petición da muller sempre que se cumbran os seguintes requisitos:

- Que a muller estea informada dos dereitos, prestacións e axudas públicas de apoio á maternidade (artigo 17).
- Que pasen polo menos tres días dende esa información ata a data da intervención.

Excepcionalmente, pódese interromper tamén a xestación por causas médicas;

- Sempre que non se superen as 22 semanas de xestación, e sempre que exista grave risco para a vida ou a saúde da embarazada e que isto conste nun informe médico feito con anterioridade á intervención por un especialista distinto do que vaia realizar a intervención.
- Que non se superen as 22 semanas e sempre que exista risco de graves anomalías no feto, e así conste nun ditame médico feito por dous especialistas distintos do que vaia realizar a intervención.



## Grupo Parlamentario

Pois ben, estes abortos do segundo trimestre, en xeral lévanse a cabo nos hospitais da Seguridade Social e son embarazos desexados, polo que cando se teñen que interromper, as mulleres están nunha situación psicolóxica moi delicada, pois non era o seu desexo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na Coruña no Hospital Teresa Herrera (Materno Infantil) estes abortos non se fan segundo os protocolos internacionais, e así se fixo chegar a responsables sanitarios do hospital hai máis de sete meses.

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto rexistrou un escrito dirixido o xerente, ás directoras médicas e de Enfermería, o 20 de xullo do 2015, onde se expoñían as condicións que se deben cumprir para ter una atención axeitada, segundo os protocolos internacionais.

A realidade é que non se tivo ningunha resposta e as mulleres que teñen que facer un aborto no segundo trimestre, non teñen a mesma atención ca nun parto.

Ao trauma de ter que interromper un embarazo desexado, cómpre engadirlle que van parir o feto morto sen posibilidade de anestesia epidural.

Ademais non se lles pode garantir que vaian ser atendidas durante todo o proceso por xinecóloga/a ou matrona, nin que vaian ter o expulsivo (parto) asistido nun paritorio e non na habitación de ingreso.

Este tipo de atención vulnera os acordos internacionais sobre os “Dereitos Sexuais e Reprodutivos” recoñecidos como Dereitos Humanos.

Polo exposto anteriormente as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego que está a cumprir coa Lei de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo?

## Grupo Parlamentario

2ª) Como se está a prestar a asistencia sanitaria nos casos de aborto que contempla a lei?

3ª) Que prestacións se ofrecen na rede sanitaria pública, e cales en clínicas privadas ou concertadas, e como se contempla esta atención en cada unha das áreas sanitarias de Galicia?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4ª) Utilízanse no Sergas os mesmos protocolos para todos os abortos que contempla a lei?

5ª) Que protocolos se utilizan no caso dos abortos no segundo trimestre de xestación, son os mesmos para todos os centros do Sergas onde se presta esta atención?

6ª) Recibiron algunha queixa na Administración sanitaria en relación coa atención aos abortos do segundo trimestre, no seu caso, que medidas se tomaron para solucionar esas disfuncións?

7ª) Cantos abortos se atenderon na rede Sergas durante os anos 2014 e 2015 en Galicia?

8ª) Cantos deles se practicaron en menores de 18 anos e cantos deles contaron con autorización dos proxenitores, cantos deles non e por que motivos?

9ª) Cantas mulleres das que se someteron a un IVE utilizaban algún método anticonceptivo e cantas non, e entre as menores de 18 anos?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**



---

**Grupo Parlamentario**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 17/02/2016 16:41:06**

**Carmen Gallego Calvar na data 17/02/2016 16:41:15**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 17/02/2016 16:41:25**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 17/02/2016 16:41:35**

---

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

**Consuelo Martínez García e Mónica Fernández Rodríguez**, deputadas do **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A Plataforma en defensa do dereito ao aborto de A Coruña denunciou a situación que atinxe as mulleres que teñen que interromper o seu embarazo pasadas 14 semanas de xestación no CHUAC.

No concreto, aquelas mulleres que contan cunha gravidez superior ás 14 semanas teñen dúas opcións para interromper o embarazo: facelo no Materno ou ir a unha clínica privada-concertada en Madrid.

Trátase de situacións nas que concorren algún dos dous supostos contemplados pola actual lei en vigor: malformación fetal ou problemas de saúde para nai.

Para interromper o embarazo no Materno, na área de xinecoloxía, non hai matróns/as, só persoal de enfermería.

A alternativa a esta realidade é que as mulleres sexan atendidas nunha clínica privado-concertada de Madrid na que o aborto prodúcese nun paritorio e coa supervisión dun/ha matró/a.

No Materno non se practicaban abortos, todos os/as profesionais declaráronse obxectores de conciencia e na Galiza non existían clínicas con licencia para practicar abortos a partir das 14 semanas.

Após sete meses desde a queixa presentada pola Plataforma en defensa do dereito ao aborto e perante o silencio da administración ante a vulneración do dereito ao aborto das mulleres que teñen como centro de referencia o CHUAC,



as deputadas que subscriben formulan a seguinte **Interpelación**:

1. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a atención nos servizos públicos sanitarios galegos ás mulleres que deben abortar?
2. Por que non hai matronas para atender ás mulleres que deben abortar despois da semana 14ª de embarazo?
3. Cando vai garantir o SERGAS o dereito destas mulleres a atención no CHUAC en condicións sanitarias dignas?
4. Cando vai cubrir o SERGAS as prazas de matrón/a e xinecoloxía necesarias para procurar a atención en todas as quendas ás mulleres que deben abortar despois da 14ª semana de embarazo?
5. Cando vai a habilitar o SERGAS un espazo para a atención a estas mulleres que inclúa a disposición dun paritorio?

Pazo do Parlamento, a 18 de febreiro de 2016


*Asdo.: Consuelo Martínez García  
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez  
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 18/02/2016 10:10:05**

**Mónica Fernández Rodríguez na data 18/02/2016 10:10:13**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Juan M. Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé M. Beiras Torrado**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Interpelación, sobre a situación da atención aos abortos naturais na Sanidade Pública:**

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto ven de facer público o incumprimento dos mínimos esixidos na atención ás mulleres cun aborto no segundo trimestre da xestación. O colectivo denuncia que tras a indución do parto, as mulleres vense obrigadas a parir ao seu fillo ou filla morta sen a debida asistencia especializada e a miúdo no propio cuarto onde se atopan hospitalizadas.

Esta situación de por si inadmisíbel e moi dolorosa no psicolóxico, vese acompañada pola ausencia de anestesia que acompañe o proceso de parto. Unha situación incomprensíbel, canto máis se a isto lle sumamos que a denuncia feita pública traslada que en troques de prestar esta atención tense mesmo ofertado o desprazamento fora da nosa Comunidade Autónoma para poder recibila.

A realidade denunciada é arrepiante: mulleres que perderon á súa filla ou fillo obrigadas a parir morto, en soidade e soportando dores. Un trato inhumano que evidencia abandono das obrigas sanitarias da Xunta de Galicia e conculcación dos dereitos á saúde e á integridade física e moral das mulleres.

Esta situación evidencia un claro maltrato institucional, unha forma máis de violencia contra as mulleres ante a que a Xunta debería dar contas.

Sen embargo, a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto denuncia tamén que foi no verán de 2015, fai medio ano, cando puxeron esta denuncia en coñecemento da administración autonómica, sen recibir resposta algunha nin ter mudado a situación dende entón.

Este feito, parece deixar claro unha ausencia de interese nun asunto que é ao parecer de este grupo gravísimo e que podería estar a reproducirse, segundo testimonios de mulleres, noutros centros da rede pública.

Ante a gravidade dos feitos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)** interpela para coñecer:

- 1.- O protocolo seguido na atención aos abortos no segundo trimestre de xestación no SERGAS.
- 2.- O motivo polo que hai mulleres que están parindo aos seus fetos mortos nunhas dependencias non axeitadas (habitación/baño) e sen persoal especializado para atendelas.
- 3.- O motivo polo que non se oferta anestesia epidural ou de outras índoles ás mulleres e os motivos para xustificar partos dolorosos físicamente.
- 4.- O número de centros onde se segue este procedemento (parto sen anestesia, sen persoal especializado, etc).
- 5.- O motivo para ofertar a atención correcta fora da nosa CA e non facelo no SERGAS con medios suficientes e adecuados.
- 6.- A valoración que fai a Xunta de Galicia sobre estes feitos que poderían considerarse de violencia contra as mulleres.
- 7.- O número de matronas existentes en cada centro hospitalario da rede pública e o número de partos e abortos atendidos en cada un de eles.
- 8.- As medidas que vai tomar a Xunta de Galicia para resolver esta situación.

Compostela, 17 de febreiro de 2016



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 18/02/2016 11:06:13**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/02/2016 11:06:21**

**Anton Sánchez García na data 18/02/2016 11:06:23**

**Ramón Vázquez Díaz na data 18/02/2016 11:06:26**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/02/2016 11:06:29**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 18/02/2016 11:06:31**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Interpelación**, relativa á cobertura do 100% das prazas de persoal vacantes no Sergas.

O Sergas segue a utilizar a oferta pública de emprego coma a mellor ferramenta para desmantelar a sanidade pública e conseguir a privatización.

A oferta pública de emprego presentada polo SERGAS na mesa sectorial do día 12 de febreiro de tan só 818 prazas, e ningunha para moitas categorías, ven por de manifesto, máis unha vez, a amortización de postos de traballo na sanidade pública e que seguen a aplicar a a taxa de reposición, e nalgunha categoría a oferta de emprego e nula desde o ano 2009.

Nos anos 201/11/12/13 só se cubriron o 10% das prazas vacantes, máis non se cubriron o 10% de todas as categorías, senón aquelas que a consellaría de sanidade autorizou a súa cobertura. Utilizaron este sistema para eliminar @s traballador@s dos servizos que quería privatizar e converter a sanidade en negocio. Condenando ao persoal ao desemprego e a emigración.

Á escasa convocatoria de prazas na OPE, hai que engadir que tampouco autorizan contratos estábeis de interinidade. Isto conleva que o persoal, para cubrir o mesmo posto, asine contratos cada 15 días, por días soltos, ou outras modalidades perversas. Con esta modalidade de contratación, obríganlle ao



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

persoal a facer unha xornada maior que a xornada SERGAS. Non se lle computa a diminución de xornada en función das noites realizadas.

É preciso devolverlle á sanidade pública o número de traballador@s necesari@s para prestar unha sanidade de calidade, agora diminuída, xa que por moito que maquillen os datos, as listaxes de espera seguen a medrar, ao igual que as derivacións á privada.

Esta política de persoal, e a falta de estabilidade laboral, incrementa a precariedade laboral e retributiva.

O Bloque Nacionalista Galego considera imprescindible a convocatoria do 100% das prazas vacantes desde o 2009 e a realización de contratos estábeis pola causa que motiva a contratación., por esta razón fórmulase a seguinte Interpelación:

-Coida que as 818 prazas anunciadas para a convocatoria de OPE 2016 resolven o problema de escasez de persoal no Sergas?

-Ten intención o Sergas de repoñer todas as prazas vacantes que se levan producido desde o ano 2009?

-Considera que a sanidade pública galega pode prestar a mesma calidade asistencial con miles de profesionais menos?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Por que non se convocan prazas de todas as categorías profesionais do Sergas? Quen vai realizar o traballo que desenvolvían @s profesionais das categorías que non se convocan?

-Por que non convoca todas as prazas estruturais ocupadas por persoal eventual con duración superior a un ano?

-Considera o Goberno galego admisíbel que unha administración pública leve a cabo prácticas laborais totalmente abusivas, de precarización, que obrigan a centos de profesionais da sanidade a estar continuamente pendentes do teléfono e a aceptar contratos indignos?

-Ten intención de modificar a política de contratación para eliminar estas prácticas?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores  
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Monserrat Prado Cores na data 18/02/2016 12:56:42**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa ao permiso dos 3 primeiros días de I.T do persoal sanitario

Coa aprobación da lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais, impúxose unha penalización retributiva consistente unha redución do 50% do salario d@s empregad@s públic@s nos 3 primeiros días de I.T, o persoal ten que presentar o parte de IT desde o primeiro día de ausencia por enfermidade, e procédese ao desconto na nómina do 50% do salario por eses días, medida que foi ratificada coa Lei de Emprego de Galiza.

Ao persoal que traballa para Función Pública non se lle aplica este criterio desde o ano 2012 e vimos de coñecer que a Consellaría de Educación tampouco vai aplicar esta penalización ao seu persoal.

Todo indica que esta penalización retributiva por enfermarse non se aplica a todo o persoal que presta servizos para a Xunta de Galiza, senón que depende da consellaría na que desenvolvan a súa actividade.

O traballo do persoal do SERGAS desenvólvese en contacto con persoas enfermas, polo que, por responsabilidade na prestación do servizo, as veces é imposible acudir ao traballo para non causar un mal maior. por iso resulta difícil entender a especial dureza coa que impón o SERGAS estes recortes negándose a negociar unha aplicación máis flexible da norma como fan outras consellarías.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por esta razón fórmulase a seguinte Interpelación:

Cal é a razón de que o SERGAS non aplique o permiso de 3 días por enfermidade, con xustificación médica e sen diminución retributiva, para o persoal que traballa na sanidade pública como fan outras consellarías?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores  
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 18/02/2016 16:46:50**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

As novas tecnoloxías deben servir para transformar a didáctica e para personalizar a educación, porque non todos os alumnos e alumnas teñen as mesmas posibilidades nin van ao mesmo ritmo na súa aprendizaxe, polo que están chamadas a permitir mudar a educación homoxénea e estándar que tiñamos ata o de agora.

A introdución das novas tecnoloxías nas escolas galegas ten como vantaxes máis acreditadas a educación personalizada, a motivación e a potenciación dos traballos en grupo.

O Grupo Socialista entende que a pesares da implantación paulatina das novas tecnoloxías que se ten producido nos centros educativos galegos, estas tan só chegan a alcanzar a unha parte do alumnado do ensino primario e do ensino secundario, e os recortes levados a cabo en educación nos últimos anos fixeron por desgraza que a velocidade desta introdución se vise freada de maneira importante.

Entendemos no Grupo Socialista que falta moito camiño por percorrer, e non debemos esquecer que estes novos mecanismos de aprendizaxe teñen que chegar a todas as idades, incluída a etapa da educación infantil, pois a introdución de elementos informáticos, como as denominadas “tabletas”, na educación infantil deben servir para reforzar os coñecementos e para potenciar a capacidade creativa do alumnado.

Experiencias como as que se están a vivir noutras comunidades autónomas fálannos da importancia que ten que a educación infantil sexa tamén partícipe dos novos retos da nosa sociedade, e Galicia non pode nin debe quedar atrás nestas novas experiencias de ensino.



## Grupo Parlamentario

Entendemos no Grupo Socialista que o Goberno galego debe facer unha aposta clara para que as escolas infantís de nosa comunidade autónoma, incluídas as escolas unitarias e os centros rurais agrupados dispoñan nas súas aulas de “tabletas” para que os rapaces e as rapazas poidan acceder en igualdade de condicións ás novas tecnoloxías vivan onde vivan, ou procedan do entorno social do que procedan.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Entende tamén o Grupo Socialista que formar ao profesorado no seu manexo e impartir asesoramento para que o seu uso se converta nun novo elemento de formación e xogo e tamén fundamental para que este proxecto se poida converter nunha experiencia que aporte maior compromiso coa realidade tecnolóxica actual.

Por todo iso os deputados e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Está considerando o Goberno galego a posibilidade de fornecer aos centros educativos que imparten a etapa de educación infantil coas denominadas “tabletas”?

2ª) De ser a resposta afirmativa, é consciente o Goberno galego de que o éxito dese proxecto estratéxico pasaría pola formación previa do profesorado que imparte a dita etapa?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 18/02/2016 16:53:29**



---

**Grupo Parlamentario**

**María Concepción Burgo López na data 18/02/2016 16:53:40**

**Emilio Vázquez Blanco na data 18/02/2016 16:53:44**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores e Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á precariedade laboral da mocidade galega.

Ter máis de 30 anos, un contrato de formación e cobrar 426 euros é unha realidade xeneralizada entre a mocidade galega grazas ás reformas laborais dos gobernos españois.

Este tipo de contratos non se dan só na mocidade de entre 20 a 24 anos, senón tamén en maiores de 29 anos, dándose o case de moz@s contratad@s aos 30 anos e que poden permanecer até os 33 con este tipo de relación laboral, dous anos ordinarios máis outro de prórroga.

As reformas laborais precarizaron a contratación en prácticas, eliminando o límite de tempo transcorrido entre a finalización de estudos e o contrato, desta maneira, os contratos en prácticas pódense aplicar a toda persoa menor de trinta anos, sen importar que os estudos que se van pór en práctica nese contrato finalizen, por exemplo, 10 anos antes. Por tanto, as empresas contratan mocidade altamente cualificada a prezo de saldo, e reciben subvencións públicas por contratar en modalidade de aprendizaxe e temporal.

Precarizaron as condicións dos contratos de formación até a extenuación e isto funciona tamén para maquillar as cifras de desemprego, a única cifra de contratacións que sube é a de contratos de formación!



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ademais coas reformas laborais permitiuse que as Empresas de Traballo Temporal tramiten os contratos de prácticas e aprendizaxe, rapiñando parte do salario de cada traballador/a.

Diante desta situación fórmase a seguinte Interpelación:

-Considera acaído o Goberno galego que con cartos públicos se financie a precariedade laboral da mocidade galega?

-Considera que é emprego digno e de calidade o emprego xuvenil baseado en fórmulas como o contrato de prácticas, de formación, fórmulas de non contratación como son as bolsas que substitúen postos de traballo?

-Que iniciativas ten tomado o Goberno galego para impedir a precariedade laboral da mocidade galega?

-Que valoración fai das actuacións que realizan as ETTs?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 18/02/2016 17:07:07**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 18/02/2016 17:07:12**



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA  
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓNS
  - 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS
-



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727